



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 87

**Sesión plenaria**  
23 de outubro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

**Punto 1.** Fixación do número dos membros da Cámara encargados da defensa da Proposición de lei, do Parlamento de Galicia, presentada perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, e posterior designación. (Art. 163.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia) (doc. núm. 31372, 09/PPLC-000014)

### **Punto 2. Mocións**

#### **2.1 37732 (10/MOC-000106)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Lago Peñas, José Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 34252, publicada no BOPG nº 349, do 31.08.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

#### **2.2 37737 (10/MOC-000107)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Umia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 36141, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

#### **2.3 37754 (10/MOC-000108)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redución da oferta educativa nos concellos. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 34790, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

### **Punto 3. Proposicións non de lei**

#### **3.1 34727 (10/PNP-002608)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura e Pesca para contrarrestar o efecto das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do anisakis

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

**3.2 36234 (10/PNP-002696)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos de Ence en Lourizán, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto do acordo de prórroga da concesión adoptado o 20 de xaneiro de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

**3.3 36650 (10/PNP-002723)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa Lei orgánica 11/2015 e coa Lei 41/2002, así como as actuacións que debe levar a cabo respecto do acordo parlamentario do 23 de novembro de 2016 referido á interrupción voluntaria do embarazo, a obrigatoriedade da educación afectivo-sexual no currículo escolar e o desenvolvemento de campañas de formación sobre métodos anticonceptivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

**3.4 36793 (10/PNP-002746)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á declaración oficial como praga da *Vespa velutina* na comunidade autónoma, así como dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que revise a versión aprobada pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade do 14 de novembro de 2014 e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o 16 de abril de 2015 denominada Estratexia de xestión, control e posible erradicación da avésa asiática ou avésa negra e trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia para que se aborde no seo da Unión Europea e definir unha estratexia comunitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

**3.5 36986 (10/PNP-002764)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electro-intensivas, previstas na disposición adicional centésima cuádraxésima quinta da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

**3.6 37671 (10/PNP-002809)****Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

**3.7 37693 (10/PNP-002811)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 4 deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa extensión da rede de puntos de encontro familiar a todo o territorio galego, así como a mellora do protocolo e condicións de acceso das persoas usuarias ás súas instalacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

**3.8 38250 (10/PNP-002844)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 deputados/as máis**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do precurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

**Punto 4. Interpelacións****4.1 35901 (10/INT-001193)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Sergas en materia de contratación de persoal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

**4.2 37366 (10/INT-001246)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa**

Sobre a política do Goberno galego en materia de estradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

**4.3 38081 (10/INT-001262)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e catro deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****5.1 38773 (10/POPX-000109)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias do persoal sanitario, asociacións de doentes, sindicatos, plataformas sanitarias e colexios médicos referidas á deterioración e privatizacións da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

**5.2 38774 (10/POPX-000110)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego do grao de cumprimento das previsións do Plan MOVE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

**5.3 38775 (10/POPX-000111)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as medidas comprometidas polo Goberno galego no plan de choque contra os incendios forestais que foron realmente executadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 33384 (10/POP-003846)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para atallar a situación de discriminación laboral por razón de sexo que se está a dar no servizo de limpeza da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

**6.2 38107 (10/POP-004477)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Tui-A Guarda, treito I: Tui (enlace A-55)-Tomiño (enlace PO-350)»

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

**6.3 38162 (10/POP-004488)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Nadela-Sarria. Desdoblamento da VAP Nadela-Sarria»

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

**6.4 38757 (10/PUP-000195)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dignificar as condicións laborais do sector da elaboración dos produtos do mar, diante da situación actual da negociación do seu convenio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

**6.5 35932 (10/POP-004244)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e oito deputados/as máis**

Sobre os trámites que debe seguir a Xunta de Galicia conxuntamente co Consorcio da Zona Franca de Vigo para o cumprimento dos prazos establecidos para a execución do proxecto de construción do primeiro campus de formación profesional na cidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 355, do 13.09.2018

**6.6 38146 (10/POP-004484)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns do incumprimento do catálogo de postos de traballo de mestres de educación infantil no Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

**6.7 37864 (10/POP-004439)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso da dotación á provincia de Lugo dun centro integral de referencia para as persoas diagnosticadas con trastornos do espectro do autismo, TEA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

**6.8 33469 (10/POP-003862)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis**

Sobre os programas da Xunta de Galicia destinados a incrementar o consumo de leite

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

**6.9 38724 (10/PUP-000194)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar no sucesivo episodios como a vaga de lumes que asolou Galicia en outubro de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

**6.10 38759 (10/PUP-000196)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das modificacións introducidas na política forestal, en materia de prevención e extinción de incendios forestais, un ano despois da vaga de lumes de outubro de 2017 e tras o remate da Comisión especial de estudo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

### ***Alteración da orde do día***

*O señor presidente somete á votación do Pleno unha solicitude de alteración da orde do día, por iniciativa dos catro grupos parlamentarios, ao abeiro do disposto no artigo 73.1 do Regulamento da Cámara, que consiste en incluír un novo punto, que sería o sétimo, para a tramitación dunha comparecencia urxente do señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, en relación coa situación da empresa Alcoa. A alteración apróbase por asentimento. (Páx. 14.)*

**Fixación do número dos membros da Cámara encargados da defensa da Proposición de lei, do Parlamento de Galicia, presentada perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, e posterior designación. (Artigo 163.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia). (Punto primeiro da orde do día.)**

*O señor presidente expón os requirimentos regulamentarios do procedemento. (Páx. 14.)*

*A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a palabra e comunica o desacordo do seu grupo en previsión da súa exclusión no trámite de defensa desta proposición de lei, polo que anuncia que non participarán na votación. (Páx. 15.)*

*O señor presidente explica o procedemento para a designación, que se fará mediante papeletas e voto en urna. (Páx. 16.)*

*A señora secretaria fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno, e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 16.)*

*Procédese ao escrutinio e finalmente o señor presidente comunica que resultan designados don Martín Fernández Prado (P), con 39 votos; don Antón Sánchez García (EM), con 14 votos; e don Luís Álvarez Martínez (S), con 14 votos. (Páx. 16.)*

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas á moción. (Páx. 17.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 17.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 20.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 22.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 23.)*

*O señor Lago Peñas (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 25.)*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Umia. (Punto segundo da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas á moción. (Páx. 26.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 27.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 30.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 31.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 33.)*

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 35.)*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redución da oferta educativa nos concellos. (Punto segundo da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas á moción. (Páx. 35.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 36.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 39.) e Sra. Chao Pérez (EM). (Páx. 41.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 43.)*

*O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 45.)*

### ***Votación das mocións***

*Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social de Galicia: aprobada por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións. (Páx. 46.)*

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Umia: rexeitado por 20 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións. (Páx. 47.)*

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redución da oferta educativa nos concellos: rexeitado por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 47.)*



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura e Pesca para contrarrestar o efecto das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do anisakis.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 47.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Salorio Porral (P).* (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 50.) e *Sra. Torregrosa Sañudo (EM).* (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 53.)

*A señora Salorio Porral (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 55.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos de Ence en Lourizán, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto do acordo de prórroga da concesión adoptado o 20 de xaneiro de 2016.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 56.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 61.) e *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 63.)

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 65.)

### ***Alteración da orde do día***

*O señor presidente comunica que foi retirada a proposición non de lei que figuraba en terceiro lugar na orde do día, polo que se pasa directamente á seguinte, pertencente ao G. P. dos Socialistas de Galicia.* (Páx. 67.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco e D. Raúl Fernández Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á declaración oficial como praga da *Vespa velutina* na comunidade autónoma, así como dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que revise a versión aprobada pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade do 14 de novembro de 2014 e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o 16 de abril de 2015 denominada Estratexia de xestión, control e posible erradicación da avésa asiática ou avésa negra e trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia para que se aborde no seo da Unión Europea e definir unha estratexia comunitaria.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 67.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Pérez Seco (S). (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 71.) e Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG). (Páx. 74.)

*O señor Pérez Seco (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 76.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electrointensivas previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 77.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 83.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 85.) e Sr. Casal Vidal (EM). (Páx. 87.)

*A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 89.)*

*Suspéndese a sesión ás dúas e catro minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.*

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 91.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Casal Vidal (EM). (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 95.) e Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 99.)

*O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 101.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa extensión da rede de puntos de encontro familiar a todo o territorio galego, así como a mellora do protocolo e condicións de acceso das persoas usuarias ás súas instalacións. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 106.), *Sra. Miranda Pena (EM)* (Páx. 108.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 109.)

*Nova intervención da señora Pierres López (S)*. (Páx. 111.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do precurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 112.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 119.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 121.)

*A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 123.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura e Pesca para contrarrestar o efecto das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do anisakis: *aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións.* (Páx. 126.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos de Ence en Lourizán, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto do acordo de prórroga na concesión adoptado o 20 de xaneiro de 2016: *rexeitada por 19 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 127.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á declaración oficial como praga da *Vespa velutina* na comunidade autónoma, así como dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que revise a versión aprobada pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade do 14 de novembro de 2014 e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o 16 de abril de 2015 denominada Estratexia de xestión, control e posible erradicación da avésa asiática ou avésa negra e trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia para que se aborde no seo da Unión

Europea e definir unha estratexia comunitaria: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 127.)

*O señor presidente anuncia a existencia dunha transacción na proposición que se vota a continuación e dálle a palabra á señora Nóvoa Iglesias (P) para que lea o texto resultante.* (Páx. 128.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electointensivas, previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros: *aprobado por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 128.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 129.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa extensión da rede de puntos de encontro familiar a todo o territorio galego, así como a mellora do protocolo e condicións de acceso das persoas usuarias ás súas instalacións: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 129.)

*O señor Torrado Quintela (S) intervén para solicitar a votación por puntos na seguinte proposición non de lei.* (Páx.) *A señora Prado Cores (BNG) intervén sobre esa proposta e, a seguir, mantense un diálogo sobre o texto e forma de votación.* (Páx. 130.)

*A señora Prado Cores (BNG) le o texto transaccionado e a súa división para a votación.* (Páx. 131.)

Votación do 1º punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do precurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 133.)

Votación do 2º punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do precurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas: *rexeitado por 19 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 133.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 133.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 137.)

Réplica da autora *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 141.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández do G. P. de En Marea, sobre a política do Sergas en materia de contratación de persoal.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx.143.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 146.)

Réplica da autora *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 151.)

**Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de estradas.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 153.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 155.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 160.)

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e tres minutos da tarde.*

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

*Ábrese a sesión.*

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Antes de entrar na orde do día, someto á consideración da Cámara, de conformidade co establecido no artigo 73 do Regulamento, a alteración da orde do día proposta conxuntamente polos catro grupos parlamentarios que integran o Parlamento de Galicia, consistente en incluír un novo punto, que sería o sétimo, para a tramitación das comparecencias urxentes. Neste caso, sería a comparecencia urxente do señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación de Alcoa e as accións levadas a cabo polo Goberno galego en defensa dos empregos, á que se acumula a instada polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, tamén do señor conselleiro de Industria, diante da confirmación do peche de Alcoa na Coruña.

Se non se manifestan obxeccións, enténdese aprobada por asentimento esta proposta, e, polo tanto, será tramitada mañá logo das preguntas ao Goberno. (*Apróbase por asentimento a alteración da orde do día.*)

É, polo tanto, o último punto da orde do día. Ao rematar as preguntas ao Goberno, tramitaríamos esta comparecencia.

E agora entramos na orde do día co punto primeiro.

**Fixación do número dos membros da Cámara encargados da defensa da Proposición de lei, do Parlamento de Galicia, presentada perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, e posterior designación. (Artigo 163.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia)**

**O señor PRESIDENTE:** Fixación do número de membros da Cámara encargados da defensa da proposición de lei.

Requírese a maioría absoluta, segundo o artigo 163.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Polo tanto, cómpre que a Cámara fixe o número de deputados ou deputadas que procederán á súa defensa no Congreso dos Deputados, nun máximo de 3. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A proposta é que sexan 3 —número máximo previsto no artigo 87.1 da Constitución española— o número de deputadas e deputados autonómicos encargados da súa defensa. Xa que logo, sométese ao asentimento da Cámara esta proposta.

*(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)*

Señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Quería solicitar a palabra con carácter previo a este punto —por iso lle insistía—, con base precisamente nos artigos 73 e 163. Se me dá a palabra, podo explicar...

**O señor PRESIDENTE:** Si, ten a palabra.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...por que quero facer esta consideración.

Antes de que se entre a debater este punto, nós queremos comunicar á Cámara que o noso grupo non vai participar nesta votación, porque non imos lexitimar unha pinza entre o Partido Popular, o Partido Socialista e En Marea que vai excluír o BNG da defensa dunha lei... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que, como saben todas e todos os deputados, foi escrita desde a primeira até a última liña polo BNG, na que demos unha batalla política para que esta lei sorteara todas as dificultades que se foron dando. Fixémolo con moitísima xenerosidade ao longo de todos estes anos que levamos de debate da transferencia da AP-9. Parécenos que, desde un punto de vista ético e democrático, a situación que se vai dar hoxe neste Pleno, desde logo, non é presentable. E eu creo que, en termos éticos, deixa a este Parlamento en moi mal lugar, entre outras cousas porque, ao final, van ir defender unha lei grupos que non cren nela, porque así nolo teñen dito e o teñen manifestado publicamente nas últimas semanas.

Van ir defender a transferencia da AP-9 grupos que estiveron vetando o debate, grupos que son responsables de que subiran as peaxes, e outros que nin tan sequera son capaces de condicionar os orzamentos do Estado a que se produza o rescate.

Polo tanto, nós, como nos parece que non é presentable que se exclúa o grupo que escribiu desde a primeira á última liña desta lei, imos abandonar este Pleno porque non imos participar dunha votación que eticamente nos parece fraudulenta, porque a democracia é moito máis que a aritmética..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e, se non hai principios éticos, desde logo, mal exemplo estamos dando á cidadanía. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Antes de que abandonen, quero dicirlle que isto foi tratado na Xunta de Portavoces. Tamén se contestou un escrito que remitiu a señora Pontón. En todo caso, segundo os Servizos Xurídicos e segundo a propia Presidencia, non hai irregularidade ningunha no que estamos tramitando agora.

Como ía dicindo, fíxase en 3 o número de deputadas ou deputados encargados da defensa desta proposición de lei presentada no Congreso dos Deputados.

A seguir, procederemos á designación das deputadas ou deputados encargados da defensa da proposición de lei perante o Congreso dos Deputados.

Estanse distribuíndo xa as papeletas para a votación da designación dun máximo de 3 deputados ou deputadas para a defensa da proposición de lei ante o Congreso dos Deputados. Cada parlamentaria ou parlamentario deberá escribir un só nome na papeleta distribuída, e resultarán elixidas ou elixidos os que teña maior número de votos. Se fora necesario, repetiríase a votación.

Supoño que todos vostedes... aínda se están repartindo as papeletas.

Seguidamente comezaremos a votación por chamamento, feito pola secretaria da Mesa, dona Raquel Arias.

Rógolle ao vicepresidente primeiro e á señora vicesecretaria que se sitúen a carón da urna para a recollida da papeleta.

Comezamos. Cando queira.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

*(A señora secretaria, Arias Rodríguez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Falta alguén por votar? Non. Pois procedemos ao reconto.

*(Procédese ao escrutinio.)*

**O señor PRESIDENTE:** O resultado da votación é: votos emitidos, 67; votos a favor de don Martín Fernández Prado, 39; votos a favor de don Antón Sánchez, 14; e votos a favor de don Luis Álvarez Martínez, 14.

Polo tanto, quedan designados para defender esta proposición de lei presentada no Congreso dos Deputados o señor Martín Fernández Prado, o señor Antón Sánchez e o señor Luís Álvarez Martínez.



Pasamos, polo tanto, ao segundo punto da orde do día, que se corresponde co de mocións.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Engadir o seguinte texto:*

*«Para estes obxectivos, ínstase a Xunta de Galiza a incrementar o seu compromiso de colaboración coa Inspección Laboral, así como a reclamar do goberno central a transferencia de todas as competencias na materia e o impulso dunha nova lexislación laboral e social que garanta maiores dereitos para a clase traballadora galega, a comezar pola derogación das reformas laborais e das pensións impostas desde o ano 2011.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Lago. Cando queira, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bos días.

Neste papel está o argumento fundamental para pedir o apoio dos grupos da Cámara á moción que presentamos para combater a precariedade, a pobreza laboral e a desigualdade.

É unha fotocopia da nómina de Carmela. É unha traballadora de Vigo que está empregada nunha das principais empresas do país do sector de elaborados do mar. ¿Queren saber canto gaña Carmela ao mes? Gaña 795 euros. Leva seis anos na empresa, ten un contrato indefinido, traballa a xornada completa, pero aínda así cobra 794 euros con 93 céntimos.

¿Pódese vivir de forma independente con este salario? ¿Pódese pagar un alugueiro, unha hipoteca? ¿Pódese pagar o recibo da luz, pódese comer, pódese ter ocio con este salario? ¿Pode Carmela tomar a decisión de ser nai con este salario?

Porén, Carmela pódese considerar unha privilexiada porque pertence á plantilla principal da empresa, o seu contrato é indefinido e traballa a xornada completa. E esa situación é excepcional entre as 8.000 mulleres que traballan no sector de elaborados de produtos do mar, porque as empresas de produtos elaborados do mar usan e abusan dos contratos temporais, das xornadas a tempo parcial, pero, sobre todo, usan e abusan da subcontratación para pagar salarios aínda máis baixos.

Entre o 70 % e o 75 % das mulleres que traballan no sector están contratadas a través de ETT, ou aínda peor, a través diso que se chaman empresas multiservizo, que teñen como obxectivo eludir os convenios colectivos. Por iso en Galicia hai miles de mulleres traballando neste sector tan importante para a economía do país que non chegan a 500 euros ao mes.

Carmela ponlle rostro á precariedade, pero nin vou dar o seu nome completo... (*Murmurios.*)

Vexo que a historia de Carmela lle interesa ben pouco ás bancadas do Partido Popular. É o desprezo habitual cara á clase traballadora. (*Aplausos.*)

Dicía que, sendo Carmela o rostro da precariedade, non vou dar o seu nome completo nin o da empresa na que traballa, porque non son unha excepción, non son un caso illado, nin sequer son unha irregularidade. Non, a situación de Carmela é a norma, a situación habitual e mesmo legal na que traballan e viven miles de mulleres no noso país, con precariedade e pobreza laboral.

A precariedade xa é unha característica estrutural do mercado de traballo en Galicia. Só 47 de cada 100 persoas afiliadas ao Réxime xeral da Seguridade Social ten un contrato indefinido e a tempo completo, 47 de cada 100. Polo tanto, 53 de cada 100, máis da metade da poboación asalariada do sector privado do noso país, está en precariedade, traballa con contrato temporal, traballa a tempo parcial, traballa como fixa discontinua, traballa con contrato de prácticas ou formación. É unha precariedade xeneralizada pero que afecta de forma especial ás persoas máis novas e ás mulleres.

Precariedade que, loxicamente, se transforma en pobreza laboral, porque a crise, pero sobre todo a xestión neoliberal da crise —reformas laborais incluídas—, son responsables de que na Galicia do século XXI volva haber traballadores e traballadoras pobres, persoas que a pesar de ter traballo non poden vivir de forma independente.

Hai rexistros que non están suxeitos a discusión. A estatística do IRPF di que en Galicia hai 450.000 persoas asalariadas que ingresaron menos de 900 euros ao mes en 2016; son a metade dos que traballan como asalariados ese ano en Galicia. Por iso dicimos que a metade da clase traballadora galega está en precariedade.

É certo, xa sei que vai contestar o Partido Popular, que moitas destas persoas traballan unhas horas ao día, uns días á semana, uns meses ao ano; pero é que iso é exactamente a precariedade laboral: traballar con baixos salarios a tempo parcial ou con contratos de moi curta duración.

Precariedade, pobreza laboral e desigualdade, porque as políticas da dereita teñen agrandado as diferenzas ata niveis descoñecidos na historia recente do noso país, tamén no mercado de traballo.

Cos datos do IRPF sabemos que o 1 % que máis gaña acumula unha masa salarial superior ao do 31 % que menos gaña. Isto é, 13.000 persoas cobran máis que 312.000 persoas no noso país. As elites, a minoría social, gaña 65 veces máis... —recordo eu que se falaba dunha escala salarial xusta cando era de un a tres e medio— que os que teñen salarios máis baixos.

A precariedade, a pobreza, a desigualdade, non son efectos colaterais nin un prezo a pagar de forma inevitable pola crise. Non é así. Esta deterioración social, a transición dun mercado de traballo precario a unha sociedade precaria, é a consecuencia da devaluación interna, das reformas laborais impostas co obxectivo de reducir os dereitos laborais co fin último de baixar os salarios.

Volvo á nómina de Carmela. Carmela é unha heroína porque este mes cobrará aínda menos. Cobrará menos porque onte estivo en folga e mañá estará en folga. Por cada día que está en folga, Carmela perde 50 euros. Deses 794, cada día que está en folga perde 50 euros. Ela e as 7.000 mulleres que onte de forma heroica protagonizaron unha enorme folga exitosa na comarca de Vigo. (*Aplausos.*) Fixeron onte unha folga e volverán facela mañá; unha folga para intentar negociar un convenio colectivo que está sen actualizar dende 2015 pola cerrazón da patronal. Para iso serven as reformas laborais, para debilitar a negociación colectiva, para darlles máis poder aos empresarios, para desequilibrar aínda máis as relacións laborais.

¿Sabem como se chama a patronal do sector de elaborados do mar? Conxemar. Seguro que lles soa. Son os que organizan a Feira Conxemar, onde poñemos moitos cartos públicos, onde as empresas presumen da súa potencia, da súa internacionalización, dos seus produtos, da súa enorme rendibilidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E a nós parécenos ben presumir de país e presumir de empresas. Pero ¿podemos presumir das condicións laborais das persoas que traballan nese sector? ¿Pode Conxemar poñer un stand na feira para explicar cales son os salarios das persoas que traballan nese sector? ¿Pode presumir de salarios de 795 euros, de precariedade laboral, de abusiva subcontratación con ETT? E unha pregunta para nós: ¿un país decente pode presumir de empresas pero agochar a realidade laboral na que viven as súas empregadas?

Nós non nos resignamos a que o presente e o futuro do mundo do traballo en Galiza sexa a precariedade, a pobreza e a desigualdade. Por iso traemos esta moción, trasladándolle á Xunta as demandas do Consello Económico e Social de Galicia. Non de En Marea, senón do Consello Económico e Social de Galicia, onde están empresarios, sindicatos e o terceiro sector. Demandas do CES nas que plantexa a necesidade de avanzar nun modelo de crecemento inclusivo, con menos desigualdade, e unha redistribución máis xusta da renda, que pasa —dío o CES— pola mellora da calidade do emprego.

Remato. Cando negociamos situar o salario mínimo interprofesional en 900 euros pensabamos en Carmela; nas 8.000 mulleres que traballan no sector de produtos elaborados do mar; nas 55.000 persoas que en Galicia ingresan menos de 900 euros traballando a tempo completo; nas máis de 100.000 que non chegan a eses ingresos en parte porque traballan a tempo parcial.

Un salario mínimo de 900 euros non resolve o problema da precariedade e da pobreza laboral, xa o sabemos, pero é un paso importante na dirección correcta. Por iso non se pode entender que o presidente do Partido Popular de España se mostre tan belixerante contra este aumento do SMI.

Cando votemos esta moción gustárame que tiveran no seu pensamento a Carmela, a súa nómina, para que o Partido Popular decida de que lado está: se está do lado de Carmela ou

do lado da indecencia; se está do lado das persoas que a pesar de traballar non saen de ser pobres ou das posicións reaccionarias, retrógradas e, sobre todo, clasistas de Pablo Casado. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día.

Eu quixera comezar parabenizando as traballadoras, en feminino, do mar, que nos deron onte unha lección de dignidade, e desexarlles todo o noso ánimo e o apoio en nome do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Hai unha cuestión na que esta semana, na que imos iniciar a tramitación dos orzamentos da Xunta de Galiza, debemos reflexionar, debemos pararnos a pensar un pouco sobre ela, que é o reparto da riqueza, e como se está producindo e como debería producirse. É evidente que o cadro macroeconómico leva un tempo medrando. Tamén é evidente que é así por unha inercia estatal e tamén a nivel global europeo. Non é que teña unha variña máxica o señor Valeriano Martínez que faga que iso se produza. Pero esa tendencia está aí. E diante desa tendencia un goberno pode facer dúas cuestións: pode quedar sentado e mirando para outro lado, permitindo que se siga agrandando a desigualdade social, que é coartada da crise socioeconómica dos últimos dez anos e que só fixo medrar estrepitosamente, ou pode arbitrar mecanismos para que a redistribución da riqueza sexa realmente unha redistribución e non unha cronificación da pobreza. Porén, o Partido Popular decidiu no Estado, pero tamén na Xunta de Galiza, coas súas políticas económicas e laborais, acollerse á primeira opción, á opción do *status quo*, e de permitir que esta situación se fora agravando. E déixanos, pois, unha realidade laboral e social que é moi preocupante e que incluso organismos como o CES recollen. Aínda que discrepo co señor Lago sobre as súas solucións, porque o certo é que se molla ben pouco o CES. Podería mollarse moito máis, pero precisamente a súa composición fai que non o faga. Pero tamén fai que teña moita máis solidez e «credibilidade» —entre comiñas— esa diagnose que fai e que, polo tanto, deba prestar a atención de todos os axentes. Porque hai cuestións que son absolutamente innegables.

E referireime a dous factores, a dous indicadores, que para nós son moi relevantes e que, ademais, as forzas sindicais transformadoras están poñendo agora con acerto enriba da mesa. Un deles é a diferenza que estamos vendo entre o medre dos salarios no PIB e o medre do excedente bruto de explotación das empresas, e outro é a temporalidade. Estas dúas cuestións están intimamente relacionadas. A temporalidade non é o único factor que explica que eses beneficios das empresas medren e teñan máis peso no PIB que o que se refire á masa salarial dos traballadores e traballadoras, pero si que é certo que é un dos factores que acrecenta que iso vaia sucedendo así.

E ¿de que falamos cando contrapoñemos o que se chama en termos económicos «excedente bruto de explotación» e a remuneración dos asalariados, que soa como algo moi complexo? Pois é algo tan sinxelo como o reparto da riqueza. E falamos de que, no reparto desa tarta,

mentres aumentan os excedentes das empresas vemos como os salarios das e dos traballadores perden peso por quinto ano consecutivo. E isto é moi grave, isto comezou cunha tendencia que vén de lonxe pero que comezou a agudizarse precisamente nos anos máis intensos da crise, onde por fin se deu ese transvase que deixa uns poucos beneficiados e moitos prexudicados e prexudicadas. E máis aínda cando esas estatísticas que falan desa remuneración dos salarios inclúe tamén todo o que ten que ver coas cotizacións, todo o que ten que ver con esa semente que no futuro artellará as pensións. E podería vir alguén a dicirnos que somos uns cenizos, que xa está a esquerda nacionalista vaticinando catástrofes e que isto en abstracto é moi bo porque permite que as empresas poidan xerar máis e mellores postos de traballo. Pero é que iso sobre a teoría económica é posible, pero na realidade vital que ten este país iso non está pasando. O certo é que se debe á precariedade crecente, unha precariedade patrocinada, ademais, de forma consciente polas reformas laborais do Partido Popular e do Partido Socialista, patrocinada pola ausencia de políticas activas do Partido Popular na Xunta de Galiza para o fomento do emprego e da inspección; patrocinada tamén por factores como o peso crecente dos falsos autónomos e autónomas e unha devaluación salarial intensificada pola crise pero que algúns e algunhas queren que quede para sempre. E, polo tanto, ese excedente, esa diferenza entre eses excedentes e a remuneración da clase traballadora é o que explica por que no capitalismo lles vai tan ben a uns e tan mal a outras.

En resumo, pois temos unha situación laboral que patrocina esta situación. Só por falar da temporalidade, no 2017, por exemplo, o 92 % dos contratos foron temporais. Poderíamos poñer moitos máis datos, pero o certo é que o legado do señor Feijóo é que aumenta a taxa da temporalidade, e máis nas mulleres, máis nos tramos de 25 a 29 anos e así un longo et-cétera.

¿É este o crecemento san, igualitario e sostible que nos defende o Partido Popular cando vén aquí a argumentar a súa política económica? Pois, desde logo, nós non concordamos en absoluto. E concordamos co espírito e con boa parte da intervención que fixo aquí o señor Lago, pero o certo é que emendamos esta moción porque nos parecía un pouco insuficiente. Recolle dúas afirmacións do CES, dúas afirmacións coas que en abstracto podemos concordar. Pero en abstracto o Partido Popular non ten o máis mínimo escrúpulo en vir aquí e dicir que eles xa están facendo ese crecemento igualitario. Polo tanto, nós, sumándonos a pensar nas moitas carmelas deste país, poñemos no papel unhas cuestións que nos parecen fundamentais, deberes para a Xunta de Galiza: outra política laboral, reforzo da inspección e demandar as competencias de inspección para aplicarlas no noso país. E para o Estado tamén, porque está moi ben apostar por subir o salario mínimo interprofesional. Pero tamén entendemos que a vida das moitas carmelas que hai no noso país non mellorará cualitativamente se non derrogamos todas as reformas laborais e das pensións que desde 2011 que aplicaron Partido Popular e Partido Socialista.

Polo tanto, queremos con esa emenda contribuír a que esta proposta da que falamos hoxe non quede só nun desiderátum e quede nunha realidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

En primeiro lugar, tamén dende o Grupo Socialista lles mandamos ánimos a esas empregadas do mar. E, en segundo lugar, e moi en relación coa moción que estamos a debater, dende este Grupo Socialista lamentamos unha nova morte en accidente laboral en Galicia e mandamos un forte abrazo á familia do chofer de Taramundi que onte perdeu a vida na Ponte-nova. *(Aplausos.)*

Os accidentes laborais están a crecer en número e por iso os socialistas presentamos en varias ocasións iniciativas para potenciar a posta en marcha da Estratexia galega de saúde e seguridade laboral, para que se desenvolvan coherentemente e de xeito coordinado as políticas en materia de prevención de riscos laborais co fin de diminuír o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais así como de incrementar o orzamento dedicado a tal fin como mínimo ata os niveis de 2011.

Reducir o número de accidentes laborais é tamén unha parte importante para lograr un emprego de calidade. A principios deste ano 2018 o conselleiro de Facenda facía as seguintes declaracións nesta Cámara: «O noso obxectivo é continuar creando emprego de calidade e rebaixando a taxa de desemprego». ¿A que lle chama a Xunta de Galicia «emprego de calidade»? ¿Como poden facer estas declaracións cos datos pechados do ano 2017? ¿Realmente pensan que a clase traballadora está a notar esa recuperación da que vostedes están a falar? ¿Non cren que xa é o momento de que esa recuperación económica da que vostedes tanto presumen traia emprego de calidade, máis e mellor traballo e mellores servizos públicos para que o beneficio se traslade ás persoas? Empecen dunha vez por todas a poñer enriba da mesa as persoas por riba dos números, que levan todos estes anos ao revés, primando os números sobre as persoas, rendendo contas a Montoro á custa da clase traballadora. *(Aplausos.)*

Pero voltando á pregunta de se realmente pensan que a clase traballadora está a notar nos seus fogares esa recuperación económica da que vostedes están a falar xa lles contesto eu que non. E, como proba, un exemplo sacado da memoria do Consello Económico e Social de Galicia sobre a situación económica e social de 2017. En 2017 houbo en Galicia 76 folgas, 19 máis que no ano anterior. É a cifra a máis elevada dos últimos vinte anos. Estas folgas trouxeron 169.000 xornadas non traballadas. E non terei que explicarlles, señorías —como así aconteceu que lles tiven que explicar durante a folga feminista do 8 de marzo aos seus compañeiros do grupo popular municipal do meu concello—, que se estás en folga a relación laboral está suspendida. Non traballas, pero non cotizas nin cobras. *(Aplausos.)* Polo tanto, se os traballadores perden salario con estas folgas é porque están a loitar pola recuperación de dereitos laborais previos á crise. Xa sabemos que o PP loita en contra doutros dereitos e leis progresistas aínda que despois, paradoxicamente, son os que máis as empregan.

Os datos que dá a memoria do Consello Económico e Social de 2017 son contrarios frontalmente ao emprego de calidade. A capacidade de recuperación do emprego en Galicia é

inferior á do conxunto do Estado. No 2017 Galicia recuperou 5,6 puntos porcentuais de afiliación perdida fronte a 10,1 puntos recuperados de media en España. Pero é que neste ano 2018 se está a repetir. España tiña, no segundo trimestre de 2018, 200.000 ocupados máis que nove anos antes. Galicia ten 77.000 menos. En Galicia, no ano 2017, existía un 8,8 % menos de afiliados en alta que os rexistrados en 2008, unha porcentaxe que é o dobre do que se observa no conxunto do Estado. No período 2008-2018 a poboación activa galega reduciuse un 5,1 %, 66.500 persoas, un descenso catro veces superior ao do conxunto do Estado. Nos últimos anos, o número de asalariados con contrato temporal aumenta en maior medida que os asalariados con contrato indefinido. A taxa de temporalidade é 27,8 % no sector privado. A ocupación a tempo parcial segue a ser un fenómeno eminentemente feminino. O 60,6 % das persoas ocupadas a tempo parcial son mulleres.

Coa reforma laboral de 2012 creouse a figura dos chamados «traballadores pobres», aqueles que tendo un contrato de traballo non chegan a final de mes. O 18,5 % dos asalariados en 2016 declaran unha percepción inferior á metade do salario mínimo interprofesional. Hai un incremento dos convenios de empresa sobre os sectoriais, que permiten unha modificación case unilateral por parte da empresa.

Para poder derrogar a reforma laboral necesítase un consenso máis amplo, pero non é igual que gobernen uns a que gobernen outros. Mentres uns crean emprego precario outros apostan por un emprego de calidade. É importante sinalar as melloras realizadas polo Goberno estatal: recuperación do subsidio para maiores de 52 anos, afloración, só en xuño, de 8.000 falsos autónomos e regularización dos mesmos —que se espera que cheguen a 40.000— e a revalorización das pensións de acordo co IPC. E no pacto acordado entre Podemos e PSOE —que esperamos que sexa aprobado por outros grupos—, entre outras medidas, como xa se comentou, está a suba do salario mínimo interprofesional, a prevalencia do convenio sectorial sobre o de empresa e a reanudación do convenio colectivo.

Remato, presidente.

Non, señorías, non é igual que governe un partido ou outro. É unha pena que a Xunta de Galicia pasara unha nova oportunidade de apostar por un emprego de calidade con estes orzamentos da Xunta que acaban de presentar para 2019. A Xunta de Galicia sitúa Galicia lonxe do nivel presupostario de 2009 pese a que o produto interior bruto galego creceu desde entón.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

A verdade é que non sei se acabamos de escoitar a voceira do Partido Socialista ou é que Podemos nesta Cámara fala en nome de varios grupos. Eu creo que é tanta a simbiose entre Podemos e o Partido Socialista que agora o discurso do Partido Socialista está escorándose de forma máis que preocupante.

Eu teño que lerlle, señor Lago, a súa proposta, a proposta que se somete hoxe a debate, que non é outra que instar a Xunta de Galicia a dar resposta ás demandas que formula o Consello Económico e Social de Galicia na súa memoria relativa á situación do ano 2017. E demándase que se avance cara a un modelo de crecemento máis inclusivo, con menos desigualdades e cunha distribución da riqueza máis equitativa, e a necesaria mellora da calidade do emprego, especialmente no que atinxe á alta temporalidade, a curta duración dos contratos e a alta rotación.

Dígoo porque vostede falou de moitas cousas menos da súa proposta en si mesma, e polo tanto eu quixen recordar o texto para dicirlle, señor Lago, que, a pesar da súa intervención, o Grupo Popular vai votar a favor desta iniciativa. Eu síntoo, porque igual lle amargamos a mañá, pero imos votar a favor. *(Aplausos.)* Imos votar a favor deste texto que nos traen basicamente por un motivo moi sinxelo, e é que vostedes piden o mesmo que leva tempo facendo a Xunta de Galicia, ¡exactamente o mesmo, exactamente o mesmo! O que piden é o mesmo que levamos facendo para mellorar as condicións laborais dos traballadores, para reducir as desigualdades que acentuou a crise económica e para que o crecemento económico chegue dun xeito cada vez maior, cada vez máis efectivo, ao conxunto dos galegos e das galegas. ¡Claro que estamos de acordo! E, polo tanto, instan vostedes a que se faga o que xa se fai. E nós estamos a favor, por suposto que si.

Mire, fala vostede de precariedade de soldos. Eu teño que recordarlle un gran exercicio de responsabilidade que fixeron no noso país os axentes sociais durante todos estes anos de crise. No 2010 —e vostede sábeo porque estaba en Comisións Obreiras— os axentes sociais firmaron un acordo de moderación salarial co Goberno de España, renovado despois no ano 2012. Polo tanto, ese foi un exercicio de responsabilidade que permitiu que, durante unha crise na que se destruíu emprego de forma masiva, fósemos capaces de frear esa destrución de emprego e reverter o ciclo da economía española. É un logro de todos a recuperación económica, é do Goberno, que se atreveu a facer reformas laborais —primeiro o socialista e despois o goberno do Partido Popular—, pero tamén cos axentes sociais chegamos a esta situación.

A min gustaríame que na súa intervención falase das carmelas, das moitísimas carmelas que perderon o seu emprego durante esta crise cando gobernaba o Partido Socialista. Esas tamén nos preocupan a nós, pero preocupábannos xa daquela e diciámolo, diciámolo. Polo tanto, non é o mesmo crear emprego que destruír emprego. Non é o mesmo destruír e crear 5 millóns de desempregados en España, que foi o que fixo o goberno socialista, que crear 1,5 millóns de postos de traballo, que foi o que fixo o goberno do Partido Popular *(Aplausos.)* ¡Non é o mesmo, non é o mesmo!

E eu teño que dicirlle que no seu discurso atopo grandes incoherencias; grandes incoherencias non no que vostede dicía, senón entre o que vostede dicía e o que o seu grupo fai. É que



non se pode desenrolar ese discurso de preocupación polo emprego, sobre a precariedade laboral, e ao mesmo tempo vir a esta Cámara e pedir que se peche Ence, que se peche Elnosa, que se peche Reganosa, que se peche a central térmica das Pontes ou a de Meirama. O outro día un deputado do seu grupo dicía que vostedes non son herdeiros de AGE, que nada teñen que ver co grupo anterior. ¡Oia, oia, non nos tomen o pelo! Eu pido coherencia entre o que se di e o que se fai. E, polo tanto, nós reivindicamos un emprego cada vez de máis calidade, un emprego que estea á altura das circunstancias. Pero reivindicámolo porque hoxe o problema non é o emprego, é a calidade do emprego. Cando gobernaban os seus socios —con estes cos que vostedes fan xestións nos cárceres para aprobar os orzamentos—, vostedes non dicían nada e destruíanse empregos non a milleiros, senón a millóns, ¡a millóns! (*Murmurios.*)

Polo tanto, eu creo que esa coherencia supón que ao mesmo tempo... (*Pronúnciase palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Se están no cárcere é porque o decidiu un xuíz. Eu supoño que agora respectaremos a independencia xudicial.

Polo tanto, eu pido coherencia entre o que se di e o que se fai, e se un defende o emprego ten que defender todos os empregos. Un non pode vir aquí a esta Cámara a pedir o peche de empresas, a pedir o peche de Ence, a pedir o peche de Elnosa, a pedir o peche de Reganosa, a pedir o peche da central térmica das Pontes, a pedir o peche da central térmica de Meirama, a estar en contra da ampliación de Citroën. Non se pode ter ese dobre discurso. Non é posible, non é razoable.

Nós estamos, igual ca vostedes, igual de preocupados pola precariedade laboral. Queremos cada vez máis emprego e que ese emprego sexa cada vez de máis calidade, e imos seguir traballando nesa dirección, gústelle ou non ao señor Sánchez.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Polo grupo autor da moción, o señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Sempre me fai graza cando o Partido Popular fai un listado de todas as empresas que seguen abertas no noso país. Debería traer o listado de todas as empresas que cerraron ou están ameazadas de cerrar neste país —esa é a lista que nos gustaría coñecer, señor Tellado— gobernando o Partido Popular. (*Aplausos.*) E vou recordar aquí a miña favorita: Calvo (Esteiro) (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non queren, pero pechan, pechan gobernando vostedes. E esa lista que pecharíamos nós goza de perfecta saúde.

Segundo, o CES di que hai que facer algo, avanzar nun modelo inclusivo de crecemento, combater a precariedade laboral, repartir mellor, distribuír mellor a riqueza xerada. Cando

ti dis que hai que facer algo é porque non se está facendo. Parece unha lóxica clara. Se o CES lle recomenda á Xunta de Galicia que mude a súa política para avanzar nun modelo inclusivo, é que non está respaldando o que fai o Goberno.

Así que benvidos a esta posición, a En Marea non lle molestan os consensos. E ademais ata me gusta terlle dado a oportunidade de deixar a Pablo Casado só nesa posición reaccionaria e clasista. Polo menos vostedes senten un pouco de vergonza para non compartir esas posicións do presidente do seu partido, que é unha persoa antisocial.

Señor Tellado, ten razón. O grupo confederal de En Marea, Unidos Podemos e En Comú Podem temos 71 deputados no Congreso, e polo tanto somos unha forza decisiva no Congreso. Somos unha forza decisiva na configuración dunha alternativa de esquerdas e progresista ao Partido Popular. *(Aplausos.)* ¡Claro que o somos, e ben orgullosos que estamos diso! Grazas a nós, grazas a nós, existe un acordo orzamentario que vai máis alá, que é un acordo de lexislatura; un acordo que inclúe 900 euros de salario mínimo e que o señor Pablo Casado dixo que vai facer todo o que poida para que iso non se chegue a producir.

Estamos orgullosos, pero ten razón Noa Presas cando di que é insuficiente. Se non foran 84-71, senón 86 de Unidos Podemos e 71 do Partido Socialista, derrogariamos as reformas laborais de 2011 e de 2014. Aínda non temos a forza suficiente para facelo, pero co apoio das carmelas, co apoio dos sindicatos, co apoio da clase traballadora, teimamos en ter esa maioría.

Non é unha situación contraditoria coa intervención de Noa Presas porque a comparto plenamente, comparto mesmo a súa posición de que efectivamente non só é o salario mínimo senón mudar a realidade laboral, combater a precariedade, derrogar as reformas laborais, non teño dúbidas. Pero a orixe desta iniciativa era traer a esta Cámara —como ela tamén dixo— o que di o Consello Económico e Social de Galicia; isto é, os empresarios, os sindicatos e as organizacións do terceiro sector. Esa é unha proposta que, polo tanto, non é de En Marea, non é de parte. É unha posición de consenso dos axentes económicos e sociais do noso país. Nós, nese sentido, non aceptaremos a emenda, porque o que pretendemos é que esa posición, na que o CES lle exige á Xunta de Galicia —e agora o Partido Popular xúntase a esta posición— que cambie o seu modelo para avanzar nun modelo inclusivo que combata a precariedade e mellore a distribución da renda, é mellor, pensamos, que se aprobe como tal e non introducir modificacións. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Umia**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

### Emenda de modificación

*Débase substituír a parte resolutiva da moción que quedará redactada co seguinte contido:*

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Intensificar as análíticas de seguimento de cianobacterias nos seis puntos de control existentes no río Umia.*
- 2. Dotar de inmediato, en colaboración cos concellos afectados, de medidas de protección efectivas contra a cianobacteria Microcystis (cando menos filtros de carbono) ás ETAP situadas na zona de risco (Portas, Vilagarcía, Mancomunidade Salnés...) e facerse cargo dos custos.*
- 3. Realizar un estudo epidemiolóxico para determinar as posibles incidencias sobre a saúde da poboación, tanto do contacto como do consumo continuado de auga con cianobacterias.*
- 4. Informar de inmediato ao Parlamento galego sobre a situación dos pagos que lle corresponde realizar á empresa á Xunta de Galicia, derivados da concesión administrativa para o aproveitamento hidroeléctrico do encoro do Umia.*
- 5. Presentar un informe no Parlamento galego con todas as actuacións realizadas no río Umia, os seus custes e resultados, tamén sobre o chamado “Plan de xestión Integral para a bacía do río Umia, ‘Plan Umia’, actuacións con cortiza de eucalipto...”.*
- 6. Elaborar, antes de que remate o ano 2018, un proxecto integral de coidado e atención do encoro da Baxe que permita que a auga estea nas mellores condicións e que evite o sobrecusto en abastecemento que está a asumir o Concello de Caldas de Reis.*
- 7. Encargar, antes de que remate 2018, a limpeza da canle do río Umia e do fondo do encoro da Baxe.*
- 8. Facilitar, de maneira continuada, aos representantes de todos os concellos da conca do río Umia toda a información referida ao encoro da Baxe e á canle do río, favorecendo a coordinación entre administracións.”)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Moi bo día.

Quero, en primeiro lugar, saudar a representación que nos acompaña no público, representantes de concellos de Caldas e de Moraña, que veñen aquí, desde logo, a manifestar a súa preocupación pola situación de alarma do río Umia, do encoro do Umia; unha situación á que non deu respostas, na súa intervención no Pleno, a conselleira de Medio Ambiente e polo que pedimos a adopción de medidas radicais, de medidas eficaces, para acabar con este grave problema, para responder á alarma, á grande alarma e preocupación social que hai

pola contaminación do encoro e do río Umia, pola acumulación de cianobacterias e pola contaminación por microcistinas que deu lugar á declaración de alarma por parte de Augas de Galicia o 6 de xullo e tamén posteriormente á prohibición do baño.

Vostedes din que se exaxera, que non hai razóns para a alarma. Pero cando prohiben o baño nas augas do Umia é que algo está pasando. Estamos diante dun problema coñecido, recorrente, crónico, pero non por iso menos preocupante; un problema, ademais, que é coñecido desde hai doce anos e está aínda sen resolver pola responsabilidade, única e exclusivamente, da Xunta de Galiza. Estamos diante dun asunto turbio, dun asunto moi turbio, que é resultado dunha grande estafa, a estafa do encoro da Baxe, no Umia; unha obra que foi promovida e executada pola Xunta de Galiza en contra da maioría da poboación da contorna, e tamén en contra das decisións adoptadas polos plenos das corporacións dos concellos afectados, aínda que logo —hai que dicilo tamén— algúns alcaldes si que subiron á lancha pneumática acompañando o señor Cuiña no paseo inaugural. É unha obra supostamente de utilidade pública que realmente se converteu nunha obra de utilidade privada e que non resolveu ningún dos problemas que supostamente ía arranxar: nin a garantía de abastecemento aos concellos da bacía do Umia nin tampouco a regulación do caudal e prevención das enchentes do río, como vimos ao longo de todos estes últimos anos.

Non resolveu ningún problema e creou outros novos e moi graves. En definitiva, o que fixo foi transformar un río vivo, como era o Umia, nun río tóxico, nun río contaminado, gravemente contaminado. ¡Nin querendo se pode facer tanto mal xunto!, con todas as decisións que tomaron desde os gobernos do Partido Popular a respecto do río Umia e do encoro. E a estas alturas quedou absolutamente claro que o verdadeiro obxectivo do encoro era o negocio de aproveitamento hidroeléctrico por unha empresa privada. Esa era a verdadeira razón de ser desta obra: negocio para unha empresa privada e desastre e desfeita para o río e para a poboación; porque, como dicía, o encoro creou graves problemas ambientais e sanitarios, creou riscos pola alteración no ecosistema, no encoro, no río, e con probables e potenciais afeccións tamén á ría de Arousa —que, como sabemos, é a máis produtiva de Galiza— e con riscos evidentes para a saúde da poboación debido á contaminación por cianobacteria e por microcistina. Por algo será, como dixen, que se prohibira o baño a finais de agosto, a finais de agosto, cando a alerta foi decretada o 6 de xullo —curiosamente uns días despois de que o BNG fixese en Caldas unha denuncia pública a respecto desta cuestión—.

Non hai tampouco garantías no abastecemento de auga aos concellos que se abastecen do río Umia, como está pasando agora co debate que hai en Caldas sobre a necesidade de mellorar a tecnoloxía da depuradora. E temos que ter en conta que o Umia abastece a unha poboación potencial de 150.000 persoas, que pode chegar a duplicarse no verán.

Segundo os propios controles realizados por Augas de Galiza, existe contaminación en todos os puntos de control, nos seis puntos de control, ao longo do río. Ademais, as estacións potabilizadoras non teñen a tecnoloxía axeitada para tratar esta auga do río contaminado pola alga *microcystis*.

O propio proxecto da mellora de abastecemento de Caldas recoñece graves problemas de calidade na auga e o mal funcionamento do sistema de potabilización. Isto está pasando, hai

un grave problema de saúde pública que non é que o denuncie o BNG, é que a propia Organización Mundial da Saúde leva tempo advertindo dos graves riscos que pode provocar a contaminación por microcistina, que en doses moi pequenas supón un risco para a saúde. Pode provocar danos no sistema hepático, no aparello dixestivo e efectos neurolóxicos. E tamén presenta efectos acumulativos no organismo.

Todo isto ao que nos leva é a demandar, cando menos, un estudo epidemiolóxico que elimine calquera dúbida sobre os riscos que pode causar esta contaminación. Hai unha necesidade, unha urxencia, de respostas, que é o que pide a xente ante esta situación de alarma creada por estas decisións que se tomaron. E desde aquí exiximos que non se tomen só medidas parciais, medidas paliativas. É fundamental para o BNG levar a cabo medidas de fondo que vaian á raíz do problema e que dean solucións definitivas, non simplemente parches, porque non nos resignamos a convivir con este problema, con esta ameaza permanente sobre a saúde, sobre a calidade das augas do río.

E a este respecto queremos constatar e denunciar tamén aquí o fracaso e a grande estafa que supuxo ese plan vendido a bombo e platillo polo Goberno da Xunta no ano 2011. Polo Goberno e polo conselleiro de Medio Ambiente, naquela altura o señor Agustín Hernández, que, como sabemos, é o gran protector dos ríos galegos e, sobre todo, do río Sar —tamén daquela ía ser o protector do río Umia—. O plan prevía un investimento de 21 millóns de euros e foi un absoluto fracaso e unha estafa, porque están sen resolver todos estes grandes problemas detectados xa naquela altura.

Non me vou referir aquí a todas as obras porque non teño tempo para enumeralas, pero realmente ningunha delas deu unha solución eficaz. E moitas delas nin sequera se chegaron a realizar, como obras de carácter ambiental na vexetación de ribeira, como a eliminación de vertidos, a depuración das augas, etc.

Tamén, a respecto do anuncio da ampliación da depuradora de Caldas, como dixeran, o propio anteproxecto elaborado pola empresa que fixo ese estudo previo di claramente que hai unha mala calidade das augas que está causada por esa contaminación pola alga que provoca a microcistina. E recoñécese nese informe, nese estudo, a realidade da mala calidade desas augas, que é unha realidade que se dá ademais noutros puntos do río e noutros abastecementos a outras estacións de potabilización.

E ademais exiximos mediante esta iniciativa, mediante esta moción, que haxa transparencia e claridade ante este asunto tan turbio, tan escuro, como é o da contaminación do encoro e do río Umia. Pedimos que se fagan analíticas e un seguimento con maior periodicidade. Pedimos un estudo epidemiolóxico para determinar posibles incidencias sobre a saúde da poboación —non pedimos tanto, ¿non?—. Pedimos un informe ao Parlamento sobre todas as actuacións realizadas ao abeiro do Plan Umia, para avaliar a súa ineficacia e o seu fracaso —como, por exemplo, aquel sistema que ía ser a solución, o tratamento con cortiza de eucalipto—. Pedimos informe ao Parlamento tamén sobre a situación dos pagamentos pola concesión do aproveitamento hidroeléctrico, que era a verdadeira razón do encoro. E ademais de todo isto, que son actuacións de carácter parcial, pedimos ir máis alá. Pedimos abordar e resolver o problema desde a raíz, ir ao fondo, restaurar o curso do río e facelo con todas as garantías. E isto pasa,

evidentemente, por liberar o río estancado, o río encorado, rescatar a concesión hidroeléctrica, e, en definitiva, recuperar o Umia como un río vivo, como un río rexenerado e con futuro. Queremos que nos devolvan o río Umia que nos roubaron.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día tamén aos invitados.

Esta é a segunda vez en que en menos dun mes debatemos sobre a contaminación no encoro da Baxe e no río Umia. O día 25 do pasado mes traíamos dende o Grupo Parlamentario Socialista unha proposición non de lei, e tamén viña unha interpelación do Grupo do BNG que é precisamente a orixe da moción que debatemos hoxe. E, de novo —como fixeramos naquela proposición non de lei—, nós cremos que é necesario, en primeiro lugar, lembrar tres datas que foron fundamentais: o ano 2001, que foi a orixe do encoro para o río Umia, e que foi unha obra pola que apostou o presidente Fraga e o conselleiro Cuíña naquel momento; o ano 2010, cun proxecto de mantemento e conservación das marxes do encoro no río nos concellos de Cuntis, Moraña e Caldas de Reis —proxecto do que nada se sabe—; e o ano 2011, cando o ex-conselleiro Agustín Hernández prometía un plan integral de actuación para o río Umia, do que tampouco nada se sabe.

E dende o pasado mes ata este mes temos que preguntarnos se algo cambiou. E o certo é que o río segue en alerta —non en alarma senón en alerta— por cianobacterias dende o 6 de xullo —que foi cando se activou, fundamentalmente porque dende o Concello de Caldas se empurrou para que se activase a situación de alerta, fundamentalmente dende a alcaldía—. E estas cianobacterias son algas tóxicas que poden ser —poden ser— perigosas para a saúde das persoas, pero que non o están a ser precisamente polo esforzo en depuración e abastecemento que dende o Concello de Caldas se está a facer, cun sobrecusto para saneamento das augas. (*Aplausos.*)

E isto non ocorre por primeira vez, é recorrente cada verán dende que está o encoro. Non obstante, a ex-conselleira —porque si houbo unha novidade dende o pasado pleno a este, e é que no pasado pleno, no do día 25, a conselleira era a señora Beatriz Mato, que é a que está presente, e agora xa non é a conselleira de Medio Ambiente—, pois a ex-conselleira naquel momento dixo que os responsables das cianobacterias eran as deficiencias no saneamento, a influencia da actividade agrogandeira e a ausencia de bosque de ribeira. Nada sobre o encoro, o encoro non tiña nada que ver. Tampouco a deixadez do Goberno da Xunta de Galicia, que dende o ano 2011, dende hai sete anos, no que prometera ese plan integral de actuación para o río Umia, pois non sabemos nada tampouco. Pero iso non ten nada que ver.

Entre o 2002 e o 2008 a Xunta recibiu da titular da concesión máis de 4 millóns de euros, tampouco se investiu en mellorar a calidade das augas nun proxecto integral de coidado e atención do encoro, nin tampouco na limpeza da canle do río Umia e do fondo do encoro. É certo que dende o ano 2008 o goberno do señor Núñez Feijóo leva pelexando coa concesionaria para que lle pague o que lle debe, e de momento tampouco sabemos nada de onde están esas cantidades.

As avenidas de auga sobre Caldas reducíronse notablemente dende que existe o encoro, e iso sábeno as veciñas e os veciños de Caldas porque son os que o viven ano a ano. Mais a información que terían que recibir todos os concellos da contorna segue sen fluír.

E a nova conselleira, curiosamente, a semana pasada foi a Caldas, foi firmar o novo PXOM. E pasou necesariamente por riba do río, porque o concello está ao lado do río Umia. É máis, dende as ventás do concello pódese ver o río; polo tanto, puido ver perfectamente como estaba. Pero non dixo nin pío, ¡nin chío!, ¡nada!, ¡absolutamente nada!, da cor verde que ten ese río. Esa é a preocupación que ten o Goberno da Xunta de Galicia realmente polo río Umia, a preocupación histórica, que tamén, efectivamente, se pode ver ano a ano nas eleccións municipais no propio concello de Caldas.

A nosa emenda vai na mesma liña que ía a nosa proposición non de lei no seu momento. Pedimos o mesmo que votamos no pleno anterior. Cremos que a petición da moción do Grupo Parlamentario do BNG está ben. Nós non coincidimos coa necesidade de ter que desmantelar o encoro, porque iso implicaría unha serie de consecuencias que non se teñen analizado e que non coñecemos nin dende un punto de vista medioambiental nin dende ningún outro punto de vista; en concreto, en relación coas enchentes e asolagamentos anteriores e non actuais sobre Caldas dende que existe o encoro.

Pero nós cremos que é necesario un proxecto integral de coidado e atención do encoro, limpar o fondo do encoro, vacialo, limpalo, e limpar a canle do río Umia. Esa si sería unha medida de fondo. E sobre todo que a información chegue a todos os concellos afectados, que non só é, evidentemente, o Concello de Caldas. Son o de Portas, o de Vilagarcía de Arousa, o de Moraña e a Mancomunidade do Salnés.

Nós agardamos que a nosa emenda sexa aceptada. Non escapa do que se votou o outro día nesta Cámara, e o Grupo Parlamentario do BNG tamén votou a favor. Pero en caso de que non fose aceptada, pedimos que se permita por parte do grupo propoñente a votación por puntos.

E pola nosa banda nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días a todos e a todas.

Falamos unha vez máis dun problema ambiental importantísimo, creado única e exclusivamente por decisións negligentes e interesadas do Partido Popular dende hai anos, que man-

tén aínda agora coa opacidade característica e sen recoñecer que foron decisións políticas as que crearon un problema ambiental.

Cando falamos do Partido Popular temos que ter claro iso, que estamos falando co Partido Popular. Antes dicíase que este encoro non serviu para solucionar os problemas que serviron de pretexto para facelo —nin as enchentes nin o abastecemento de auga de calidade—, pero si que serviu para o negocio dunha empresa privada. E iso é certo, hai unha concesión hidroeléctrica que é propiedade de Hidroeléctricas Cortizo, que casualmente está nos papeis de Bárcenas como doante no ano 2005 e 2006 de 222.000 euros ao Partido Popular. Non é un detalle menor, ¿verdade? Os doantes do Partido Popular que lle pagaron a campaña ao señor Fraga recibían en contraprestación negocios por decisións políticas públicas. E nisto hai unha clave: non é só a incompetencia —que tamén— senón que o negocio, unha vez máis, está detrás das decisións do Partido Popular. (*Aplausos.*) E isto hai que dicilo ben claro. Está nos papeis do financiamento ilegal do Partido Popular español pero tamén do Partido Popular de Galicia, que naquel ano recibiu case 2 millóns de euros en doazóns opacas e ilegais. E, entre eles, estaba Aluminios Cortizo.

Ben, un problema ambiental evidente. Cando xa empezou a ser dende o 2006 un problema recorrente, cando había as condicións de temperatura determinadas no verán, lembro o señor Agustín Hernández dicindo que o problema era que había moito nutriente que se aportaba ao río. E logo ¿quen fixo o trámite ambiental para aprobar ese proxecto? Iso hai que dicilo antes. Porque se hai un aporte de fosfatos e nitratos ao río que pode causar eutrofización, o que hai que facer para causar un problema ambiental máis grave é estancar esas augas para que non se oxixenen, xusto incrementar ou multiplicar un problema que habería que tratar incluso. Pero nada de pedir desculpas nin de asumir responsabilidades, *mantenella e non enmendalla*, e tratar de poñer parches para que a xente da comarca siga a votar o Partido Popular, pero nin un mínimo de honestidade, nin un mínimo de decencia no tratamento do tema.

É evidente que durante estes anos non houbo transparencia, por exemplo, para dicirnos cales foron esas medidas anunciadas polo señor Agustín Hernández para reducir os nutrientes e en que se traduciron. Porque vimos que este verán volveu acontecer o mesmo problema e as augas volveron estar cheas de microcistina, as augas volveron estar verdes. E tivemos que escoitar as mesmas mentiras e manipulacións unha vez máis. ¡Claro que á xente non se lle dá auga envelenada para beber! Pero ¿como repercute iso á hora de facer a depuración desas augas? Evidentemente encarece o servizo que pagan os concellos para depurar e empeora a calidade das augas, cando o recurso de orixe debía de buscarse xa cunha determinada calidade para que o sistema de depuración sexa o menos agresivo posible. E, como se dixo aquí, téñense que tratar con máis cloro aínda as augas para que non sexan un problema de salubridade. Por iso non significa que o encoro, polo tanto, servise e contribuíse para ter un abastecemento de calidade, senón ao contrario.

Polo tanto, apoiamos esta moción en todos os seus puntos. Porque o primeiro que debían facer é vir aquí e informarnos —non a nós pero si a xente da zona— de que medidas tomaron, do que foi daquel Plan Umia e de todas as súas medidas anunciadas e de como funcionaron, facer unha avaliación desas medidas para ver se funcionaron ou non. Moito temo que non vai ser iso así.



E tamén estamos de acordo con que se estude a inhabilitación do encoro da Baxe, porque é evidente que pode haber outras medidas. O da cortiza de eucalipto, polo que se ve, non funciona moi ben. Pero hai unha que si resolvería o problema, e é que desaparecese o encoro da Baxe. Iso resolvería o problema da microcistina seguro, seguro, porque ao oxixenar a auga sería solucionado de vez.

Polo tanto, información, honestidade —algo que é moito pedir para o Partido Popular—, porque detrás de todo está isto (*O señor Sánchez García amosa uns papeis desde a tribuna.*), o financiamento ilegal do Partido Popular e as súas prácticas ilegais durante anos e anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Bos días, señorías.

Bos días tamén aos asistentes.

Señor Sánchez, de ética e honestidade fala vostede, voceiro de Anova, vostede que é un especialista, un experto, en intoxicación; e que lle custa bastante, ademais, polo que vexo, entender as regras da democracia. Pero, mire, vai ter razón o señor Villares. Vostede non ten nin ética nin sabe de democracia. É duro que o diga un compañeiro seu, pero pola súa trayectoria neste Parlamento creo que ratifica esas verbas. (*Aplausos.*)

Miren, eu pídolles, por favor, un pouco de responsabilidade e de rigor. Vostedes, vostedes... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Cústalle entender as regras da democracia, cústalle. Xa o vemos.

Vostedes falan de microcistina, que é unha toxina xerada por algunhas cianobacterias, e de *microcystis*, que é un tipo de alga, coma se foran a mesma cousa. E fano vostedes deliberadamente. O mesmo que confunden alerta e alarma e da mesma forma que confunden coloración con contaminación. E, señorías, ata o momento no encoro da Baxe e nas captacións situadas no río Umia, augas abaixo do mesmo, non se ten detectado presenza de microcistina, senón de *microcystis*. Non se ten detectado presenza de toxina en ningún caso, senón das algas que lle dan á auga ese aspecto de cor verde, un aspecto, por suposto, que non é agradable, pero en ningún caso son toxinas. É algo que é importante diferenciar e aclarar.

No embalse de Caldas nunca se detectou toxina en ningún ano dende que temos rexistros, e, por suposto, tampouco neste verán. Aínda así, para controlar a presenza de cianobacterias, dende a Xunta estanse a realizar mostraxes semanais no encoro para coñecer a evolución en tempo real, garantindo o estrito control ante o posible risco sanitario, algo que non existe a día de hoxe. Os sistemas de potabilización están a funcionar correctamente, polo que o consumo de auga para uso humano e baño está garantido e non supón ningún risco para a

poboación. Polo tanto, señorías, cómpre un pouco de seriedade, deixar traballar aos técnicos e non xerar alarmas inxustificadas.

Miren, señorías, dende o 2007 está en marcha o programa de seguimento e control de cianobacterias en encoros de abastecemento da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, programa no que colaboran estreitamente Augas de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, a través do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, e a Consellería de Sanidade. Trátase dun completo programa de actuacións e controis que está baseado nas directrices da Organización Mundial da Saúde e que foi mellorado e simplificado no 2012, que permite a unificación de criterios e coordinación de esforzos entre todos, mellorando as actuacións e facéndoas máis efectivas.

Non me quedou claro, señorías, se vostedes discrepan sobre este protocolo, ou se consideran que este protocolo non é válido, ou se as análises e controis sanitarios non son os correctos. Porque vostedes, señorías, o que están a pedir na súa iniciativa é que todos estes controis, criterios sanitarios e coordinación de administracións sexan substituídos polo criterio arbitrario das súas señorías e que este protocolo non opere con criterios obxectivos senón con criterios políticos. É iso o que están vostedes a demandar.

Con este protocolo, señorías, que leva máis dunha década aplicándose, asegúrase o estrito control do posible risco sanitario en situacións de proliferación de cianobacterias, de modo que a intensificación do control nas augas de entrada e saída das estacións de tratamento de auga potable permite a rápida detección de niveis de toxina que poidan ser prexudiciais para a saúde, para a activación, precisamente, de medidas alternativas de abastecemento. E grazas a estes controis sabemos que no encoro da Baxe, e nas captacións situadas no río Umia augas abaixo, non se ten detectado presenza de toxina.

Quero engadir, ademais, que durante os últimos oito anos, e a pesar de que as competencias corresponden aos concellos, a Xunta actuou en varias liñas de cara á minoración da presenza de cianobacterias no encoro, á mitigación dos riscos para o abastecemento, á minoración da magnitude dos episodios e á eliminación das causas de achega de nutrientes ao encoro de Caldas. Polo tanto, señorías, a Xunta está a manter unha actitude vixilante e proactiva para tratar de facerlle fronte a este problema, pero a solución vén da colaboración e participación de todas as administracións e particulares implicados.

Para rematar, señorías, todos os datos obtidos nos últimos anos no marco da vixilancia sanitaria dos abastecementos indican que polas billas dos concellos abastecidos polo encoro de Caldas xamais, xamais, saíu unha pinga de auga con toxina ou alga, e dicir o contrario é unha absoluta irresponsabilidade e ademais é mentir.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

Polo grupo autor da moción, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Di o representante do Partido Popular, o señor Trenor, que non hai contaminación por microcistina, que non hai ningún risco para a saúde. Entón a pregunta é: ¿por que prohibiron o baño no río Umia se non hai ningún problema para a saúde? ¿Por que prohibiron o baño? (*Aplausos.*) Isto, cando menos, causa non sei se alerta, pero alarma si que causa moita, señor Trenor. ¿Por que prohibiron o baño se non hai ningún problema para a saúde?

E di tamén o señor Trenor que non hai tampouco ningún problema coa potabilización, cando as depuradoras —quitando a de Caldas— teñen un sistema de potabilización exclusivamente por cloro; e cando sobre a de Caldas acaban de facer público un informe que di que a auga está contaminada, que o sistema de potabilización non funciona, que se estropea, que se atascan os filtros, que hai que meter potabilización por ozono e por carbono, que a de cloro non vale. E isto para a de Caldas; para as demais, nada de nada. Vostede veu aquí a xustificar a desfeita, a estafa que supuxo o encoro do Umia, que supuxo o Plan Umia. E non nos veu aquí dar ningunha solución, veu xustificar todo o mal que fixeron ao longo destes tempos.

E con respecto ao Partido Socialista, teño que dicirlle á señora Patricia Vilán, en primeiro lugar, que non é certo que non houbera enchentes despois da construción do encoro. Houbo enchentes en Caldas e houbo as máis graves que se coñecen. Polo tanto, segue habendo este risco, este problema. Non se resolveu esta cuestión. E non se resolveu tampouco a cuestión do abastecemento de auga de calidade aos concellos que se nutren do río Umia.

Claro, tamén chaman a atención os cambios de postura do Partido Socialista, porque no pleno do Concello de Caldas aprobaron unha moción que plantexa a cuestión da eliminación do encoro e o rescate da concesión. Teño aquí o texto, teño aquí o texto. Ben, pois hai que ser un pouco máis coherentes e defender as cousas alí onde se está. E, desde logo, a cuestión clave, a solución definitiva pasa pola eliminación do encoro, o resto son medidas paliativas.

Nós ímoslles aceptar, se lles parece ben, como engádega á moción do BNG, os puntos 6, 7 e 8 da emenda do Partido Socialista, que complementan a moción do BNG, porque vostedes aceptan toda a moción do BNG, curiosamente, agás a eliminación dese estudo para a eliminación do encoro, que se ten que facer desde logo con todas as garantías. Non se trata de meterlle alí unha bomba e botar a auga polo río abaixo. Hai que facer as cousas con garantías e con todo o rigor técnico e científico necesario. Pero esa é a solución verdadeira e definitiva, o demais hai que facelo tamén pero son medidas parciais e temporais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redución da oferta educativa nos concellos**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 37754).*

*Emenda de modificación*

*Modificar o punto segundo, que ficaría redixido da seguinte maneira:*

*“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a convocar todos os sectores da comunidade educativa, incluída a Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural (REGAEDER), para analizar e redefinir, co máximo consenso posíbel, aqueles elementos e criterios que permitan garantir de forma efectiva a igualdade de oportunidades de toda a poboación, especialmente nos espazos rurais.”*

*Emenda de adición*

*Engadir como punto segundo:*

*“2. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir o profesorado suficiente nos centros de ensino público para atender as necesidades educativas.”*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda a esta moción ( doc. núm. 37754).*

*Emenda de adición*

*Débase engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:*

*“...que inclúa, cando menos:*

*a) a cobertura das prazas docentes que ou ben foron amortizadas ou eliminadas*

*b) a redución das horas docentes do profesorado*

*c) a redución das ratios das aulas incluíndo ao alumnado repetidor*

*d) un plan específico para os centros do rural*

*e) o aumento das bolsas educativas adecuado ás necesidades reais do alumnado.*

*f) a gratuidade dos libros de texto”*)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

A moción que trae hoxe o noso grupo parlamentario é algo que case se está convertendo nun clásico nestas épocas do ano, posto que se refire á necesidade que entendemos que existe de chegar a un consenso para redefinir os aspectos fundamentais da nosa rede de centros, tanto no ensino obrigatorio como nos postobrigatorio.

Evidentemente, temos que facer unha pequena historia de como chegamos ata este punto. Partiamos da famosa Lei xeral de educación do ano 1970, que todos coñecemos —uns máis ca outros, evidentemente, por motivos de idade sobre todo— que configuraba o sistema educativo con etapas como a famosa EXB —a Educación Xeral Básica—, o Bacharelato Unificado Polivalente e a Formación Profesional de primeiro grao e de segundo grao. Despois, no ano 1990, como consecuencia lóxicamente da evolución do país tamén no ámbito educativo, decidiuse que era necesario facer unha nova lei, que foi a Lei xeral de educación, que é, con cambios, a que temos hoxe vixente —polo menos en canto á estrutura das etapas educativas—. E, polo tanto, hoxe en día temos educación infantil, educación primaria, temos secundaria obrigatoria, temos bacharelato e temos ciclos formativos tanto de grao medio como de grao superior; e agora, esa nova modalidade de ciclos de formación profesional básica.

Cando foi necesario adaptar a realidade da nosa comunidade autónoma ao novo marco lexislativo, tomouse naquel momento unha decisión necesaria —conflitiva, evidentemente, porque o foi— de definir unha rede de centros na que estaba escrito que ensinanzas ía haber en cada un dos centros educativos, tanto colexios de educación infantil e primaria como institutos de educación secundaria. Creáronse os centros públicos integrados —hoxe en día case unha modalidade en vías de extinción polos feitos que protagoniza a Consellería permanentemente—. Pero dicía que se creou esa rede de centros, que foi un traballo, evidentemente, intenso, un traballo moi amplo e un traballo complicado. Pero fíxose, fíxose, e a finais dos anos noventa púxose en marcha o que se definiu nesa rede de centros. E ata este momento estamos con aquela configuración, con, evidentemente, unha cantidade bastante considerable de perda de centros, tanto en canto a centros completos como a unidades.

Esa rede hoxe necesita unha modificación, e o noso grupo parlamentario entende que esa modificación que necesita debe facerse de forma consensuada para evitar tensións innecesarias na comunidade educativa; particularmente dende o sector das familias, que son o principal sector, porque evidentemente son os destinatarios, os usuarios do sistema educativo, como por parte do profesorado, que, evidentemente, é tamén unha peza fundamental dentro dese sistema.

Temos unha crise demográfica que ten sido obxecto de tratamento neste Parlamento en innumerables ocasións. E vai seguir sendo porque non vai desaparecer dun día para outro. Será necesario adoptar medidas e, ademais, acertar coas medidas que se adopten. Pero o certo é que entre o ano 1998 e o ano 2016 —é dicir, en dezaoito anos— nesta comunidade autónoma reducíronse en 6.500 os alumnos e alumnas de 12 anos, que son os que inician a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria. Dou este dato porque, se o cuantificamos, se lle poñemos cara a este problema, vemos que iso equivale máis ou menos a 216 aulas; ou, se o queren vostedes, señorías, a que desapareceran da face da comunidade autónoma 18 institutos de educación secundaria de repente —institutos de 10 ou 12 unidades; é dicir, non estou a falar de centros de pequeno tamaño—. Esta é a realidade.

Parella a esa realidade temos datos do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de xaneiro do ano 2018 —este no que estamos— e, polo tanto, supoño que para o grupo maioritario da Cámara poucos sospeitosos. Temos —dicía— 2.132 docentes menos que no ano 2009, dous mil cento trinta e dous. Eses tamén teñen cara.

¿Que temos? Si, temos máis áreas e materias nas ensinanzas de educación primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato; temos máis áreas e materias. Temos máis optatividade, e nalgún caso —ou en moitos casos; en todo caso en máis dos desexables— ese incremento positivo de áreas, materias e optatividade trasládase a un incremento negativo, que é que hai máis desigualdade entre centros, porque aqueles centros que teñen máis alumnos e, polo tanto, máis profesores, evidentemente, teñen máis capacidade para ofertar materias que noutros casos non poden ofertar.

Temos tamén máis etiquetas: temos centros plurilingües, temos PluriBach, temos bacharelato de excelencia, temos bacharelato STEM... Temos, temos, temos. Temos moitísimas cousas, pero temos, tamén, cada vez menos pequenas escolas que atendan os nosos pequenos e pequenas. Esa é unha realidade que se traslada ano tras ano. Si, temos menos escolas pero temos toda unha constelación de programas educativos, que non estou cuestionando nin dicindo que sexan innecesarios.

Na formación profesional, elevada ao rango máximo pola inclusión na súa denominación de «Formación Profesional» tanto na consellería como no ministerio en Madrid —evidentemente, cousa que me parece ben e aplaudo—, temos unha falta de coherencia importante entre a oferta formativa que están dando os nosos institutos e as necesidades laborais que teñen. Polo tanto, tamén ese será un aspecto que é necesario, desde o noso punto de vista, redeseñar.

Cada curso, cada inicio de curso temos unha pequena cadea de peches aos que, sen ser en si dunha entidade suficientemente grave, cando se poñen todos xuntos, cando se suman, pásalles como aos infinitésimos en matemáticas: cada un deles por separado non é nada, pero cando se xuntan son algo importante. Ou como lle dicía eu na miña interpelación ao señor conselleiro de Educación naquel momento —que era a súa última intervención nesa responsabilidade—: unha auténtica «cadea de microsismos». E iso prodúcese como consecuencia sobre todo de modificacións que non están escritas en ningún sitio, e isto é particularmente grave.

Seguramente se me vai dicir que hai unha ratio de seis alumnos para decidir se se pecha ou non un centro, e eu dixen e volvo dicir que ese seis non é un número co que haxa que convivir necesariamente. Creo que o citei: non é o número pi, non é o número e, non é o número áureo, efectivamente, e polo tanto é un número que se pode modificar. A modificación desa ratio mínima e a modificación en xeral das condicións para ter un sistema educativo e unhas ratios nunhas condicións ou noutras dependerá da vontade política que teña esta cámara e que lle traslade á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Basta lembrar o que pasou a inicios deste curso: houbo problemas en Portomarín, houbo problemas en Pontearreas, houbo problemas en Cariño —e hainos—, houbo problemas en

Covelo, houbo problemas en Salceda de Caselas... E así unha cantidade considerablemente significativa de centros en que houbo problemas. ¿Problemas gravísimos? Non. ¿Problemas que supuxeran deixar os alumnos sen clase? Non. ¿Problemas que supuxeran agrupar alumnos en unidades máis alá do que se viña facendo? Si. ¿Problemas relativos á prestación de atención a alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, cambiando sen instrucións escritas o que se viña facendo ata este momento? Si. Esa é a realidade.

Hoxe vén na prensa —pódeno consultar vostedes— unha rectificación da Consellería que lles dicía a uns pais dun instituto de Oleiros que teñen un fillo cunha necesidade severa de atención educativa e que necesita o que coloquialmente coñecemos como coidador —que son auxiliares técnicos educativos—, como este non podía estar, que ou non mandaran o seu fillo a clase ou que foran a nai ou o pai a atender o fillo á aula.

De verdade, isto non é o que merece unha Galicia do século XXI. ¿E isto por que se produce? Porque non hai criterio ou, se o hai, non está escrito. E o que pedimos, precisamente, é que nesta cámara, que á fin de contas é onde reside a vontade da comunidade autónoma de Galicia, se convoquen todos os sectores da comunidade educativa —asociacións de pais e nais, de profesores, etc.—, concellos, federación de municipios..., todos, para que entre todos sexamos quen de redefinir elementos e criterios que garantan de forma efectiva a igualdade que hoxe en día —e sábeno vostedes— non existe na nosa comunidade autónoma. Non poden quedar as cousas al albur de que se decida que cerramos un centro ou non o pechamos en función de que teñamos máis ou menos docentes. Porque, francamente, creo que despois desa cifra incontestable de 2.132 profesores...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...e profesoras —remato, presidente— menos na comunidade autónoma nos últimos nove anos, ben nos podemos permitir dotar o sistema educativo dos recursos humanos e materiais necesarios para prestar un servizo educativo do século XXI.

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Álvarez.

Damos a benvida aos alumnos de terceiro e cuarto da ESO do colexio Nuestra Señora de la Esperanza de Vigo a este debate, que ademais vai sobre educación.

Ten a palabra en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

E bo día tamén ao alumnado, porque precisamente coincidiu, creo que de maneira ben certa, que esteamos debatendo unha cuestión que está moi vinculada, estreitamente vincu-

lada precisamente a algo que coñeces de primeira man, como é o ensino público no noso país.

Desde o Grupo Parlamentario do BNG vaia por diante que imos apoiar a moción que presenta hoxe o Grupo Parlamentario Socialista. Fixémoslle dúas achegas: unha ten máis que ver cunha matización e coa outra queríamos concretar algún aspecto que para o BNG entendemos importante, precisamente ao fío da intervención que tiña agora o portavoz socialista presentando a proposta.

Presentamos unha emenda de modificación para incluír unha cuestión que para nós é importante, e é enfatizar, precisamente, o caso concreto, o caso específico que atinxe os espazos rurais no noso país. Entendiamos perfectamente, porque ademais deriva dunha interpelación, que así o enfocaba tamén o propio Partido Socialista, pero si queríamos, desde o BNG, incluír unha mención expresa á situación que atinxe os espazos rurais.

Por iso dentro desa comunidade educativa que ten que conversar, que ten que debater, que ten que analizar cal é a realidade que atinxe as escolas do noso país —nomeadamente naqueles espazos que van quedando cada vez máis e máis despoboados—, tamén era importante contar cunha entidade ou cun colectivo que leva pouco tempo —relativamente, porque leva máis tempo do que cremos—, que é esa Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural, que abrangue entidades moi diversas, entidades moi amplas: Confederación de ANPA Galegas, centrais sindicais, movementos de renovación pedagóxica, grupos de desenvolvemento rural..., e que pon no foco non só a necesidade —como avanzaba o señor Álvarez— de que eses números non sexan unha verdade absoluta e única de seis crianzas para manter, por exemplo, aberta unha escola unitaria, senón que poidan ser debatidos, que poidan ser analizados por se se considerase oportuno —como así vén defendendo tamén o BNG— que fose reducido ese número mínimo de alumnado para garantir que a escola permaneza aberta. Sempre desde a perspectiva, como temos defendido tantas veces nesta cámara, de que as escolas manteñen vivos tamén e fixan poboación nos núcleos rurais.

No momento en que pecha unha escola provócase irremediabilmente o transvasamento desa poboación cara a outras localidades ou comarcas que si contan con servizos. Non é exclusivamente a escola, senón que moitas veces tamén son servizos sociais ou servizos públicos, como os centros de saúde, os que motivan que a poboación se manteña nunha determinada localidade ou se mova para outra. Por iso, entendiamos con esa emenda de modificación que engadir isto introducía un elemento que para o BNG é fundamental.

E despois introducimos unha emenda de engádegas precisamente para trasladar as demandas dalgúns dos centros, e doutros que mencionaba o señor Álvarez na súa intervención, e que marcaron o inicio deste curso 2018-2019, pero que tampouco é exclusivo deste curso académico que acaba de comezar. Os casos como o do instituto de Brión, do CEIP de Allariz; os casos, por exemplo, do Barrié de la Maza, en Santa Comba; do Arcediago, no concello de Santiso; de Roxos, en Villestro; Castela, en Ordes; o Padre Feijóo, en Allariz... É dicir, centros de ensino en que a comunidade educativa, sobre todo as ANPA, o alumnado e tamén o persoal docente se mobilizaron ao inicio do curso pola falta de profesorado para garantir o mante-



mento, moitas veces, da oferta educativa que é necesaria para atender as necesidades educativas do seu alumnado.

Trouxémolo desde o BNG tamén a esta cámara e instamos nese sentido a que o Parlamento de Galiza urxa a Xunta a que garanta sempre o profesorado que é necesario para combater esas ratios por riba do que a lei establece; para garantir que haxa unha atención correcta, acaída, de calidade ás persoas e ao alumnado con necesidades educativas específicas; para que se manteñan programas de apoio e de rendemento académico; para que se manteñan, en definitiva, tamén as optativas. Falaba o señor Álvarez de que cada vez temos máis, é certo, pero tamén igual de certo é que houbo centros, como o instituto de Brión, que quedaron sen poder ofertar unha das medidas estrela do Partido Popular, que foi Robótica —a pesar de ter recibido moito recoñecemento dentro e fóra da propia Xunta de Galiza—, precisamente por non garantirlles o número de profesorado que necesitan para manter esa optativa.

Esas son as achegas que facemos desde o Grupo Parlamentario do BNG e agardamos que as acepten.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra en nome do Grupo Parlamentario de En Marea a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Antes de nada dicir que dende o Grupo Parlamentario de En Marea imos apoiar esta proposición non de lei, porque se falamos de recuperación de dereitos, de recuperación do dereito ao ensino público, gratuito, laico e de calidade para todas, En Marea será sempre unha forza aliada. Se falamos da necesidade de máis docentes, de especialistas, de recursos públicos para que a escola sexa un garante da igualdade de oportunidades, En Marea vai ser sempre unha aliada. Para iso estamos aquí, para iso facemos política. Por iso queremos lembrar ben orgullosas que as nosas negociacións co Partido Socialista nas Cortes Xerais serviron tamén, no que atinxe o ensino, para aumentar as bolsas, para reducir as taxas universitarias, para reducir a carga lectiva e as ratios, así como para aumentar os recursos para financiar o material escolar. Compromisos concretos, non palabras. Porque si, os nosos votos, señor Tellado, contan; son decisivos e enorgullecémonos diso.

Nós entendemos que este compromiso é importante porque pon o ensino no centro, o lugar en que calquera goberno comprometido cos dereitos das súas nenas e nenos debera estar; o lugar no que calquera goberno comprometido co futuro dun país o debera colocar.

Lamentablemente, non é este o lugar que lle ten reservado o Goberno do Partido Popular ao ensino galego; todo o contrario. Hai anos que tanto nas rúas, en incontables manifestacións, como en numerosas intervencións neste parlamento vimos denunciando recortes sistemáticos,

a política económica curtopracista que pretende esmagar o ensino público, unha política que xa temos dito que é inxusta, ineficaz e que pretende condenar o futuro deste país. Hai tempo xa que vimos denunciando que menos recursos non é aforro, son menos dereitos; que cando nos din que hai que apertarse o cinto no ensino o que nos están dicindo, en realidade, é que cren nun ensino diferenciado, de máis calidade só para quen poida pagalo; que cando se fala de números o que se trata de ocultar son os peches continuados de aulas e centros educativos no rural: a perda de profesorado especialista en Cariño, a supresión de materias optativas en Brión, a perda de mestres en Allariz, en Ares, en Ordes, en Roxos, en tantos e tantos centros do país que este inicio de curso están dicindo: ¡abonda xa! Abonda xa de recortes, abonda xa de miseria, abonda xa de maltratar os nosos centros educativos, abonda xa de dismantelar o ensino público do que teriamos que sentirnos orgullosos e orgullosos. Casos concretos que a Consellería ignora e trata como exemplos menores que non fosen dignos da súa atención, como se todos e cada un dos centros educativos deste país non fosen responsabilidade da Consellería. Como se todas as nenas e nenos deste país non tivesen exactamente os mesmos dereitos.

E señoras e señores deputados do Partido Popular: non os teñen. Non os teñen porque vos tedes se empeñan en que non os teñan cando votan que non ás iniciativas da oposición; non os teñen porque non é o mesmo ter aulas de dez alumnos que de trinta; non é o mesmo ter especialistas en audición e linguaxe que non telos; non é o mesmo poder estudar un abano de optativas que non poder facelo; non é o mesmo ter docentes que teñen toda a xornada ocupada en aulas que que teñan tempo para o tratamento personalizado das necesidades de cada unha das nenas e nenos; non é o mesmo. Polo tanto, os dereitos que unhas e outros teñen non son os mesmos.

E sobre como podemos evitar que isto aconteza é do que trata a iniciativa do Grupo Socialista, por iso —como dicía— En Marea votará si. Mais acabamos de rexistrar unha emenda porque, ao noso entender, canto máis concretos sexan os acordos parlamentarios, máis encamiñados estaremos a poder cumprilos. Concordamos na liña, mais pensamos que falta concreción, e de aí a nosa emenda, na que introducimos unha serie de puntos que consideramos fundamentais á hora de abordar calquera diálogo sobre a igualdade de oportunidades educativas. Porque aquí non partimos de cero; afortunadamente, hai xa moito traballo feito na comunidade educativa que —entendemos— cómpre poñer sobre a mesa.

Por iso, na nosa proposta falamos, en primeiro lugar, da cobertura das prazas docentes que ou ben foron amortizadas ou eliminadas; en segundo lugar, da necesidade de reducir as horas docentes do profesorado; en terceiro lugar, de reducir as ratios das aulas, incluíndo o alumnado repetidor: non pode ser que as nenas e nenos que repiten curso sigan a ser invisibles para a Consellería de Ensino; e en cuarto lugar, falamos dun plan específico para os centros do rural, porque —como aquí se dixo— a necesidades específicas, recursos específicos. Non imos seguir impasibles ao dismantelamento do ensino público no rural deste país. Quinto, o aumento das bolsas educativas, adecuado ás necesidades reais do alumnado; saibamos canto custa o inicio do curso e, en función diso, adaptemos os recursos que pon a Xunta de Galicia. E sexto, fomentar a gratuidade dos libros de texto.

Unha serie de puntos que —como dicía— teñen xa un enorme consenso na comunidade educativa, pois malia que o Goberno non os escoite, a comunidade educativa leva dialogando

xa moito tempo. Hai moito traballo feito que, ao noso entender, cómpre xa recoller e implementar.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías. Bo día tamén aos rapaces e rapazas e aos docentes que nos acompañan na grada.

Ben, estamos ante unha moción do Partido Socialista na que os diferentes grupos repetiron en moitas ocasións a palabra «consenso», e a verdade é que é unha palabra fermosa para falar sobre educación a palabra «consenso». Por iso tamén, en ocasións, é necesario desvelar ou quitar esa máscara aos que falan do consenso, pero que realmente non teñen interese ningún en acadar consensos.

Falaba a señora Chao, porque agora os de En Marea, polo que vexo nas intervencións que houbo ao longo da mañá, están moi instalados nese discurso onírico de afirmar un acordo que non se sabe moi ben onde está ou se existe ou non existe, porque realmente non existe, porque, de momento, o Congreso dos Deputados non se pronunciou.

Pero nós non somos tanto de falar sobre o onírico, senón que somos máis de falar sobre a realidade, e vostedes queren vender un consenso inexistente.

Pero, por contra, ¿saben no que si se puxeron de acordo En Marea e o Partido Socialista hai uns meses? Aí si que houbo un consenso: en dilapidar o pacto social e político pola educación, en botar por terra o traballo dunha subcomisión no Congreso dos Deputados que estivo traballando durante meses para acadar un consenso, e na que compareceron decenas de comparecentes —que pasaron por esta subcomisión— dos diferentes ámbitos. Porque agora piden aquí que se reúnan os diferentes ámbitos da comunidade educativa para chegar a un acordo, e no Congreso dos Deputados, nesta subcomisión, estiveron comparecendo decenas de comparecentes dos diferentes ámbitos do ensino: dende sindicatos, asociacións de nais e pais, profesores..., toda a comunidade educativa comparecendo. E vostedes a esa subcomisión aplicáronlle —se me permiten o símil— a política do baloncesto: colleron todo o traballo desa subcomisión, fixeron unha pelotiña e canastra no cubo do lixo. Ese é o consenso que vostedes lle queren vender á sociedade. É, dende logo, unha broma; cando menos, unha broma.

Porque, ademais, despois hai cuestións que nós, evidentemente, non podemos aceptar. Di o señor Álvarez que non existe igualdade na nosa comunidade autónoma. Diciao a señora Chao tamén; repíteno unha e outra vez.

Oian, vostedes falaban de datos, ¿non? Pois voules dar un dato que tamén temos repetido nesta cámara en numerosas ocasións, e é que se por algo se caracteriza o sistema educativo galego é pola súa equidade. Todos os indicadores —tanto o do ministerio, o informe Pisa, indicadores nacionais e internacionais— sinalan o sistema educativo galego como o sistema máis equitativo dos sistemas educativos de España. Polo tanto, vostedes insistan en negar unha e outra vez a evidencia, que nós o que faremos será seguir traballando unha e outra vez para defender que o sistema educativo galego siga sendo o máis equitativo de todo o Estado. *(Aplausos.)*

Dicían vostedes... É que ao final un non pode evitar ser irónico con determinadas cuestións. Porque agora resulta que dotar todo o que ten que ver co sistema educativo e co debate educativo de certeza, como é establecer un criterio claro e certo que coñezan todos para o que supón o peche dun centro ou o mantemento aberto dun centro, para vostedes iso non é un número inmutable, é unha cuestión que se pode variar, é unha cuestión que se pode negociar. Home, se queren, o que podemos facer é manter abertos centros incluso sen alumnos á espera de que alguén se queira matricular. Iso tamén sería outra posibilidade, ¿non? ¿Por que non? Poderíamos propoñer iso tamén.

Se xa nos instalamos neste discurso —como dicía antes— onírico, ou do país dos sonhos, no que realmente non temos que atender para nada á xestión eficiente dos recursos nin atender para nada a criterios sociolóxicos, a criterios pedagóxicos e a criterios de organización e utilización eficiente dos recursos, pois entón todo vale, deixémolo así.

Porque, outra cuestión: falan de consensos e estamos a ver, por exemplo —chamábame a atención—, a emenda do Bloque Nacionalista Galego. A ver, vostedes saben perfectamente que existen órganos na Comunidade Autónoma, nos cales está representada toda a comunidade educativa, e que teñen capacidade para decidir, debater e opinar sobre o consenso na comunidade educativa. Dígolles máis: Galicia ten unha lei, que é a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, que regula precisamente cal é o papel de todos os axentes da comunidade educativa no diálogo social e no diálogo en referencia á educación. Pero claro, se temos órganos que toman decisións que están en contra dos nosos intereses, ¿que podemos facer para que isto varíe? Ben, pois modificar os órganos, ou crear máis órganos, ou seguir incluíndo asociacións ata o infinito, ata que eses órganos tomen as decisións que a nós nos interesan.

Esa é a súa concepción da política; a nosa, non. Este grupo ten a concepción —como dicía antes— de xestión eficiente dos recursos, compromiso coa comunidade educativa galega, escoitalos, traballar para reorganizar as necesidades e os intereses do sistema educativo e, en definitiva, cumprir o compromiso —que unha e outra vez temos reiterado nesta cámara— que ten este grupo político e que ten o Goberno galego, que é o compromiso coa sociedade galega.

Se vostedes queren vir traballar a prol dun consenso educativo dentro do contexto existente e traballar a prol das necesidades da comunidade educativa galega, benvidos sexan. Agora, se queren seguir facendo demagogia e pintando un escenario que nada ten que ver coa realidade, pois vostedes teñen que comprender que non poden contar para iso con nós.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da moción, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas de novo, presidente.

Por orde de intervención: señora Rodil, agradézolle o apoio do Bloque Nacionalista Galego á nosa moción. Ímoslle aceptar a emenda de adición, pero non a de modificación; non por considerar nin de lonxe que este colectivo non teña relevancia —que claro que a ten—, senón porque nos parece singularizalo dunha forma innecesaria con respecto a outros que tamén deberían formar parte necesariamente dese consenso que, evidentemente, non se vai producir, pese ao fermoso da palabra. É tan fermosa a palabra «consenso» que nos pon nun limbo onírico, é dicir, imos máis ao mundo dos soños que á realidade. Esa é a realidade do Partido Popular. Polo tanto, agradézollo e espero que entenda a nosa postura con respecto a esa non-singularización.

Con respecto á emenda de En Marea, señora Chao, agradézolle sobre todo unha frase que dixo na súa intervención, que foi: situar o ensino no centro do debate. Porque o ensino parece algo que funciona dunha forma automática, que non necesita o debido engraxamento, mantemento e impulso, senón que está aí. Polo tanto, situalo no centro do debate é moi relevante. Non podemos aceptar a emenda, pero —insisto— non porque non esteamos de acordo, que claro que o estamos, senón porque nos parece que non se trata de falta de concreción, senón de capacidade para chegar a un consenso sen posturas predeterminadas. Insisto: poderíamos subscribir punto por punto o que vostedes poñen na súa emenda, pero entendemos que non é o que nós pretendíamos con esta moción.

Señor Fernández Gil, se non lle importa, vou falar de educación en Galicia, non de pactos no Goberno do Estado; se non lle importa, porque é para o que estamos aquí. (*Murmurios.*) ¿Que queren que lles diga? A realidade é mutante, creo que a situación non é a mesma agora que hai uns meses, e iso, evidentemente, forma parte tamén da normalidade democrática. E se non, modificamos o marco, tamén de mutuo acordo con consenso, e temos outro. (*Murmurios.*)

Mire, fala vostede de tirar á canastra do lixo. Ben, que eu saiba, no baloncesto non hai unha canastra do lixo, hai unha canastra, pero bueno...

Falan do tema do pacto do Estado de educación. ¿Que lles pasou a vostedes coa Filosofía? ¿Que votaron neste pleno con respecto á Filosofía en bacharelato? (*Murmurios.*) ¿Que votaron hai unha semana en Madrid? (*Aplausos.*) ¡Outra cousa distinta! ¡Home! A inclusión como materia obrigatoria da Filosofía en bacharelato; non en determinadas modalidades do bacharelato. Polo tanto, as cousas tamén cambiaron para vostedes.

Mire, vou facer un símil moi rápido porque se me esgota o tempo e xa sei que ao final vai ser que non. Foi vostede un pouco reduccionista con ese argumento de que mantemos os centros abertos a ver se vén alguén a matricularse. ¿Sabe onde pasa iso? Na formación profe-

sional, en moitos ciclos formativos que vostedes teñen nesas condicións: esperando a ver se aparece algún alumno para matricularse e poñelo en funcionamento. Esa é a realidade tamén.

E remato xa, presidente, cun conto. Señora Rodil, no instituto Pedregal de Irimia —que me consta que vostede coñece— en Meira, un instituto pequeno, un instituto que dá servizo a unha parte moi importante do rural de Lugo, houbo alumnos que non puideron estudar Grego e Latín porque non tiñan o número suficiente de alumnos, porque eran dous. ¡Fíxese vostede! ¡Que farán dous de Ribeira de Piquín ou de Meira querendo estudar Latín! Esa tamén é a realidade, e iso non é onírico: iso é pragmatismo, iso é realidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

### ***Votación das mocións***

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don José Manuel Lago Peñas.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

Aquí eu teño escrito que se aceptan os puntos 6, 7 e 8 da emenda do Grupo Socialista como engádegas e que vostede solicitou a votación por puntos. *(Unha señora deputada do Grupo Parlamentario dos Socialistas pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non lle acepta a votación por puntos, entón quedalle como de engádegas nos puntos 6, 7 e 8.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Umia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E por último votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez.

Acéptase como emenda de adición a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non se acepta a de En Marea.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redución da oferta educativa nos concellos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura e Pesca para contrarrestar o efecto das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do anisakis**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Julia Torregrosa Sañudo, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de modificación a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar unha nova campaña de información, coa magnitude e os recursos suficientes, que permita clarificar as medidas a adoptar polos consumidores para evitar os posibles casos de anisakis. Ademais procederase á creación dun fondo orzamentario para establecer liñas de axuda co fin de elaborar e establecer mecanismos de eliminación de anisakis a bordo dos buques galegos.»)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 34727)*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir dous novos parágrafos que terán o seguinte contido:*

*«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dotar o Programa “723 A” de, polo menos, 1.300.000 euros para investimentos a bordo, e execute o 100 % do seu importe no período económico correspondente.»*

*«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver unha estratexia de comunicación e información a través dos medios públicos galegos, radio e televisión, para reducir os niveis de alarma xerados en relación co risco de infección co parasito anisakis.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Salorio.

**A señora SALORIO PORRAL:** Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Ao longo deste verán produciuse certa tormenta mediática no eido do consumo do peixe, logo de que as autoridades sanitarias decidisen aumentar a cinco días a recomendación de conxelar o peixe antes de consumilo para diminuír o risco de infectarse co parasito *anisakis*, tras detectarse supostos casos de contaxio de peixe que fora conxelado previamente.

O *anisakis* é un nematodo que parasita os peixes, e ao comelo pode adherirse ás paredes do estómago ou do intestino e producir lesións, ademais dunha serie de problemas dixestivos que poden chegar a ser moi graves. (*Murmurios.*)

A anisakiase só se pode contraer se se come peixe ou cefalópodos parasitados crús ou con preparacións que non matan o parasito. Para evitalo cómpre mercar o peixe limpo, sen vísceras, ou limpalo rapidamente, o antes posible. A cocción, fritura, forneado ou plancha son preparacións que destrúen o parasito cando alcanzan os 60 graos centígrados de temperatura polo menos durante un minuto en toda a peza. Cos crustáceos séguense as mesmas regras.



Se se come peixe crú ou con preparaci3ns que non matan o parasito, deberase conxelalo previamente, a temperatura inferior a menos 20 graos centígrados, durante cinco días, en frigoríficos de tres estrelas ou máis.

A presenza do *anisakis* pode producirse en determinadas especies mariñas de consumo habitual como a pescada ou a palometa, pero tamén noutros como o bacallau, bocarte, cabala, salm3n, sardiña, arenque, anchoa ou outros determinados crustáceos.

Volvendo ao tema desta iniciativa, desde o primeiro momento o sector considerou excesiva esta alarma xerada, chegando a sinalar que se trata dunha campaña orquestrada e interesada que busca a baixada do consumo do peixe fresco en lonxa. Aínda que en Galicia son mínimos ou nulos os casos desta infestaci3n de anisakiase en humanos, si que somos quen máis sufrimos as mensaxes que falan deste problema. Armadores, mariñeiros, comercializadores, praceiros... todos est3n tratando de neutralizar, coas ferramentas que teñen ao seu alcance, a baixada das cotizaci3ns do peixe xunto ao descenso do consumo.

Por outra banda, a Consellería do Mar non quedou cos brazos cruzados, tomou medidas dende o primeiro momento, en pleno mes de agosto, cando xurdiu esta mediática tormenta. Iniciaron unha campaña informativa a través das redes sociais, onde se explicaba mediante un vídeo explicativo — teño aquí a primeira foto do vídeo— como tratar o parasito á hora de cocinar o peixe. A maiores, nos medios de comunicaci3n galegos, en relaci3n cos beneficios do consumo do peixe e sobre o parasito *anisakis*, iniciábase unha campaña publicitaria tanto en prensa como en radio e televisi3n de promoci3n de consumo da merluza ou pescada, unha das especies máis afectadas polo *anisakis* e con maior afectaci3n para a frota galega.

Somos coñecedores de que todas estas acci3ns foron ben recibidas polo sector, que agradeceu toda a colaboraci3n, especialmente cando estabamos ante unha situaci3n complicada para eles pola caída dos prezos dos seus produtos en plena campaña de verán. Non en van estas campañas fóronlles propostas no seo do Pleno do Consello Galego de Pesca, e foi o propio sector quen lle deu a aprobaci3n á mesma, avogando pola sinxeleza da mensaxe e da positividade do consumo de peixe.

Non podemos dicir o mesmo do Goberno central, que estivo ausente nesta crise. Non sabemos se por desinterese deste problema que afecta á frota galega, ou, peor aínda, por ter acontecido en pleno período estival, pillando a máis de un de vacaci3ns. Non sabemos que é peor, pero a propia prensa recollía este malestar nun xornal o pasado 6 de agosto, no que dicía: «*Madrid sigue sin actuar para frenar la alarma social por el anisakis*», *La Voz de Galicia*, 6 de agosto de 2018.

Foi unha demanda xeneralizada, que reflicte un problema serio que non debemos tomar á lixeira nin abordar cunha mera nota de prensa que pode ser o inicio dunha mecha imparable, e que debe facer reflexionar sobre a forma de comunicar estas cuesti3ns. A realidade é que, unha vez feitos os deberes dende Galicia, o sector pesqueiro afectado reclama que sexa o Ministerio de Agricultura e Pesca quen desenvolva unha estratexia de comunicaci3n para contrarrestar o efecto desta confusi3n sobre as medidas adoptadas polas autoridades sanitarias.

Fedepesca mantivo a mediados de xullo unha xuntanza coa secretaria xeral de Pesca, Alicia Villauriz, na que se lle formulou a necesidade de que o Goberno lidere a comunicación. Esta petición tamén foi formulada pola conselleira ao ministro Planas o 31 de xullo, no transcurso dunha conferencia sectorial, e foi referendada nunha xuntanza posterior entre ambos.

Desde o ministerio acordaron traballar entre o Goberno central e as comunidades autónomas co obxectivo de difundir información correcta ao consumidor sobre os beneficios que ten o consumo de peixe para a saúde. Dixeron que sería despois de agosto. Estas campañas serían moi acaídas para responder á confusión xerada por estas tormentas mediáticas que buscan intereses que descoñecemos, pero o que si sabemos é que afectan duramente o noso sector da pesca.

En definitiva, consumir peixe é completamente seguro sempre que se adquira polas canles legais de comercialización e que se cumpran as recomendacións da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición. En todo caso, agosto pasou, e case dous meses despois aínda non está a campaña nacional en marcha, polo que o Grupo do Partido Popular quere presentar a seguinte proposición non de lei:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar do Ministerio de Agricultura e Pesca que desenvolva unha estratexia de comunicación para constrarrestar o efecto que está tendo esta confusión sobre as medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do *anisakis*.» (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Salorio.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, presidente. Bo día.

¡Aí!, ¡quen lle ía dicir a Pedro Sánchez que tamén ten a culpa do problema co *anisakis*! ¡Quen llo ía dicir! (Aplausos.) ¡Outra máis que lle vén! (Aplausos.)

Pois nós fixemos unha emenda que o que pide é que, se realmente hai preocupación polo risco de infección do *anisakis*, que se doten orzamentos. E para iso falamos de incrementar o valor do Programa 723A, que ten unha partida de investimentos a bordo. E despois explicáremoslles en detalle por que.

No ano 2017 esta partida era de 1.300.000 euros, e a proposta que teñen para este orzamento do ano 2019 é de 100.000 euros, practicamente o que fan é que desapareza esta partida. Importante, investimentos a bordo. Ademais, recordamos que este Programa 723A ten unha execución do 37 %; de cada 10 euros, 6 quedan no caixón.

Por outro lado, facemos unha emenda na que pedimos que se utilicen os medios públicos para achegar este tipo de campañas por parte do Goberno galego. Porque vostedes faláron aquí de que durante o verán a Xunta de Galicia reaccionou rapidamente facendo unha campaña en redes sociais, pero nós o que nos preguntamos é se realmente son conscientes do

enorme problema que temos aínda en Galicia no século no que estamos, no ano 2018, de conexións a internet especialmente no rural. Polo tanto, este tipo de campañas a través de redes sociais temos que lamentar que non chegan. Hai moita xente aínda hoxe en día que non pode conectarse a internet, e, polo tanto, este tipo de campañas non lle chegan. O que nós pedimos é que se utilicen os medios públicos para estas cuestións.

Outra cuestión que nos gustaría aclarar antes de entrar un pouco máis en detalle en relación cos investimentos a bordo, é pedir certa prudencia. Porque cando vostedes falan de que se iniciou unha campaña como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias, o que queríamos preguntar é ¿a que se refiren exactamente? ¿A que se refiren cando falan de autoridades sanitarias? Porque cada certo tempo aparecen campañas intencionadas, de parte —non nos cabe dúbida—, que o que provocan realmente é que se incremente o consumo de peixe conxelado ou que procede da acuicultura, prexudicando enormemente o peixe fresco. De feito, nos portos ocorreu que a pescada pasou de 5 euros unicamente a 2 euros.

Houbo titulares na prensa terribles, do tipo: «o *anisakis* faise máis resistente e persiste», e incluso falouse de epidemia. Pero o certo é que, se entramos nesas noticias, vemos que falan dunha axencia, pero que esa axencia non é precisamente unha autoridade sanitaria. Polo tanto, pediríamos prudencia. A única autoridade competente oficial en España é a Agencia Española de Consumo, Seguridad Alimentaria y Nutrición (AECOSAN), que depende do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social. Polo tanto, rigor e sexamos prudentes.

Respecto dos investimentos. Hoxe en día xa existen barcos que levan a bordo uns mecanismos que permiten a evisceración do peixe —que se fai antes de refrixerar ou de conxelar—, de xeito que as larvas que están nas vísceras morran antes de tiralas ao mar. Ao peixe sácanselle as vísceras, tíranse ao mar, os peixes máis pequenos comen esas vísceras, logo os máis grandes, e logo chega ao humano. Se morren esas larvas, redúcese o risco de infección. Pois existen mecanismos que xa teñen incorporados algúns barcos en fase de proba para evitar ou reducir o risco de infección. ¿Que pasa? Que se temos uns orzamentos onde os investimentos a bordo son 100.000 euros, malamente se poden facer eses investimentos a bordo para evitar e reducir precisamente ese risco de infección.

Polo tanto, e xa que nos preocupa o *anisakis*, imos intentar reduci-lo de xeito real con orzamentos. Porque todo o que se propón, todo o que se fai, se non leva asociada unha partida orzamentaria, realmente é un brindado ao sol, non vale, porque non se pode levar a cabo, porque non ten un respaldo económico para levalo a cabo.

Así, a nosa emenda o que realmente vén dicir é iso: ¿preocúpanos o *anisakis*? Efectivamente, preocúpanos. ¿O risco de infección por *anisakis* pódese evitar mellorando o proceso de evisceración? ¡Pódese! ¿Para iso é preciso facer investimento a bordo das embarcacións? ¡É preciso! Polo tanto, orzamentos; polo tanto, partidas económicas que permitan facer eses investimentos a bordo, e así, dese xeito, poder reducir o risco de infección.

Por outro lado, utilicen tamén os medios públicos cando fan as campañas, porque en Galicia —é unha realidade— hai moitos puntos da Galicia rural nos que aínda hoxe en día non se

pode conectar unha persoa a internet. ¡Non é posible a conexión! Entendemos que é unha emenda moi de mínimos, moi razoable e, polo tanto, poden aceptala sen ningún tipo de problema.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Torregrosa.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

En primeiro lugar, dicir que a cuestión do parasito *anisakis* parécenos que é unha cuestión moi seria e urxente, e que a Consellería do Mar parecía que a quería eludir, xa que foi o noso grupo parlamentario quen levou o devandito tema á Comisión de Pesca.

Non ten sentido ningún que a Xunta non asuma a súa responsabilidade neste tema e traslade esa campaña ao Goberno do Estado, botando balóns fóra supoñemos que por intereses creados cos sectores da acuicultura industrial intensiva, que están a fomentar campañas —esas tormentas mediáticas— que non son máis que campañas de contrainformación aparecidas en prensa e en medios públicos que desinforman e manipulan, presentando como especies seguras aquelas de auga doce como a panga, da que a Organización Mundial da Saúde (OMS) di que a súa acumulación de antibióticos para evitar a alta mortalidade debida ás malas condicións nas que viven, á alimentación con pensos e á alta contaminación das augas nas que crían os devanditos peixes, orixina un risco sanitario importante para a poboación, debido á aparición de alerxias e de bacterias resistentes aos antibióticos que utilizan nelas, ocasionando serios problemas no tratamento de enfermidades aos humanos. Tampouco os riscos do consumo de salmón de acuicultura intensiva, que produce peixes con mutacións xenéticas, niveis anormais de graxas ou coa toxicidade dun antioxidante chamado etoxiquina, que tamén pode producir enfermidades, que está no pellet co que os alimentan. Pero iso non interesa tanto comunicalo expresamente, o que demostra a procedencia desta malintencionada campaña.

Vostede di que os casos de contaminados que se anunciaron este verán son escasos ou nulos en Galicia, pero, sen embargo, na TVG neste ano ten aparecido esta problemática en 27 ocasións, fronte ás 4 de todo o ano 2017.

O que esta iniciativa denota é o que En Marea xa denunciou: unha campaña de xeito evidentemente insuficiente, xa que nin tan sequera os portavoces do PP foron capaces en comisión de explicar cales son os métodos para eliminar o *anisakis*.

Unha campaña responsable do noso goberno debería deixar claros aspectos tales como que os controis que se realizan de forma sistemática nos portos e nas lonxas permiten desbotar calquera peixe no que aparezan parasitos. Así, nas especies de gran tamaño procedentes dos

caladoiros do Atlántico norte, onde podería existir máis presenza de anisakis: bacallau, abadexo, bacaladilla, carioca, salmón, lura, extraíense as vísceras a bordo dos barcos en canto son capturados, evitando así esta situación. Ademais, o anisakis só supón un risco relativo se se inxire o peixe cru, marinado ou pouco cociñado. Para evitar a anisakiase —infección por anisakis— basta con conxelar o peixe se se vai comer cru ou marinado, como sushi, ceviche ou en vinagre, a temperaturas de -20 graos centígrados, un mínimo de 24 horas, ou mellor 2 ou 3 días se a conxelación se fai na casa, e a posible presenza do parasito anisakis desactívase no peixe que se prepara cociñado, frito, asado, etc., a temperaturas superiores a 60 graos, como xa estableceu a Unión Europea en 1991.

A nosa emenda introduce a necesidade de xestionar axudas aos armadores e introducir mecanismos de eliminación do anisakis a bordo, xa que supón un custo elevado e require unha solución.

Engadir, ademais, que a nova secretaria de Pesca, a señora Alicia Villauriz, anunciou nunha entrevista en *El Progreso de Lugo*, do pasado día 6 de outubro, en resposta a que se faría unha campaña para informar ao consumidor sobre o anisakis, que o ministro comprometeuse, con ocasión da súa visita a Conxemar, que fora o 2, 3 e 4 de outubro, non hai dous meses, ao lanzamento dunha campaña inmediata de promoción de consumo de peixe.

Por iso a nosa emenda contén dous puntos. Un, que a Xunta elabore unha nova campaña de información detallada das cuestións de cara aos consumidores e que chegue verdadeiramente aos consumidores. E, dous, a necesidade de xestionar axudas para introducir as novas tecnoloxías nos buques, o que supón un custo elevado.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Torregrosa.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Eu quero manifestar a preocupación do BNG polas campañas de alarma a través do consumo de peixe cru, e con iso a transmisión do parasito anisakis. E quero trasladar a preocupación porque estas campañas, desde logo, nós cremos que non son inocentes, que non son casuais, que non xorden espontaneamente. Para que as campañas destas características causen a alarma que causan, que cheguen á poboación e teñan os efectos que buscan, que non son outros que que a xente deixe de consumir determinadas especies de peixe, teñen que producirse unha serie de requisitos, como que teñen que ser divulgadas, teñen que ser impulsadas, repetidas insistentemente nos medios de comunicación; é dicir, teñen que ter colaboradores necesarios, ser reproducidas, impulsadas, para que produzan eses efectos no consumidor, que non son outros que producir esa alarma e que se deixe de consumir peixe.

¿E cal é o peixe que se deixa de consumir? Pois é precisamente o peixe de produtores galegos. Déixase de consumir o peixe dos barcos galegos. ¿Casualidade? Pois a min vanme permitir

que non me pareza casualidade porque sempre chove sobre mollado. As especies que se deixan de consumir son precisamente as que pescan os nosos barcos.

Prodúcese unha caída dos prezos de máis do 50 %, algunhas especies practicamente deixan case de ter prezo. Hai unha caída nas vendas, e o que é máis grave, que meses despois eses prezos, esas vendas, non se dan recuperado, e nalgunhas especies o dano é practicamente irrecuperable. Non hai máis que ir ás nosas prazas do peixe e ver como determinadas especies, noutra hora moi apreciadas, practicamente seguen sen ter prezo.

¿E que é o gravísimo da situación? Pois que o espazo que deixa baleiro esa especie, poñamos a máis paradigmática que é a pescada, pero podemos falar doutras, é ocupado por outras especies. É dicir, ese espazo que deixan no mercado as nosas especies é ocupado por outras especies; efectivamente, por especies foráneas, por peixe conxelado, por especies de piscifactoría, por peixes de acuicultura. ¿Casualidades? Eu insisto en que, dende logo, non creo nas casualidades. Non hai que ser unha experta para establecer relación entre quen sae beneficiado e quen sae prexudicado por este descrédito nas campañas ás que nos estamos a referir.

Que existe un parasito no peixe cru, o anisakis, é evidente. Que hai un problema se se consume cru, tamén é evidente. Que isto é algo que vén de vello, tamén é evidente. E que existen campañas cada certo tempo para axitar o mercado, tamén é evidente. ¿Que hai xeitos de evitar que teña consecuencias para a saúde? Tamén. ¿Que son sinxelos de levar a cabo? Tamén. A cuestión é por que non hai unha implicación maior por parte das administracións en ter informada á poboación, por evitar esta alarma e por evitar, sobre todo, que haxa este descrédito para as especies galegas. É unha pregunta que teríamos que contestar.

Hai practicamente un mes, na Comisión 8ª, de Pesca, deste Parlamento aprobabamos unha iniciativa por unanimidade, por instancia de En Marea, que foi quen a levou á comisión, na que se instaba a Xunta de Galiza a iniciar de inmediato unha campaña e a implicarse. Eu, dende logo, un mes despois non vin esa implicación por parte da Consellería. Non a vin, señora deputada, non a vin, por moito que vostede mova a cabeza. E a min o que me parece realmente triste é que case reduzamos esta cuestión á cuestión de competencias, a ver quen se implica máis, se a Xunta de Galiza ou o Goberno central. A min o que me parece bastante triste é que no medio quen queda pillado son os produtores, é o noso sector produtivo, que máis unha vez é o que queda en terreo de ninguén. A Xunta non se implica, xa sabemos que para Madrid o noso sector pesqueiro é unha cuestión testemuñal, non é unha cuestión importante, e no medio o que queda son os prezos tirados e unhas vendas que non se recuperan.

Dende logo, para o BNG non se ten feito o suficiente por ningunha das dúas administracións. Hai que volcarse dun xeito moito máis eficiente e trasladarlle á sociedade que hai sistemas sinxelos e eficaces para consumir peixe fresco sen que sexa un risco, pero, dende logo, para iso hai que volcarse en trasladarllo á poboación e evitar que ese espazo que deixa baleiro o non consumo... Xa remataba...

**O señor PRESIDENTE:** Descanse, descanse xa.

**A señora PRADO CORES:** Grazas. *(Aplausos.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señora Salorio.

**A señora SALORIO PORRAL:** Grazas novamente, presidente.

Vou comezar polas emendas.

Señora Toja, o programa 723A está destinado a mellorar a competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura. Está focalizado en axudas á transformación á acuicultura e melloras a bordo. Está baseado no outorgamento e execución de axudas a empresas, non sempre doado de executar.

A Consellería do Mar ampliou un 3,9 os fondos destinados a este programa nos orzamentos de 2018 con respecto aos de 2017; e a cantidade medrou un 36 % desde o 2014.

Hai que lembrar que o PSOE rexistrou emendas parciais o ano pasado que demandaba rebaixar as contías de diversas partidas neste programa en 23,7 millóns, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* un 37 % do total, e agora queren incrementalalo e executalo.

Con respecto ao incremento das aportacións económicas, estamos traballando en proxectos como o PP07 Lugo, o PP04 de Vigo, ou o de Anfaco do porto de Celeiro, para reducir a presenza do anisakis nunha dobre vía de apoio. Apoiando as melloras a bordo, nas que caben este tipo de proxectos, e sinalar que o relativo ás melloras a bordo, na convocatoria do 2016, destináronse 900.000 euros, con 66 solicitudes presentadas. E na convocatoria do 2017 destináronse 272.000 euros, presentándose 52 peticións. En ambas anualidades foron atendidas absolutamente todas as peticións presentadas que cumprían os requisitos, e para este ano este departamento dedicou un millón de euros.

Con respecto á emenda de En Marea, señora Torregrosa, quería dicir que vostedes van a 33 revolucións por minuto e nós imos a 45. Xa temos posta en marcha esta campaña, mentres outros quedaban de brazos cruzados desde hai dous meses.

Vostedes poñen deberes aos que os fan, e aos que non, invítanos. Empézaselles a ver o plumeiro. Aos que antes tiñan solución para todo, agora véselles que se lles foron as ideas. *(Aplausos.)*

Isto que vostedes presentan na emenda non é o obxectivo desta PNL. Vostedes presentaron outra PNL en comisión, a nosa de hoxe foi rexistrada anteriormente a esa comisión, e nela apoiámos unanimemente a decisión de exixirlle á Xunta o que hoxe pedimos trasladar ao Goberno español. O Goberno galego fixo os deberes porque xa estaba a facer isto que propuxeron. Agora ao Goberno central queren evitarlle vostedes que faga os seus deberes, ao seu cogoberno.

Cremos que hai que salientar aquí varias cuestións antes de votar. Esta proposta foi formulada o 31 de xullo nunha reunión co ministro e antes da conferencia sectorial. Disque ía ser

despois de agosto, levamos dous meses de atraso. Entendemos que agosto é practicamente inhábil para efectos da Administración, pero Galicia fíxoo incluso en agosto e en plenas vacacións, e non se están pedindo grandes campañas nin mensaxes complicadas. O propio sector demandou claridade e sinxeleza. A Xunta non fixo nada que non fose demandado nin avaliado polo sector. Xa se ve quen traballa por, para e co sector.

Con respecto ao que dixo a señora Prado —non quería rematar estes segundos que me quedan sen comentarllo—, as campañas, por suposto, tamén nos parecen a nós mal intencionadas, por iso queremos combatelas deste xeito, con esta PNL. E simplemente recordar que a nosa PNL de hoxe foi rexistrada antes da comisión, non despois.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Salorio.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos de Ence en Lourizán, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto do acordo de prórroga da concesión adoptado o 20 de xaneiro de 2016**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 36234)*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en relación coa factoría Ence en Lourizán (Pontevedra) a:*

*«1. Que participe nunha mesa de diálogo, xunto coa Administración do Estado, o Concello de Pontevedra, a empresa Ence e colectivos interesados, para estudar o posible traslado da empresa fóra da ría de Pontevedra, atendendo ás necesidades sociais e medioambientais e ao mantemento dos postos de traballo da planta.*

*2. Que, despois de resoltos os procedementos xudiciais pendentes na actualidade e, segundo o seu resultado, inicie o procedemento de redacción do instrumento urbanístico ou de ordenación territorial máis acaído para a rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupado pola empresa Ence e desbote a tramitación da modificación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos da empresa, por contravir o establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.



**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Imos falar da prórroga de Ence, e hai que falar entón da historia dunha fábrica imposta a golpe de baioneta na ría de Pontevedra en 1958, en pleno franquismo. Unha fábrica imposta despois a golpe de BOE e de portas xiratorias en plena suposta democracia. E agora o Partido Popular e Ence queren vendernos o chamado pacto ambiental como a panacea, cunha chuvia de millóns para investimentos en sesenta anos que é un absoluto uso perverso da lingua, porque nos falan dun pacto ambiental e dunha biofábrica para legalizar a ocupación de 600.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre na ría de Pontevedra.

E o último exemplo de burla foi recentemente o do señor Colmenares, director de Ence, que dixo publicamente o seguinte: «*Vamos a conseguir una fábrica que no huela, que no tenga vapor visible, que no suelte agua al mar y que no haga ruido.*»

A min ocorréuseme propoñerlle a Ence unha nova liña de produtos, unha nova liña de produtos de cosmética: esencia Ence, inolora, indolora tamén, invisible. (*Aplausos.*) Sería un bo... Teño tamén en versión líquido, pode ser vapor ou líquido. Non sei, se queren ideas, desde logo podemos ofrecerlle ideas.

Non vos riades, que o conto é triste, como dicía Castelao.

Dicía este señor Colmenares: «*Será una fábrica disimulada y no se verá. Va a ser una fábrica invisible.*» Non sei se isto é a fábrica 6.0 do señor Conde ou que, pero fábrica invisible, desde logo, nunca escoitamos falar disto.

Miren, por se queren transmitirlo a Ence: non queremos unha fábrica invisible, queremos unha fábrica fóra da ría de Pontevedra. Queremos que nos devolvan a ría de Pontevedra, esta ría de Pontevedra e esta enseada de Lourizán sen Ence. Isto é o que queremos, non contos chineses como os que nos pretende vender de abalorios o señor Colmenares coa complicidade do Partido Popular, do señor Rueda e compañía.

Esta historia de Ence podería titularse: «Imos contar mentiras, tralalá». E este título acáelle moi ben, ademais, ao profeta da posverdade e á súa corte de imitadores e imitadoras. Tamén se podería chamar: «trece estampas da traizón», porque é unha historia, desde logo, de mentiras e de traizón. Aínda que a realidade —isto tamén hai que deixalo claro— é que o Partido Popular sempre estivo manobrando para consolidar Ence máis alá de 2018, que era a data de remate da concesión. Fíxoo na época do presidente Fraga, que intentou varias vías para consolidar a fábrica. Primeiro, vincular os terreos ao porto de Marín. Despois, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. E despois, o asalto ao Pleno do Concello de Pontevedra, o intento de derrubar o Goberno municipal, que non o conseguiron porque segue aí, quince anos despois, o Goberno municipal do BNG facéndolle fronte a estes atropelos de Ence e da Xunta de Galiza do Partido Popular.

Máis tarde chegou o profeta da posverdade naquela data memorable do 21 de maio de 2009, cando se reúne o Consello da Xunta en Pontevedra, e o titular da prensa era: «Feijóo se reunirá con Ence en breve para estudar su reubicación en Pontevedra». E dixo —frase memo-

nable—: «Non cabe a posibilidade de manter Ence na ría. Non imos dicir unha cousa e facer a contraria». Frase do profeta da posverdade, o señor Feijóo. Por esta frase, desde logo, merecería un posto no consello de administración de Ence.

Despois vostedes, Partido Popular, Xunta de Galicia, aproban as Directrices de ordenación do territorio, despois o POL no ano 2011, no programa electoral do 2012 volven prometer a desaparición da fábrica no actual emprazamento. Porque vostedes tamén defendías isto. Agora parécelles moi estraño, din que nós queremos acabar coa industria, pero durante todos estes anos, nos peores anos da crise, cando había máis problema de paro, vostedes defendían todas estas cuestións. Mesmo chegaron a asinar un protocolo coa empresa CUP propietaria de Elnosa, para facilitar a saída da ría. Nada de nada. Ata que chegou o momento da traizón; primeiro no 2013, co cambio na Lei de costas á medida dos intereses de Ence, e despois coa vergoñenta prórroga de sesenta anos de 2016, asinada por un goberno en funcións con nocturnidade e con aleivosía, algo absolutamente infame, que pon de manifesto unha vez máis un Partido Popular servil aos intereses do Partido Popular de Madrid, das empresas do IBEX e das portas xiratorias, porque sabemos que alí estaban —como xa dixemos mil veces— unha ex-ministra de Medio Ambiente e un ex-conselleiro de Medio Ambiente do Partido Popular, que xa... ¡manda truco!

Con todo isto, o que fixeron foi agasallar a empresa con 373.000 metros cadrados de dominio público gañados ao mar. E xa sabemos como actuou o Partido Popular, coa mentira e coa traizón. E agora tócalle actuar ao Goberno socialista e xa nos está tardando, xa nos está preocupando.

Ence e outros moitos asuntos de interese prioritario para o noso país non están na axenda política do Estado porque non hai axenda política galega en Madrid. Non a hai, como se pode ler no pacto asinado entre o Partido Socialista, o Goberno, e Unidos Podemos. Non están aí moitos temas que nos interesan, como este de Ence.

E quero aclarar a este respecto, e aclararllo ao Partido Socialista, que seguro que vai vir aquí cunha liña discursiva determinada dicindo que a prórroga concedida (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, lla escoitei outras veces, xa me podo adiantar aos acontecementos— non é firme. É unha decisión reversíbel, é unha decisión revisábel, porque están pendentes de resolver e de responder distintos recursos e iniciativas, entre elas un requirimento repositório do Concello de Pontevedra. Poderían facer de oficio, porque se o PSOE dixo que foi unha decisión tomada por un goberno en funcións, e con esa aleivosía, podería facelo de oficio e revisar esa decisión. Pero ademais ten enriba da mesa desde o ano 2016 un requirimento repositório do Concello de Pontevedra que está sen responder, poden facelo. E poden tamén achandarse ante o recurso contencioso-administrativo presentado diante da Audiencia Nacional.

En consecuencia, non é necesario agardar a que haxa unha sentenza. Hai polo menos tres vías posibles para evitar agardar esa sentenza. E claro, logo está a mesa proposta polo PSOE de Pontevedra. Curioso que faga esta proposta dunha mesa de diálogo non o goberno, que podería facelo perfectamente o goberno, senón representantes do Partido Socialista. A nós parécenos unha cortina de fume para gañar tempo. De todas maneiras, non hai ningún pro-

blema se revogan esa decisión, se anulan esa decisión, para sentarnos a falar de que facer, de como recuperar eses terreos. O que pasa é que o Goberno de Madrid, o Goberno do PSOE, debe actuar con valentía e debe actuar con coherencia con respecto ás posicións que defendeu ao longo destes últimos anos votando neste Parlamento, votando no Pleno do Concello de Pontevedra e sendo consecuente con esas votacións.

E queremos ir tamén máis alá disto, porque as Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral son instrumentos de ordenación do territorio aprobados polo Goberno da Xunta anteriores e vinculantes para o Proxecto sectorial de incidencias supra-municipal, que, aínda que foi aprobado pola Xunta no ano 2013, só tivo vixencia efectiva despois dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no ano 2012, polo tanto, posterior a estes instrumentos de ordenación do territorio.

E estes instrumentos de ordenación do territorio din que aí non pode haber unha fábrica, que hai que recuperar eses terreos, que hai que rexenerar eses terreos, que hai que facer unha área de mellora ambiental e paisaxística, que non ten cabida aí unha fábrica como a que está agora.

En consecuencia, hai que paralizar e desbotar a modificación do proxecto sectorial que prevé consolidar e perpetuar aí a fábrica coa construción dunha planta de biomasa que vai supoñer ¡fíxense! a construción dunha edificación de cincuenta metros de altura, —nos terreos onde está a fábrica— o equivalente a un edificio de dezaseis andares, e unha cheminea de setenta metros, cun impacto ambiental e paisaxístico e tamén cun evidente impacto na política forestal e na ordenación forestal da contorna, porque xa sabemos o que traen as plantas de biomasa en canto a cultivos enerxéticos e necesidades de subministro de materia prima.

O que pedimos con esta iniciativa é que se aborde e se empece a pensar xa seriamente na reasignación, na restauración e na reordenación deses terreos como establece o POL. Pedimos que cumpran as normas que vostedes mesmos aprobaron.

E agora que está en marcha a desaparición de aí de Elnosa temos unha oportunidade histórica para poñer fin a unha desfeita da ría e da contorna iniciada no franquismo e continuada despois ata épocas moi recentes mediante a prórroga asinada polo señor Rajoy. E temos a oportunidade de iniciar unha nova etapa de respecto polo medio, de reconciliación coa contorna e de devolución a Pontevedra do que en xustiza lle corresponde, que é esta ría libre dun complexo contaminante como o de Ence-Elnosa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Señor Bará, eu estou un pouco sorprendida co seu ton. Pensei que ía utilizar o mesmo ton que onte o alcalde Lores co presidente Feijóo, (*Aplausos.*) que foi un ton moi amable, e vostede vén aquí excesivamente belixerante co Partido Socialista.

Aínda que vostede xa coñece o meu discurso, vou intentar explicalo na Cámara coas miñas palabras. Vou repetir unha frase: «un non pode vir a esta Cámara a pedir o peche de Ence» que acabamos de escoitar hai escasamente quince minutos. Pero claro, o presidente Feijóo veu aquí prometendo en 2009 e en 2012 non que a fábrica saíse de onde está, senón que a concesión de Ence remataría no ano 2018. Esas foron as súas promesas electorais por escrito nos seus programas electorais. (*Aplausos.*) Pois, señor Tellado, vanlle tirar das orellas outra vez e o señor Feijóo non vai poder entrar mañá nesta Cámara, segundo vostede. E non foi o único que votou, ¡é que toda esta Cámara votou por unanimidade unha transacción para que Ence saíse da ría de Pontevedra antes do ano 2018! Así que vostedes, que moito o repetiron dende aquel momento, tampouco van poder entrar.

O certo é que o tema de Ence é un tema recorrente no Parlamento porque é un tema esencial non só para Pontevedra, senón tamén para Galicia. E por iso eu creo que, aínda que xa coñeza o meu discurso o señor Bará, algo vou ter que dicir.

Está dende o ano 1959 por unha concesión e podía estar ata xullo de 2018. Cando se acordou por parte do presidente Feijóo donde dije digo, digo Diego, chegou Mariano Rajoy e aprobou esa lei supostamente de protección do litoral no ano 2013, e estableceu para todas as concesións posibles setenta e cinco anos máis, pero exixía un informe favorable e determinante do órgano ambiental de cada comunidade autónoma onde estivesen as concesións. O Goberno da Xunta emitiu un informe que foi un paripé. Pedímosllo varias veces e primeiro o ex-conselleiro Agustín Hernández dixo que ese informe era preceptivo, o cal non é certo, non o foi porque a lei non o pon. Despois cambiou e dixo que era determinante. Pero logo resultou que non foi nin determinante, nin preceptivo, nin nada de nada, porque o único que dixeron foi que Ence cumpría cos parámetros. Tiña creo que isto, máis ou menos, de ocupación.

A fábrica pediu sesenta anos máis. Internamente, eles en directo dixéronnos que: ¡lástima que non tivesen pedido setenta e cinco!, porque saben que se os tivesen pedido tamén llos concederían. Que estaban sorprendidos con eses sesenta anos, e se o chegan a saber piden setenta e cinco; e non pediron máis porque a lei non o permitía; e non o permite.

O Goberno de Rajoy en funcións, por delegación da ministra de Medio Ambiente á directora xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, concedeu sesenta anos máis. Ence vai estar aí en principio, legalmente, ata o ano 2073. E tamén é curioso que nesta Cámara vostedes teñen —porque así o aprobaron— unha Lei de transparencia e bo goberno, e o presidente Feijóo votou esa lei para limitar as xestións dun goberno en funcións ao despacho de asuntos ordinarios. ¡Seica Ence é un asunto ordinario! Ordinario porque se repite moito nesta Cámara, ao mellor. Entón imos ter a Ence en Lourizán durante 114 anos. Sáelle barato, por 61 millóns de euros, que foi o que se acordou; pero non é un asunto ordinario para as 20.000 persoas que en Pontevedra saíron á rúa a demandar que esa prórroga non existise.

O curioso é que esta lei do ano 2013, a Lei de protección do litoral, foi recorrida no Congreso dos Deputados por inconstitucionalidade polo Grupo Parlamentario Socialista. Recorreu ao Tribunal Constitucional, e o Tribunal Constitucional dixo que é constitucional e modificou algunhas cousas. E esa decisión de prórroga, co silencio do Goberno de Feijóo, recorreuse polo Concello de Pontevedra e pola Asociación Pola Defensa da Ría en recurso contencioso-administrativo, e aí estamos na Audiencia Nacional con ese recurso. E hai que esperar que se resolva ese recurso porque o contrario é prevaricar. Dicirlle á Avogacía do Estado que prevarique, ou dicirlle ao Goberno que prevarique, nós non o imos facer. Nós cremos na independencia dos órganos xurisdiccionais, cremos e practicamos esa independencia, porque é verdade que hai un Plan de ordenación do litoral, hai unhas Directrices de ordenación do territorio, pero hai unha cousa que se chama Constitución Española, (*Aplausos.*) que no artigo 117 di que o Poder Xudicial é independente, aínda que a algúns non lles guste; pero a nós si nos gusta que o sexa.

E logo está ese requirimento repositório que presentou o Concello de Pontevedra. Voulle ler un artigo da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, o artigo 44. Di que cando se trata de administracións entre si non se pode interpoñer recurso de reposición, por iso se vai a este requirimento —e vouno ler en castelán porque é así como o teño, porque é difícil atopar Lei da xurisdición contenciosa en galego—. «Una administración le pide a otra que interponga recurso contencioso-administrativo. Podrá requerirla previamente para que anule o revoque el acto.» Este sería o caso do concello. Pero di, punto 3: «El requerimiento se entenderá rechazado si dentro del mes siguiente al de su recepción el requerido no lo contestara». Iso quere dicir que ese requirimento que chegou ao Goberno de Mariano de Rajoy cando era presidente do Goberno xa non se pode contestar porque xa está rexeitado, porque o di a Lei da xurisdición do contencioso-administrativa. Non é que o Goberno de Pedro Sánchez teña que respostar a ese requirimento, é que xa se lles dixo que non de oficio por silencio. Polo tanto, ese requirimento non hai que contestalo porque xa está desbotado, xa non existe, o único que existe —vou rematando— son os tribunais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Remate xa.

**A señora VILÁN LORENZO:** Pero nós, ademais, estamos a favor do diálogo, por iso lle propoñemos pedirlle ao Goberno que acepte esa mesa de diálogo que se propón e que propuxemos tamén en iniciativas nosas, xunto coa Administración do Estado, o Goberno da Xunta, o Concello de Pontevedra, Ence e todos os colectivos que se consideren interesados. E despois de que se resolvan os expediente xudiciais, o procedemento xudicial que hai na Audiencia Nacional, a partir de aí poderemos falar do resto.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

O 20 de xaneiro do 2016, data da última traizón con Ence do presidente en funcións M. Rajoy, que recentemente foi expulsado do seu cargo pola corrupción sistémica do seu partido. Este presidente en funcións decidiu, en contra das súas competencias —do que debe ou non debe facer un Goberno en funcións— porque non había urxencia, porque faltaban dous anos para a fin da concesión, regalar sesenta anos máis de concesión á pasteira Ence. Regalar a custo cero, sen ningún tipo de contraprestación. Mesmo é así, que a empresa, pouco despois desa prórroga, decidiu despedir a decenas de traballadores, a eses que utilizaba como escudos e como escusa para manterse aí. Non lle temblou o pulso para despedir decenas de traballadores inmediatamente despois de que se lle regalase a concesión. E o Partido Popular, que tamén utiliza o mantra dos traballadores, non dixo nin pío, calou e agachou a cabeza.

Eses son os negocios do Partido Popular: beneficio para os de arriba e para os corruptos, prexudicando a cidadanía. Nada novo.

A prórroga irregular é unha decisión que vai contra o POL e contra as DOT galegas, contra a normativa que tanto o grupo de goberno como a Xunta de Galicia teñen obriga de defender, pero agachan a cabeza diante dos intereses de Ence.

A prórroga irregular tamén vai en contra do manifestado por todos os grupos que formamos parte desta Cámara, mesmo do Partido Popular, que —como xa se dixo— se comprometeu a retirar a fábrica da ría de Pontevedra se gañaba as eleccións do 2012. Vai en contra tamén do desexo da cidadanía, que se ten manifestado moi maioritariamente a favor de rematar con esa concesión e recuperar a ría. E vai en contra do que beneficia medioambiental, social e economicamente a Galicia.

Polo tanto, a pregunta é evidente: ¿por que M. Rajoy e o Partido Popular decidiron facerlle un regalo así a unha empresa, sabendo de todos os prexuízos e do consenso existente? E a resposta tamén é ben doada: a norma dos gobernos do Partido Popular; a conivencia político-empresarial; a corrupción; a lóxica do neoliberalismo de amiguetes; a privatización de beneficios e a socialización de perdas; as porta xiratorias. En definitiva, a corrupción: a utilización das institucións para poñelas ao servizo de intereses privados en contra dos colectivos.

Só hai que ver onde está Isabel Tocino ou Carlos Del Álamo —imprescindibles e fundamentais para a privatización a prezo de saldo da empresa— e ver cantos dividendos están repartindo no Consello de Administración de Ence eses grandes expertos na fabricación de pasta de papel.

Só hai que ver as relacións entre accionistas e directivos da empresa con dirixentes do Partido Popular, amizades perigosas que utilizan as institucións para facerse cos botíns a costa de producir pobreza, destrución medioambiental e tamén destrución de emprego.

Diante desta situación, cómpre que poñamos todos os esforzos para reverter esta decisión. O Partido Popular debe abandonar o mamporro e ser consecuente coa posición que defendeu no pasado, na que se comprometía a sacar a fábrica da enseada dos Praceres porque aí é prexudicial para o desenvolvemento económico e social da comarca da ría de Pontevedra.

A Xunta de Galicia e o grupo de goberno deben ser consecuentes co respecto da legalidade e as normativas. Xa sabemos que non acostuman, pero nós temos a obriga de exixírllelo.

O POL e as DOT están para cumprilos, e os dous marcos normativos obrigan á Xunta de Galicia a traballar para retirar das praias de Praceres as infraestruturas que alí se atopan, recuperar os terreos e rexenerar a enseada, e non facer todo o contrario, que é o que veñen facendo vostedes. E nós temos que exixirilles —como digo— que cumpran con esta normativa galega. Esa é a súa obriga como parlamentarias nesta votación. Vostedes non poden votar en contra dunha iniciativa que pretende que a Xunta de Galicia cumpra coa súa normativa, que cumpra coas DOT e co POL, se queren parecer vostedes medianamente serios.

E ao Partido Socialista pedímoslle tamén, e volvémoslle pedir, que sexan coherentes coa súa exposición, que cumpran co seu compromiso de retirar Ence da ría de Pontevedra, que revisen a prórroga irregular como se comprometeu o actual presidente Sánchez e que fagan todo o que sexa preciso, absolutamente todo o que sexa preciso, e vannos ter a nós do seu lado para isto.

Debaixo das fábricas están as praias, debaixo da fábricas está a riqueza para a comarca da ría de Pontevedra, debaixo das fábricas hai centos de postos de traballo.

¡Ence fóra da ría para combater a corrupción do Partido Popular! ¡Ence fóra da ría polo medio ambiente, pola saúde, polo emprego, e porque é de xustiza!

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor presidente.

Moi bos días.

Señor Bará, vostedes seguen sen entender que as disposicións do POL e as DOT en ningún momento ordenan o peche da empresa, senón que unicamente establecen o ordenamento que vai rexer eses terreos para o día que queden baleiros, pero non establecen que esa empresa teña que marchar.

Efectivamente, o Partido Popular e o presidente Feijóo no seu momento dicíamos —e eu tamén o dicía— que no 2018 tiña que marchar a fábrica. ¿Pero por que? Porque non era posible que seguira máis alá do 2018 porque a lei non o permitía; e non sei vostedes, pero nós respectamos as leis. Logo, como vostede ben dixo, houbo un cambio lexislativo e a lei permitíao. A empresa pediuno, e unha decisión técnica concedeullo. Polo tanto, vostede trata de confundir a situación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostede trae unha proposta na que en varios parágrafos plantexa varias cousas, pero ao final, ¡co fácil que sería dicir que o que pide é o peche da empresa!, iso non o di, non utiliza

a palabra peche. Si que a utiliza aquí pero dá moitas voltas para pedir o peche. E dígolle unha cousa: a Lei de prevención e control integrados da contaminación obrigaba ás instalacións industriais como a de Ence a ter a autorización ambiental antes do 30 de outubro do 2007, e o Goberno da Xunta de Galicia concedeulle por primeira vez esa autorización ambiental. E non foi o Partido Popular, foi un Goberno no que estaban o BNG e o Partido Socialista. Unha autorización que os gobernos posteriores o único que fixeron foi comprobar, validar e verificar que se cumpría por parte da empresa. E nós, señor Bará, non temos motivos para dudar da legalidade daquela decisión que tomou o Goberno no que vostede estaba. Por iso, se Ence seguiu traballando despois do 2008 é porque o Goberno do BNG e do Partido Socialista declararon que si cumpría as normas medioambientais. Cumpríaa daquela e séguelas cumprindo agora, porque así o está verificando a Xunta de Galicia.

Cando vostede sacou aquí uns frascos, eu, polos seus antecedentes, pensei que nos ía invitar a uns mojitos cubanos, que diso sabe bastante. Pero o que si lle podo dicir é que eses produtos que vostede trae seguro que cumpren os parámetros medioambientais que o seu goberno lle deu no ano 2008.

Vostede quere pasar á historia como o novo Che Guevara, pero aquí, para andar por casa, para nós, vai seguir sendo o Che Bará, non o Che Guevara. *(Aplausos.)*

Piden poñer fin a unha desfeita da ría perpetrada en Lourizán durante o franquismo e que continúa despois. Eu permitiríame apuntarlle que pode continuar a frase: «...perpetrada durante o franquismo e continuada despois por un Goberno do BNG e do Partido Socialista que lle deron a autorización ambiental integrada». *(Murmurios.)* E iso non significa que eu os estea considerando como herdeiros do franquismo, pero a realidade é que, se Ence seguiu traballando, foi pola súa autorización ambiental; e nós non temos problema en completala dicindo que despois se verificou que se cumpría esa autorización.

Pero diga unha cousa, señor Bará, estes días o Goberno galego e penso que tamén os grupos parlamentarios, todos, estamos moi preocupados porque están en perigo 400 postos de traballo en Alcoa. Xusto nestes días a vostedes non se lles ocorre outra cousa mellor que traer aquí unha proposta para pechar unha empresa que dá traballo a 400 persoas. Ademais son 400 postos que non están en perigo e a empresa está comprometendo investimentos para os próximos anos. Pero eses que non están en perigo vostedes quérenos poñer en perigo. A verdade é que nós desexamos salvar os 400 postos de traballo que están en perigo en Alcoa, e o BNG o que desexa é que estean en perigo outros 400 postos de traballo que hoxe están asegurados. ¡Esa é a política do BNG! *(Aplausos.)*

E non vou cualificar esa proposta porque se cualifica por si soa. Pregúntome como é posible que mentres estamos buscando evitar o peche dunha empresa da que dependen 400 familias, o BNG traía ao Parlamento unha proposta para pechar outra empresa con máis de 400 traballadores. ¿Pódese ser máis insensible e máis insolidario cos traballadores galegos, señor Bará? *(Murmurios.)* ¿Cal é a política industrial do BNG en Galicia? Eu creo que é a grande incógnita que temos todos en Galicia: en que punto se atopa a política industrial do BNG.



O obxectivo do Partido Popular e do Goberno da Xunta de Galicia é crear emprego, e o do BNG está claro que parece ser que é destruílo; alí onde hai emprego hai que destruílo. Eu confío en que veñan ao sentido común e traballen coa Xunta de Galicia, co Goberno galego, en crear máis postos de traballo.

E a postura do Partido Socialista é ben curiosa. Antes falaban tamén de pechar Ence, pero agora, como están no Goberno e poden decidir a anulación desa prórroga, din: non, non, coidado, que isto está *sub iúdice*. Alégrome de verdade de que o Partido Socialista agora respecte as leis e respecte as decisións xudiciais, porque a nós nos recriminan cando apelamos a que hai cuestións que están *sub iúdice* e din que non, que iso depende do Goberno. Alégrome de que por fin se dean conta, e paréceme moi serio pola súa parte que recoñezan que hai cuestións *sub iúdice* que non se poden tocar por unha decisión política.

Pero tamén piden unha mesa de diálogo que é un eufemismo, pois ao final o que están pedindo no fondo é o peche. Iso é o que están pedindo, señora Vilán. E o comité de empresa de Ence xa lles dixo que non quere ningunha mesa de diálogo, que non queren cambiar a ubicación, que queren seguir onde están porque teñen postos de traballo asegurados e a empresa vai seguir traballando, facendo investimentos e repartindo máis de 3 millóns ao ano en colectivos sociais de Pontevedra, cousa que non fixo nunca ningún Goberno do Partido Socialista nin do BNG. E xa van 6 millóns, porque levamos xa dous anos.

Mire, non sei vostedes, pero nós, ao igual que facemos con Alcoa, estamos cos traballadores. E dígolle outra cousa, señora Vilán, para deixar sen traballo a máis de 400 familias non fai falta ningunha mesa, o que fai falta é ter moi pouco corazón.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor MOREIRA FERRO:** Ou máis ben non ter corazón. Pero o Partido Popular está para crear traballo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nós estamos buscando como salvar os empregos, vostedes están buscando como pechar fábricas.

Cada partido ten os seus ideais, o noso é crear postos de traballo e o seu é destruílos. E o do BNG e o do resto da oposición está moi ben explicado: paro e ruína para todos os galegos. (*Aplausos.*) Esa é a política industrial, desgraciadamente, da oposición de Galicia. (*Aplausos.*)

Sigan vindo con propostas, pero, desde logo, con propostas para pechar fábricas e destruír traballo non conten co Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Moreira.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** A verdade é que o señor Moreira acaba de facer aquí un papelón, ¡un auténtico papelón!, un exemplo de demagogia que había tempo que non escoitara aquí. Ade-

mais vostede, señor Moreira, é o mesmo señor Moreira que no ano 2015, diante da ministra de Medio Ambiente daquela, do Partido Popular, se dirixiu a ela —nun vídeo que circula por aí polas redes— de maneira submisiva e tateante pedíndolle: Por favor, señora ministra, ¡sáquenos de aquí la fábrica! (*Aplausos.*) ¡Foi vostede o mesmo señor Moreira que lle pediu que fose sensible con Pontevedra! (*Aplausos.*) ¡Era vostede! (*Aplausos.*) ¡Que cara dura! (*Aplausos.*) ¡Que jeta lle botan ás cousas! Son os mestres da mentira e da traizón o profeta da posverdade e vostede.

E voulle aclarar —porque vostede parece que non le a propias normas que aproba o Partido Popular— o que din as Directrices de ordenación do territorio e o que di o POL. Din que prevén o traslado a outro emprazamento desa instalación e a recuperación dos terreos, e crear unha área de mellora paisaxística e ambiental, mediante un plan de ordenación deses terreos, despois da saída da fábrica. Prevén claramente a saída da fábrica. Por certo, aprobaron esas normas e esa posición nos peores tempos da crise e vostedes pedían a saída da fábrica de aí; e agora defenden todo o contrario. ¡Esa é a credibilidade que ten o Partido Popular! (*Aplausos.*) Desde logo, ningunha, (*Aplausos.*) ¡ningunha credibilidade! (*Aplausos.*)

E, claro, que nos veña agora vostede dicir con toda esa cara dura que foi unha decisión política cambiar unha lei á medida dos intereses dunha empresa, ¡xa lle vale! ¡Xa lle vale, señor Moreira! Foi unha decisión política e ademais supuxo a peor contaminación de ENCE. A peor contaminación de ENCE non é a da ría de Pontevedra, non é a do ar, non é o perigo que supón para a contorna, é a contaminación da rede de sumidoiros do Estado, a contaminación das portas xiratorias. ¡Esa é a peor peste de ENCE! (*Aplausos.*)

E, señora Vilán, ¡claro!, é que vostedes agora gobernan en Madrid. Unha cousa é predicar e outra cousa é dar trigo. Agora gobernan en Madrid e deben actuar con coherencia, con responsabilidade e, sobre todo, con valentía, defendendo agora alí o que defendían antes aquí, nesta tribuna, e tamén no Pleno do Concello de Pontevedra. Iso é ter valentía política e ser coherente coas posicións que se defenderon ata agora, e non vir con enredos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Xa sabemos cal é a postura do Partido Popular, pero do Partido Socialista, que teñen agora a pelota no seu tellado, agardamos outra cousa. E teñen escritos recentes do Concello de Pontevedra, dirixidos ao presidente do Goberno e tamén á ministra de Transición Enerxética, pedíndolles unha solución para este tema... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...que as hai fóra da vía xudicial, sábeno perfectamente. Pódese revisar perfectamente esa decisión, pódese atender o requirimento do Concello de Pontevedra ou poden achandarse á vía contenciosa para evitar precisamente a continuidade dese recurso presentado diante da Audiencia Nacional. Polo tanto, bótenlle valentía, actúen con coherencia e tomen as medidas para resolver este problema.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¿A emenda? ¿Non acepta a emenda?

**O señor BARÁ TORRES:** Non.

### **Alteración da orde do día**

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Como xa terán coñecemento, foi retirada a Proposición número 6650. Polo tanto, debatemos agora a que figura en cuarto lugar, que é unha proposición non de lei cun enunciado moi longo que vou resumir porque vai todo sobre a praga da *Vespa velutina* e determinadas actuacións que se han de facer a este respecto. É un enunciado dunha páxina e media. Entón, como o coñecen todos, non o vou ler. (*Murmurios.*)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco e D. Raúl Fernández Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á declaración oficial como praga da *Vespa velutina* na comunidade autónoma, así como dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que revise a versión aprobada pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade do 14 de novembro de 2014 e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o 16 de abril de 2015 denominada Estratexia de xestión, control e posible erradicación da avésa asiática ou avésa negra e trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia para que se aborde no seo da Unión Europea e definir unha estratexia comunitaria**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda que presentou o Grupo Parlamentario de En Marea e outra que presentou o Grupo Parlamentario Popular.

(*O G. P. de En Marea, por iniciativa do deputado Davide Rodríguez Estévez e a través do seu voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de engádegas a esta Proposición non de lei. (doc. núm. 36793)*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un punto co seguinte texto:*

*<<4º) Incrementar os medios materiais, persoais e económicos dos proxectos que investigan a praga da velutina co obxecto de encontrar as melloras técnicas para loitar contra esta.>>)*

(*O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución:*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Transición Ecolóxica: 1ª) Para que revise a versión aprobada pola comisión estatal para o patrimonio natural e a biodiversidade do 14 de Novembro de 2014 e pola conferencia sectorial de Medio Ambiente o 16 de Abril de*

2015 denominada “Estratexia de Xestión, Control e posible erradicación do Avispón Asiático ou vespa negra”.

2ª) Para que dea traslado da situación que está a suceder tanto en Galicia como en outras comunidades autónomas para abordar no seo da Unión Europea unha revisión da estratexia comunitaria”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, e a través do portavoz, solicitan á Mesa que proceda a realizar unha corrección de erros advertida nesta proposición non de lei.

No punto 2º da parte resolutiva da iniciativa, onde di: «Dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ...», debe dicir: «Dirixirse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica ...»)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Hoxe imos tratar de novo un problema xa coñecido por todos, un problema que supón unha gran preocupación: a proliferación dunha especie exótica ou invasora que está significando un grave prexuízo para o noso ambiente, para o noso contorno, para as diferentes especies e tamén incluso para o desenvolvemento da vida humana no territorio. Estamos a falar da *Vespa velutina* e do seu asentamento definitivo en Galicia.

Hai cinco anos que está aquí en Galicia. Dende que comezou a detectarse, son cinco anos, e, dada a súa capacidade de adaptación e expansión, esta especie estase espallando por todo o territorio da nosa comunidade. Estendeuse rapidamente pola nosa comunidade, e xa no ano 2014 —segundo datos da Xunta de Galicia— había un total de 69 concellos afectados con niños: Lugo, con 17; Ourense, con 1; Pontevedra, con 22; e A Coruña, con 29. Na actualidade, e segundo datos dispoñibles na Xunta de Galicia a outubro de 2018, xa hai 254 concellos afectados con niños, onde Lugo ten 57; Ourense, 70; Pontevedra, 46; e A Coruña, 81, dos cales, máis de 55 detectaron ter máis de 100 niños dentro dos límites dos seus concellos. Para mostra da súa expansión amósolles os mapas que están na páxina da Xunta de Galicia. (O señor Pérez Seco amosa uns gráficos ás súas señorías.) Isto é a finais de 2014. Só se ve que a Mariña lucense, o norte da Coruña e o sur de Pontevedra tiñan niños. Datos a partir do 31 de decembro de 2016: case toda a provincia de Lugo, A Coruña e parte de Pontevedra afectado. E os últimos datos, do 15 de outubro de 2018, onde practicamente todos os concellos de Galicia están afectados.

A *Vespa velutina* chegou, instalouse, ocupa un espazo e está atacando, con resultados bastante preocupantes, sobre todo as abellas, que son a súa prioridade, e, en consecuencia, a produción do mel, así como tamén as árbores froiteiras; unhas actividades produtivas no medio rural e, polo tanto, unha actividade económica como segunda economía ou como economía complementaria, ou nalgún caso como principal, que se ve ameazada e en risco.

É tal a súa gran adaptación que a *Vespa velutina* está atacando incluso outros cultivos que aquí non se teñen avaliado ou non se coñecen de momento, pero noutras zonas si. Por exemplo, coñécese que a *Vespa velutina* ten comido ata uvas, o que tamén pode significar un perigo para a produción de uvas e de viño, o que para a nosa comunidade tamén pode ser unha gran preocupación. Incluso parece ser que algunha das colonias teñen adaptado a súa alimentación a comer peixe, que supoño que será unha cuestión conxuntural.

Por todo isto, está claro que é verdadeira praga, e por iso na nosa proposta pedímoslle á Xunta de Galicia, porque ten delegadas as competencias en materia de medio ambiente e en materia de medio rural, que faga a declaración de praga, porque é a quen lle corresponde facela. A declaración de praga levará consigo unha serie de medidas e de procedementos que homoxeneicen e que permitan facer unha loita específica contra a proliferación e extensión desta praga.

Esta iniciativa é unha proposta para dar solucións e que permita unha loita eficaz contra a *Vespa velutina*. No ano 2015 aprobábase por parte do Ministerio de Agricultura unha Estratexia de xestión, control e posible erradicación do avispon asiático ou vespa negra, que consta de estratexias de control e criterios orientadores.

Tres anos despois demostrábase que non foi acertada, polo que non foi suficiente, e por iso pedimos a súa revisión, xa que tampouco vai servir de nada que Galicia actúe de xeito illado e non coordinado contra a *Vespa velutina* se non o fan outras comunidades que tamén están afectadas.

A capacidade de adaptación á climatoloxía é tal que consegue enfrontarse a duros invernos e incluso chega a romper a barreira de altura en concellos da nosa comunidade, polo que se advirte un cambio nos costumes, nos usos ou na forma de estenderse e adaptarse ao territorio da *Vespa velutina*.

Cando a vespa chegou a Galicia, só construía os niños nas árbores, e o perigo era reducido, xa que para reducir un ataque ou se derrubaba a árbore ou se retiraba o niño activo. Pero despois da pasada primavera, que foi máis fría e chuviosa do normal, isto fixo que na actualidade os ataques de vespa velutina se produzan cando o seu niño é atacado voluntaria ou involutariamente. Este ano chegaron a instalarse debaixo dos tellados de alpendres, na parede dun supermercado, na esquina dunha finca, ou incluso nunha ribada, con parte do niño baixo terra, buscando as condicións climatolóxicas nas que elas se desenvolven, un escenario que antes era residual ou onde non existían directamente os niños. Por iso, non sabendo onde pode haber un niño, é normal que pasen as situacións que lamentablemente teñen pasado, o que nos pon ante o escenario dunha especie moi adaptable ao territorio. Para nós —e espero que para vostedes tamén— é un chamamento de atención porque isto é un problema con difícil solución, pero, dende logo, sobre o que hai que actuar.

A retirada dos niños estase a facer por diferente persoal. Por un lado, retiran niños os concellos colaboradores coa Xunta de Galicia, noutros é Medio Rural, noutros é a Consellería de Medio Ambiente, noutros os GES, noutros Protección Civil, noutros os bombeiros, noutros

o propio alcalde ou alcaldesa con persoal do concello, e tamén retiran niños os profesionais apícolas.

Outro dato da situación actual da *Vespa velutina* é que no último ano foi por detrás das emerxencias vinculadas á prevención de riscos, incendios e salvamentos, cun 30 % aproximadamente, a responsable do 20 % das chamadas telefónicas ao 112. Son datos moi reveladores da magnitude desta praga, pero, aínda así, son moitos os veciños e veciñas que pola súa tardanza na retirada dos niños non chaman ao 112, senón directamente aos concellos e ás asociacións, polo que o número de chamadas podería aumentar e dificultar que o 112 funcionase ben.

Até o de agora, que unha avespá atacase a unha persoa non era común, pero, como estamos a ver nos medios, cada vez danse máis casos na nosa comunidade, polo que a saúde dos nosos veciños e veciñas tamén está en perigo con esta especie. Xa son de sobra coñecido os falecidos deste ano pola picadura dunha *Vespa velutina*, e dende aquí a nosa condolencia ás familias.

Creo que isto merece atendelo con rigorosidade e con seriedade, por iso esta proposta, que é construtiva e que o único que pretende é que a Xunta de Galicia —que ten a competencia e a capacidade— declare a *Vespa velutina* como praga e que recoñeza o que está pasando, porque é unha praga. E non o dicimos nós, senón que o din os apicultores, fruticultores, madeireiros, etc., profesionais que coñecen a materia.

Que a Xunta actúe para erradicar ou intentar minimizar no máximo posible a proliferación desta especie, o que non vale é unha actitude de non temos nada que facer, non imos acabar con ela, que pase o que teña que pasar, porque dá a sensación de que é o que está pasando. Por iso hoxe desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei:

<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Que declare oficialmente como praga a *Vespa velutina* na nosa comunidade autónoma, coa consecuente inxección económica e profesional que iso implica.
2. Dirixirse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica a que revise a versión aprobada pola Comisión estatal para o patrimonio natural e biodiversidade do 14 de novembro de 2014, e pola Conferencia sectorial de medio ambiente do 16 de abril de 2015, denominada Estratexia de xestión, control e posible erradicación do avispón asiático ou vespa negra.
3. Trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia, e que se aborde no seo da Unión Europea para definir unha estratexia comunitaria.>>

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

O tártago de patas amarelas esténdese por todo o territorio galego sen que a Consellería do Medio Rural sexa capaz de facerlle fronte.

Xa no ano 2014 dicía o portavoz do Partido Socialista, segundo datos da propia Xunta, que había 69 concellos afectados con niños. Hoxe, segundo os últimos datos dispoñibles da propia Xunta de Galicia, en agosto do ano 2018 temos 227 concellos afectados. Hoxe vemos con bos ollos esta proposición non de lei dos Socialistas de Galicia na que se pide que se declare oficialmente como praga o tártago de patas amarelas.

Dende En Marea temos rexistrado decenas de preguntas e iniciativas nas que pedimos reiteradamente frear a proliferación desta especie que debemos cualificar como praga e invasión, porque a alarma social emerxente está plenamente xustificada.

Existe unha comisión, ¿que ten feito ata o de agora esa comisión? A sociedade descoñece os seus resultados; non sabemos se é porque non son bos e non saen arriba da mesa. A sociedade civil non ten información. Esta comisión non está a contar cos profesionais e coas profesionais do sector.

Consideramos crucial, ao igual que o fai o sector, a necesidade dun organismo único onde se poñan en común todos os coñecementos e métodos de loita que se susciten. Sen embargo, a actual comisión de seguimento non está servindo para dar respostas efectivas, e faltan, por exemplo, as asociacións e o sector apícola.

E despois chega a frase do millón, a da ex-conselleira do Medio Rural, a señora Vázquez, que nos di que esta especie veu para quedar, polo que temos que aprender a convivir con ela. Pero é que esta frase a señora conselleira tamén a dixo cando chegou a couza da pataca. O resultado é coñecido por todos e todas as persoas que estamos nesta Cámara. Pero é que esta frase a señora conselleira tamén a dixo cando chegou a avéspera do castiñeiro, hoxe entendida por toda a xeografía galega.

Galiza necesita un equipo de investigadores e investigadoras, en colaboración cos apicultores, para pór freo ao tártago; e témolos. O problema é o desmantelamento dos centros de investigación galegos dedicados a estes eidos por falta de orzamento.

Os estudos que se teñen feito ata o de agora sobre o impacto ambiental e económico poñen de manifesto que representan unha clara ameaza cara á biodiversidade; despraza as especies autóctonas; provoca grandes danos no sector agrario; provoca grandes danos no sector da fruticultura e da apicultura; provoca mortes. A situación vai empeorando a medida que pasa o tempo, e temos que buscar medidas con carácter urxente, xa que a situación actual non admite maior demora. Precisamos de todos os medios e recursos para frear o avance da *velutina*.

Existen medidas para poñerlle freo: a investigación, loita preventiva, creación dun organismo único de xestión, divulgación.

En investigación é preciso intensificar esta para coñecer máis a fondo o comportamento do tártago de patas amarelas dende un punto de vista biolóxico e científico. Neste senso, unha das liñas esenciais que debería impulsar a Administración e que non o está facendo son os estudos orientados a descubrir unha feromona ou outras substancias que sexan inocuas para o medio ambiente, pero que sexan quen de provocar a morte das colonias da *Vespa velutina* sen ocasionar dano nos ecosistemas, apostando así pola súa loita biolóxica.

Loita preventiva. O Ministerio de Agricultura e a Consellería de Medio Rural deben de asumir a tarefa do trampeo como unha das estratexias de control citadas para o tártago de patas amarelas.

Creación dun organismo único de xestión. A competencia para a xestión da loita contra a *velutina* debe ser asumida por un único organismo especializado no tema que xunte todos estes coñecementos e métodos de loita que se susciten.

E, como non, a divulgación. Ante o descoñecemento sobre unha especie de recente entrada en Europa, e debido ás complicacións que están xerando nos ámbitos agrario e forestal, sanitario e de seguridade cidadá, xorde a necesidade de difundir o máximo posible a información sobre esta especie. Información cidadá sobre o ciclo biolóxico, alimentario e de conducta na avespa asiática axudarán a xestionar unha loita na que se fai preciso contar co apoio da sociedade.

E de aí a emenda que hoxe presenta En Marea, onde pedimos incrementar os medios materiais, persoais e económicos dos proxectos que investigan a praga do tártago de patas amarelas, co obxecto de encontrar as mellores técnicas para loitar contra esta.

¿E por que facemos esta engádega? Porque pensamos desde o Grupo Parlamentario de En Marea que é obriga da Consellería do Medio Rural pór fin a esta e a outras pragas e non facer que a sociedade galega se resigne a ter que convivir con elas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

A *velutina* chega a Francia no ano 2004, e neste momento está xa en oito países europeos e, dentro de España, en oito comunidades. Aínda que para as persoas esta especie non é máis daniña ou máis nociva que a avespa autóctona, os danos que está a provocar fundamental-



mente nas colmeas, fundamentalmente para a apicultura, e tamén os medioambientais, son en realidade graves e están sendo unha ameaza que dende a Xunta de Galicia se está atallando dende o primeiro día.

Son unha ameaza e todos o percibimos así. De feito, é común entre a sociedade referirse a ela como unha praga. Pero hai que dicir que nos referimos a ela como unha praga dende un punto de vista semántico, facendo caso do que di o dicionario da Real Academia Galega na súa terceira acepción, cando di que praga é: «Gran cantidade de algo nocivo que afecta a persoas, animais e, en particular, á agricultura». Pero legalmente, señor Pérez Seco —vostede sábeo moi ben—, legalmente non pode ser declarada unha praga, como si é, por exemplo —ou foi—, a couza da pataca. E non o pode ser porque só hai unha lei a nivel estatal, que é á que se teñen que atinxir todas as comunidades autónomas, unha lei aprobada no ano 2002, que di que «praga é un organismo nocivo de calquera especie, raza ou biotipo vexetal ou animal ou axente patóxeno, daniño para os vexetais ou os produtos vexetais». E a avésa asiática —vostede sábeo moi ben— non se considera un organismo nocivo basicamente para os vexetais ou os produtos vexetais por ningunha normativa de aplicación vixente. E se vostede a coñece, eu píddolle que nola poña aquí diante.

Vostedes levan todo o verán paseando esta petición por toda Galicia sabendo que non é posible, que legalmente non é posible. E que hoxe aquí se aprobe que se declare unha praga a *velutina* o único que estaría facendo é que na práctica non se faría nada. É simplemente unha brincadeira política, un brinde ao sol, e aquí do que se trata é de solucionarlles os problemas ás galegas e aos galegos, fundamentalmente neste caso aos apicultores e ás apicultoras, que ven ameazadas as súas colmeas.

Por iso dende a Xunta de Galicia no ano 2012, nada máis ter coñecemento da chegada da praga, se puxeron en marcha medidas de control e medidas de información e de formación, en colaboración cos concellos, en colaboración cos apicultores e en colaboración, xa dende o primeiro momento, coa universidade. No ano 2014 créase xa o plan de control da *Vespa velutina*, e pídeselles aos concellos que se queiran adherir ao mesmo que así o fagan. Neste momento hai 122. Perdón, hoxe mesmo 125, porque 3 da provincia de Ourense acaban de adherirse esta mesma mañá.

Dicir que tamén a Xunta de Galicia está traballando en colaboración coa Estratexia nacional que se adica ao mesmo, e na que están todas as comunidades autónomas. E tamén coa normativa que vén da Comunidade Europea. Por tanto, está facendo todo aquilo que se está facendo a nivel europeo e tamén o que lle van dicindo as investigacións. Por certo, insistir unha vez máis en que esas investigacións din que se debe facer trameo sobre todo primaveral, pero non é bo facer trameo masivo, como aquí se reclamou en varias ocasións.

Pois ben, de todo ese traballo, de toda esa colaboración que se fixo nos tres últimos anos, simplemente por dar un dato, señor Rodríguez, xa que vostede dicía que non se fixo nada, que non se informou, non se formou, non se fixo nada... ¡demagogia pura! Dicir que houbo 34 cursos, con 1.329 técnicos que recibiron formación. Que ademais se deron 527 equipos de protección individual, 167 pértegas e 13.267 trampas. Que se retiraron só este ano máis de 17.500 niños, a metade deles na provincia da Coruña, e se capturaron máis de 200.000 raíñas.

Hai campañas informativas e campañas formativas, como xa dixemos, e unha cousa da que vostede falaba aquí, señor Rodríguez, os convenios coa universidade. Unha boa nova. Vostedes xa saben, aínda que non o queiran oír, aínda que non o queiran lembrar, que se está traballando coa Universidade de Vigo, coa Universidade de Santiago e con distintos equipos investigadores. Si que o sabe e aquí se trouxeron os estudos. Pero é que, ademais, o día 19 deste mes acábanlle de comunicar á Xunta de Galicia que se acaba de aprobar un proxecto no que participa con 30 centros investigadores de distintos países europeos, cun investimento de 1,9 millóns de euros, para investigar no control da *velutina*. Por tanto, creo que hoxe temos que felicitar a todos os galegos porque imos ter un mecanismo máis para a investigación, a ver onde nos leva, e para seguir avanzando en minimizar eses efectos da *velutina*.

Polo tanto, non podemos aprobar, señor Seco, este primeiro punto, e por iso nós presentamos unha emenda pola que si estariamos de acordo fundamentalmente co punto segundo na súa totalidade e co punto terceiro. Pero no punto terceiro, cando vostedes din que a Xunta lles dea traslado ás institucións europeas para que se poña en marcha unha estratexia comunitaria, nós vémoslle dúas inconcrecións que supoño que serían erros, porque, por un lado, xa hai unha estratexia, unha estratexia na que está participando España e na que está tamén Galicia seguindo estas indicacións...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...polo tanto, isto xa existe. E, en segundo lugar, non pode ser a Xunta de Galicia quen se dirixa á Comunidade Europea para este tema porque ten que ser a través do ministerio. Polo tanto, con estas dúas salvidades, nós si que aceptamos a súa proposta.

Pedimos que se acepte a nosa emenda, e, no caso de que esta non fora aceptada,...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...pedimos a votación por puntos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Arias.

Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señora Arias, se a xente do noso rural soubera o que vostede dixo aquí hoxe... ¡realmente é grave! Porque «chegou para se quedar» ou «temos que nos afacer a ela», estas son as palabras da actual conselleira de Medio Ambiente, ex de Rural. Nestas palabras resúmese o es-

caso interese e desgana que o problema esperta nos responsables políticos do Partido Popular da Xunta de Galicia.

Non se amosa interese ningún cando se delega a responsabilidade da retirada e a eliminación de niños nos concellos, por medio dun convenio que leva como agasallo un buzo, unhas luvas e unha pértega. Non se amosa interese ningún cando o diñeiro investido en investigación é mínimo, superado con creces por calquera das deputacións, que, vendo a coreñez da Xunta, tenden pola súa conta a promover proxectos investigadores.

Desde os sectores afectados apúntase a que a saída máis razoable sería a consecución dunha feromona atraente para as raíñas, para as mestras do tártago de patas amarelas, para podermos facer un serio control poboacional, eliminando o maior número destas mestras nas dúas primaveras, na de comezo de verán e na que precede ao inverno.

Amósase un desinterese e incompetencia indiscutibles cando, detectado un cambio no comportamento do bicho en cuestión nesta primavera pasada, de xeito que por mor do frío e da chuvia os niños primarios foron máis pequenos e aparecían nas cercanías das casas e da xente, a Xunta, no canto de avisar e recomendar prudencia e precaución a todos aqueles que realizaban, ou realizamos, labores comúns nas silveiras e maleza nas cercanías domésticas, fai deixación, cala e non di nada, aínda vendo que os ataques a persoas son numerosos e que teñen consecuencias mortais. ¿Que ten que pasar para que as autoridades se mostren sensibles á problemática?

Silencio e covardía. É covardía porque cada ano o tártago de patas amarelas, a *velutina*, vai a máis, e a colleita de mel vai a menos, o número de trobos diminúe, comestas as abellas por estes helicópteros que precisan, nunha primeira fase, basicamente de proteínas, e de azucres e hidratos de carbono na fin da súa etapa final.

De momento, sufrímolos os da aldea, que, como todo o mundo sabe, estamos afeitos a vivir con toda clase de bichos, con toda clase de bichos. Pero coa capacidade de adaptación que está demostrando espero equivocarme, a ameaza non é só polo risco da nosa integridade física nin polas perdas do sector apícola. Os polinizadores, que son axentes reguladores, espalladores da vida en xeral, motores de existencia de froito e sementes, factor imprescindible na consecución dos nosos alimentos e da permanencia do equilibrio natural, están en serio perigo. E nada, nada, acontece. A Xunta, *impasible el ademán*, nin están.

¿Cando pensan convocar a comisión de seguimento? ¿Existe ou é unha comisión pantasma para dicir que se fai cando non se fai nada? ¿Cando van apoiar de xeito decidido a investigación, única saída razoable de futuro para o problema que nos ocupa? ¿Cando van ser goberno ao servizo do pobo defendendo os sectores afectados polo tártago e defendendo a xente que vivimos no rural e vemos alterada a nosa vida pola indecente xestión deste asunto? ¡Milleiros de niños denunciados que non se retiran e que morren coa chegada do inverno, logo de que as mestras do tártago se enterren para reiniciar na primavera o seu ciclo vital!

É, pois, esta a historia, o relato, do desinterese nado da incompetencia, ou da incompetencia nada do desinterese. Desde o BNG vemos que non hai intención nin vontade política para

unir e conxuntar os esforzos das varias institucións involucradas, capitanear con medios a acción conxunta necesaria, medios para proxectos de investigación que acheguen resultados positivos. E falta consciencia e decisión de cumprir co deber de alertar a poboación e instruíla no que debe facer cando o perigo pode poñer en risco vidas humanas.

É necesario, para situar o problema na súa xusta dimensión, soportar diariamente a presenza activa da nespra asiática, ver esmorecer os covos ata morreren, sentir o zoar da figueira na beira da casa, non poder pasar por baixo da parra ou ter tino no salgueiro, cun pulgón na hedra cando florea, coa silveira cando rozas... Non hai un recuncho onde non estea presente e os seus danos son cuantiosos e crescendo.

Disque hai dificultades para a declaración de praga. Desde o BNG cremos que todo se rexe por un desinterese palpable, e que hai razóns máis que dabondo para que, sumadas todas as incidencias do tártago de patas amarelas, poidamos solicitar a declaración deste invasor nada amable coa figura de «praga» e o que isto conleva. O equilibrio medioambiental e os riscos e danos que provoca así o avalan. O resto é vivir no mundo irreal e de costas aos intereses da xente e do país. E así nos vai.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Grazas, presidente.

Damos as grazas ao BNG e a En Marea polo apoio a esta iniciativa. En relación coas emendas, estamos para buscar un acordo entre os grupos.

Señora Arias Rodríguez, a *avespa velutina* é daniña, claro que é daniña. Pregúntelles aos apicultores, froiteiros e madeireiros (*Aplausos.*), que son sectores pequenos pero son importantes para a economía galega. Tamén nomeaba o brinde ao sol: que agora non teñen impostos a través do goberno do socialista Pedro Sánchez.

A emenda de substitución que nos presenta o PP vén dicir, coma sempre, que a cousa quede como está. ¿De verdade cren que a expansión da *velutina* non merece unha actuación responsable por parte da Xunta de Galicia? Miren, estamos ante un problema de saúde, ante un problema social e ante un problema económico que non para de medrar, como antes expuxen cando amosaba os mapas. Polo tanto, require medidas concretas, afrontalo con seriedade, non declaracións de intencións que non comprometen máis recursos. Polo tanto, intentaremos chegar a un acordo para cumprir co primeiro punto da nosa iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos á seguinte iniciativa.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electrointensivas previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Marta Novoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación:*

*Débase modificar o punto 3 da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*“3. Que para os anos sucesivos o Goberno central estableza, previo acordo coas comunidades autónomas afectadas, os mecanismos de compensación necesarios para garantir que este tipo de industrias compitan en igualdade de condicións coas súas homólogas europeas”*

*Emenda de engádegas:*

*Débase engadir ao texto da parte resolutiva o punto que segue a continuación:*

*“4. Que traballe desde a unidade de acción das administracións públicas e axentes sociais para atopar unha solución urxente para que Alcoa garanta o mantemento da actividade empresarial e o emprego en Galicia”*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:*

*A) Que requira do Goberno do Estado:*

*1. Que poña en marcha e antes da finalización da anualidade orzamentaria 2018 as compensacións previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 por importe de 150 millóns de euros.*

2. Que mude o actual sistema de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se poidan acoller as empresas electrointensivas baixo o cumprimento dunha serie de compromisos de investimento e de mantemento do emprego; e que permita desenvolver unha tarifa eléctrica galega que contribúa ao abaratamento desta no noso país por sermos exportadores de electricidade.

3. Que, de forma transitoria en canto non culmine o recollido no punto 2, se establezan todos os mecanismos necesarios para que este tipo de industrias compitan en igualdade de condicións coas súas homólogas europeas.

B) Instar a compañía Alcoa a retirar o expediente de extinción de emprego que pesa sobre todos os traballadores e traballadoras, e abrir unha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas electrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

#### Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. A presentar na Cámara galega, abrindo a participación aos grupos parlamentarios, e antes do remate de 2018, as Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020, recollidas xa no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 coa pertinente periodización, e nas que se recollan as consideracións pertinentes sobre o papel das industrias electrointensivas no tecido industrial galego.

2. A facer efectivos os mecanismos de apoio as empresas correspondentes ao programa orzamentario <733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables> contemplado no Proxecto lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

3. Instar ao Goberno de España:

3.1. A establecer unha fórmula para que as industrias con alto consumo de enerxía poidan acceder ao mercado de enerxía en condicións similares ás doutros países da Unión Europea.

3.2. A establecer, no marco da Lei de Cambio Climático e de Transición Enerxética e con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado políticas públicas de axuda á industria electrointensiva, ao amparo das Directrices da Comisión

Europea sobre axudas estatais en materia de protección do medio ambiente e enerxía 2014-2020.

3.3. A reclamar ante a Unión Europea a posta en marcha de fondos europeos para compensar os custos das empresas con alto consumo enerxético (industria electrointensiva) e incentivar a transición enerxética a baixas emisións de carbono e fomentar a economía circular.

3.4. A revisar o actual mecanismo de interrompibilidade e de capacidade co obxectivo de facelo máis competitivo e transparente:

3.4.a. Desenvolvendo unha metodoloxía de necesidades de cobertura, en lugar de introducir a consideración do volume de interrompibilidade como un dato de partida na análise de cobertura.

3.4.b. Simplificando o deseño e aumentar a presión competitiva das poxas, ben desagregando o produto, ben permitindo agregacións dos provedores de 5MW.

3.4.c. Modificando os criterios de activación económica para que se faga maior uso do mecanismo, o que suporá unha redución do custo do servizo.

4. Demandar a empresa Alcoa a súa reconsideración e retirada do expediente de extinción de emprego sobre a totalidade da plantilla na súa factoría de A Coruña, tentando buscar solucións, entre tódolos axentes políticos, económicos e sociais afectados. Solucións que teñen que presentar liñas de actuación adecuadas e de futuro que garantan o mantemento da produción e o emprego en factoría de A Coruña.”)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 36986, do Grupo Parlamentario Popular.

#### *Emenda nº 1 de modificación*

*Débase modificar o punto 1 da parte resolutiva da Proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

1.- Que poña en marcha, e antes da finalización da anualidade orzamentaria 2018, as compensacións previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 por importe de 150 millóns de euros. Estas compensacións deberán estar condicionadas a inversións para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e ao mantemento do emprego.

#### *Emenda nº 2 de modificación:*

*Débase modificar o punto 2 da parte resolutiva da Proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

2. Que para o exercicio 2019 e seguintes, se implante un novo réxime de compensación por custos adicionais incluídos no prezo da electricidade soportados polas industrias electro-intensivas. Estas compensacións deberán estar condicionadas a inversións para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e ao mantemento do emprego.

*Emenda nº 3 de modificación:*

*Débase modificar o punto 3 da parte resolutiva da Proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*3. Que para os anos sucesivos se establezan todos os mecanismos de compensación necesarios para que este tipo de industrias compitan en igualdade de condicións coas súas homólogas europeas. Estas compensacións deberán estar condicionadas a inversións para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e ao mantemento do emprego.*

*Os mecanismos mencionados diferenciaranse en varias categorías de empresas en función do impacto que os custos do subministro eléctrico ten nos seus custos totais de produción.*

*Emenda nº 4 de adición:*

*Débase engadir un punto 4 ao final da parte resolutiva:*

*4.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar de maneira inmediata a regulación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria. A primeira medida, de posible implantación a curto prazo, sería sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigá-la a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitirase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a seguinte proposición non de lei, ten a palabra a señora NÓVOA Iglesias.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

O Grupo Popular trae a este Parlamento unha iniciativa relacionada co apoio á industria electrointensiva, tristemente de extrema actualidade polo anuncio, o pasado mércores, do peche da industria electrointensiva de Alcoa, concretamente das plantas que posúe na Coruña e en Avilés.

Vaia por diante, señorías, a solidariedade do Grupo Popular deste Parlamento cos traballadores e traballadoras de Alcoa. O mantemento dos empregos é no que todos debemos concentrar agora todos os nosos esforzos.

Cando rexistramos esta iniciativa e cando a introducimos na orde do día deste pleno non imaxinabamos o inminente desenlace que se está a producir estes días. Aínda que supoño que todos vostedes terán escoitado nestes últimos días o que é a interrompibilidade, eu véxome na obriga de explicar por enriba en que consiste e cales foron os pasos que foron sucedendo no tempo ata chegar a este momento.

A interrompibilidade é un servizo ao que teñen acceso empresas electrointensivas, como poden ser, en Galicia, Megasa, Alcoa ou Ferroatlántica en maior medida, pero tamén outras



como Finsa, Coren ou Intasa. As empresas electrointensivas principalmente son siderúrxicas, que, como son grandes consumidoras de electricidade, poderían optar a un réxime específico de subastas formadas por paquetes de megavatios no que se subastaría a capacidade de poderlles interromper a subministración cando houberse unha excesiva demanda de enerxía e non chegase a produción para o resto da sociedade ou da industria.

Ben, isto supón un custo, aproximadamente, de 500 millóns de euros ao sistema eléctrico. E este sistema, que está regulado na vixente lei do sector eléctrico do ano 2013, foi posto en dúbida pola Comisión Europea, que o considera excesivamente caro e moi intenso en relación cos empregados por outros países na Unión Europea. Cabería recordar a importancia que teñen en Europa este tipo de industrias, sobre todo as siderúrxicas, que foron líderes mundiais na fabricación de aceiros e aluminios e que agora están sendo superadas por empresas chinesas ás que o seu goberno carga con axudas directas. E dada a importancia estratéxica deste sector, a Comisión Europea está sempre vixilante e, no caso concreto de España, cuestionou en 2016 a viabilidade das ditas axudas mediante subastas —que, por outro lado, levaban anos concedéndose—.

Polo tanto, o Goberno central tomou nota e estivo a promover unha serie de medidas de apoio a esa industria electrointensiva, iniciando un período de transición dende o ano 2017, no que se mesturaba unha parte de axudas mediante subastas —como se levaba facendo, repito, dende hai anos— e, por outra parte, un crédito de 131 millóns de euros para compensar o resto das axudas. Naquel momento elaborouse un proxecto de regulamento para facer efectivas as ditas axudas, que está á espera da aprobación da Dirección Xeral da Competencia da Comisión Europea, e do que non se ten informado por parte do Goberno central.

Voltando xa ao ano 2018, estaba previsto facer unha subasta para a primeira metade do ano. E para a segunda metade quedaron previstos nos orzamentos do Estado 150 millóns de euros; 150 millóns de euros para poñer en marcha un sistema de axudas de compensación por custos adicionais incorridos polas industrias electrointensivas. Repito: 150 millóns de euros a cargo da Secretaría de Estado de Enerxía que aínda non foron postos en marcha.

O escenario actual é que se fixo a subasta na primeira metade do ano. O resultado da subasta foi que a retribución do conxunto das empresas electrointensivas de España recibirían un 40 % menos de diñeiro que nos anos anteriores. Para compensalo de forma urxente habería que dispor dos 150 millóns de euros en axudas que quedaron previstos nos orzamentos deste ano 2018 —que, como todos saberán, eran orzamentos do Partido Popular—.

Dada a importancia que para Galicia representan este tipo de industrias, e vista a inacción e a incerteza que está a xerar o goberno do señor Sánchez, o Grupo Popular rexistrou a iniciativa, que, como dixen antes, se viu superada polo inminente anuncio do peche das plantas de Alcoa. E por iso nos vimos na obriga de autoemendar a nosa iniciativa.

Polo tanto, a nosa iniciativa constaría de dous primeiros puntos, que dirían: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se requira do Goberno do Estado:

1. Que poñan en marcha, e antes da finalización da anualidade orzamentaria de 2018, as compensacións previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei

6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 por importe de 150 millóns de euros.

2. Que para o exercicio 2019 e seguintes se implante un novo réxime de compensación por custos adicionais incluídos no prezo da electricidade soportados polas industrias electrointensivas.»

E substituíndo o noso anterior punto número 3, quedaría: «Que para os anos sucesivos, o Goberno central estableza, logo do acordo coas comunidades autónomas afectadas, os mecanismos de compensación necesarios para garantir que este tipo de industrias compitan en igualdade de condicións coas súas homólogas europeas.»

E un punto número 4 engadido: «Que traballe dende a unidade de acción das administracións públicas e axentes sociais para atopar unha solución urxente para que Alcoa garanta o mantemento da actividade empresarial e o emprego en Galicia».

Esta é a nosa iniciativa actual. Sobre as emendas que vostedes presentaron falarei na miña segunda quenda. Xa lles adianto que estamos en boa sintonía e que imos aceptar boa parte das súas emendas. E, dende aquí, dende o grupo, o Grupo Popular, e por suposto dende o Goberno da Xunta, insistimos en dar o máximo apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa. A decisión unilateral de Alcoa de querer pechar as plantas de Avilés e da Coruña é unha decisión que nin compartimos nin entendemos. É certo que o prezo da enerxía en España prexudica a competitividade das empresas electrointensivas, pero —insisto— ata agora sempre se atopou unha solución.

O Goberno da Xunta, dende o principio, estivo en contacto permanente tanto cos representantes dos traballadores das plantas galegas como co Goberno de Asturias para traballar unidos e facer unha fronte común, unha unidade de acción que faga que a empresa rectifique e levante o expediente de regulación de emprego, e co Goberno central para que poña sobre a mesa un marco eléctrico que achegue estabilidade e certeza ás empresas electrointensivas. Non hai futuro para Alcoa sen un marco regulatorio enerxético claro e definido. A empresa e o Goberno central deben asumir a súa corresponsabilidade.

Como saberán, o venres pasado o presidente da Xunta reuniuse co comité de empresa da planta da Coruña e despois co presidente do Principado de Asturias para definir unha folla de ruta conxunta, solicitando a implicación do Goberno central, para tentar que Alcoa reconsidere a súa posición. Esta mesma tarde o conselleiro de Industria e o seu homólogo do Principado reuníranse co secretario xeral de Industria, don Raúl Blanco. E mañá mesmo, señorías, o conselleiro, por petición propia, comparecerá neste Parlamento para informarnos a todos e a todas da situación actual e da reunión mantida co Goberno central esta mesma tarde. Agardamos, señorías, que o Goberno central teña tamén a mesma resposta e compareza no Senado, respondendo á petición do Grupo do Partido Popular, para informar tamén alí das súas actuacións.

Insisto, estamos nun momento clave, nun punto de non retorno. Se o Goberno central non toma decisións urxentes, como sería executar, por exemplo, a partida de 150 millóns de

euros deste ano dos presupostos do Estado para compensar as empresas electrointensivas polos seus resultados da última poxa, será crítico.

Reitero o máximo apoio aos traballadores e ás súas familias e resalto o compromiso deste grupo, e por suposto do Goberno da Xunta, para traballar por impedir o peche de Alcoa na cidade da Coruña.

Pola miña parte, só queda dicir que espero o apoio de todos os grupos, que é un tema crucial e que terá moita máis forza en Madrid se o aprobamos por unanimidade. E, como dixen antes, estivemos vendo con moitísima atención as súas emendas, e na segunda quenda díreilles a posible proposta de transacción que lles ofreceremos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Nóvoa.

Por parte do resto dos grupos parlamentarios, ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, bo día de novo.

Hoxe é absolutamente inevitable falar de Alcoa, é absolutamente inevitable trasladarlle tamén en nome do Bloque Nacionalista Galego unha vez máis a nosa absoluta solidariedade e que teñan por seguro que contribuiremos, na medida do posible, a que este tema sexa absolutamente prioritario en todas as axendas políticas deste país.

Alégrome, señora Nóvoa, de que por fin o Partido Popular inicie unha liña de rectificación a respecto do que foi a súa posición sobre o sistema de interrompibilidade nos últimos anos. Alégrome tamén de que por fin o Partido Popular entenda que o Parlamento galego si pode pedir politicamente a retirada de ERE e si pode implicarse politicamente nos conflitos que haxa nas empresas do noso país. É unha boa nova que por fin rectifiquen e asuman iso. Tamén teño que recoñecerlle ao Partido Popular —aínda que ás veces dubidemos dos seus motivos e que sexan un pouco espurios— que tamén por fin recoñezan que cando hai un conflito absolutamente importante, coma este, no noso país non fagan como fixeron nestes dous últimos anos e veten as comparecencias en pleno do señor conselleiro, senón que acepten de facto as peticións da oposición. Porque fala vostede de que vai vir o señor conselleiro a comparecer por iniciativa propia, pero hai cuestións que tamén hai que poñer enriba da mesa. O número de solicitude da comparecencia do señor Conde é o 39.011, e o número da solicitude que fixo esta oposición nada máis enterarse da comunicación oficial de Alcoa é o 38.943. Polo tanto, tampouco estaría de máis que recoñeceran que si, que se suman a esa petición de comparecencia da oposición, e que asumen as súas responsabilidades. Outras veces non o fixeron, pero dámoslles a benvida.

Ben, falou xa vostede, señora Nóvoa, sucintamente de en que consiste a interrompibilidade e de como afecta a moitas das empresas que hai no noso país. Pero eu quería deixar dúas reflexións. A primeira é que este sistema non sempre foi así, non é algo prefixado que veña

desde o plistoceno e que non caiba ningunha outra alternativa. Hai alternativas, porque esa é unha decisión política. E, de feito, é unha decisión política ata tal punto que incluso o sistema de interrompibilidade, que é algo relativamente recente no noso marco industrial, ten sufrido mudanzas. De feito, unha das cuestións polas que o BNG critica este sistema, polas que o sector electrointensivo ten criticado este sistema e ten pedido a súa mudanza e o retorno, ¡retorno!, a unha tarifa industrial estable, é precisamente pola incerteza que xera. Porque en 20 segundos, o que dura unha poxa, pois ponse en xogo o futuro de moitas empresas, e ademais impide ter unha planificación que permita cuestións como investimentos e demais. De feito, o que fixo o Partido Popular ultimamente é engadir máis incerteza, porque no último ano, señora Nóvoa, no 2017 e no 2018, houbo mudanzas neste sistema mentres vostedes aínda estaban no Goberno. E iso é o que nos leva á segunda reflexión. Chamámoslle interrompibilidade e parece unha cousa supertécnica e demais, pero tamén poderíamos resumilo en disparate. Porque o certo é que este modo de traballar é un absoluto disparate. E ¿por que é posible? Porque depende de decisións políticas, e porque xa existiu. E por iso nós, na nosa emenda, sumámonos a unha demanda que non é nova pola nosa parte pero tampouco pola propia industria, que é unha tarifa industrial estable. E é máis, o anuncio do peche de Alcoa pois pon de manifesto outro debate, que é inaprazable pola nosa banda e do que tamén falarei, pero antes quería facer memoria dun par de cuestións.

Eu alégrome de que o Partido Popular —insisto— rectifique e que por fin sexa un debate que hai que dar pausadamente neste Parlamento, porque é que hai menos dun mes, señora Nóvoa, vostede votou en contra dunha proposta do BNG para que se avaliasen os resultados das poxas electrointensivas e como afectaban o noso país, e que tiveramos unha posición desde Galiza para o Estado diante dos cambios que vai haber na regulación; algo que traíamos, ademais, por segunda vez á votación neste ano, porque, como agora, dende o cambio de goberno, vostedes cambian de criterio, tiñamos esperanza sinceramente de que estiveran desta volta connosco. Pero sorprendentemente non votaron a favor —ou tampouco tan sorprendentemente—. Alégrome de que agora na autoemenda incorporen que Galiza debe ter unha posición para trasladar ao Estado. Pero é que, cando houbo esas mudanzas en 2017, vostedes dixeron nada ao Goberno central, dixeron nada. Outras comunidades presentaron alegacións, presentaron propostas e vostedes non dixeron nada.

Pero eu quería recordar tamén un par de cuestións no tempo que me queda e que é escaso, pero non me cabe dúbida de que, pola importancia do tema, será flexible o señor Calvo.

Vostedes tamén votaron xa en contra neste Parlamento dunha tarifa industrial estable. Primeiro, cando perverteron absolutamente esa iniciativa lexislativa popular impulsada pola Confederación Intersindical Galega, que apostaba por mudar o sistema de interrompibilidade. Pero tamén cando o Bloque Nacionalista Galego defendeu unha tarifa eléctrica galega incorporaba esa proposta de tarifa industrial estable.

E remato con dúas reflexións. Nós imos apoiar e buscar un consenso para trasladar —como recolleemos na nosa emenda— a demanda da retirada do ERE de Alcoa, o apoio ás e aos traballadores e a busca dunha solución pola vía política. Pero pedimos que se vaia máis alá, que se pida tamén que si, que transitoriamente se executen eses orzamentos e se dispoña o que cumpra, pero que se aposte por mudar o sistema actual por unha tarifa industrial estable e

que nesa mudanza Galiza teña unha vantaxe competitiva. Se Euskadi pode, ¿por que nós non? Non podemos permitir que se pechen empresas no noso país e que se bote xente á rúa cando exportamos un 35 % de media de enerxía cada ano.

Señores do Partido Popular, benvidos ás rectificacións que fan hoxe, pero son necesarias moitas máis polo ben deste país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señora Nóvoa, en principio, dende logo, por parte do Grupo Socialista non vai quedar o consenso en apoio dos traballadores e das factorías de Alcoa, tanto na Coruña como en Avilés. É evidente que neste momento, en relación con este tema, é a cuestión central que nos ocupa. Pero máis alá deste apoio, que estou case seguro que acadaremos conxuntamente, eu quero falar de historia, porque a historia importa un pouco —volvo repetilo—. A verdade é que ¡quen a viu e quen a ve, señora Nóvoa! ¡Calquera diría que cambiou o Goberno en España! (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Mire, hai unha cuestión cronolóxica previa que eu creo que convén aquilatar. A primeira: en Galicia levan vostedes gobernando nove anos e seis meses. Dígoo por se teñen algún tipo de amnesia —nove anos e seis meses—. E en España gobernaron ata hai catro meses e medio durante seis anos e seis meses. Polo tanto, este é o marco cronolóxico no que nos movemos. E eu creo que convén recordalo, porque, desde logo, o Partido Popular mudou nestes catro meses e medio, pero isto non foi a caída do cabalo camiño de Damasco, isto foi literalmente... En fin, ía dicir... Foi a caída do cabalo camiño dalgún outro sitio. (*Murmurios.*)

Mire, eu voulle citar textualmente a síntese das liñas mestras en termos de política enerxética que a ministra Ribera manifestou no Congreso dos Deputados. Por certo, non escoitamos nada parecido, desde a súa perspectiva ideolóxica, por parte dos dous inefables ministros de Industria do goberno do señor Rajoy, o señor Soria e o señor Nadal. Un deles debería de estar en Panamá ou na República Dominicana e o outro estaba liando absolutamente todas as decisións. (*Aplausos.*)

Mire, as liñas mestras son dúas. A primeira, un novo modelo económico e enerxético máis sostible, máis solidario e máis xusto. ¿Sabe por que nunca llelo escoitamos aos señores Soria e Nadal? Porque ese non era o seu modelo. E como eran auténticos vergonzantes do seu modelo, non dicían nada, facían pola porta de atrás toda esa desfeita en termos regulamentarios que fixeron. E este modelo ten catro elementos centrais —que teñen moito que ver coa tarifa

de interrompibilidade e, desde logo, teñen moito que ver co modelo no seu conxunto—: o abaratamento do custo para os usuarios e os consumidores, a protección dos consumidores vulnerables —na seguinte iniciativa falaremos disto—, o impulso do autoconsumo e facilitar os obxectivos europeos de enerxías renovables. ¿Ve que simple? ¿Ve que simple era? Logo poderase facer o que se poida facer, e poderase chegar ata onde se poida chegar, pero era así de sinxelo, señora Nóvoa. E insisto en que nunca llelo escoitei aos ministros do goberno do señor Rajoy.

E a segunda, e isto entra directamente no tema da interrompibilidade, é permitir un funcionamento do mercado, con dous elementos tamén, señora Nóvoa. O primeiro é a estabilidade e a confianza dos investidores, que é moi importante en termos de economía produtiva e en termos de decisión de investimento, e que, por certo, o señor Soria nin o intentou e o señor Nadal lamentablemente non o conseguiu. E o segundo, non permitir retribucións excesivas. E aquí é onde estaba a vergonza do señor Soria e Nadal, que non querían dicir o que exactamente pretendían, que era que as grandes eléctricas tiveran os beneficios porcentuais máis elevados de Europa en relación co número de consumidores. (*Aplausos.*) ¿Saben? Este é o marco.

E este tema, efectivamente, é un tema, por suposto, do Goberno de España, pero é un tema fundamentalmente europeo —vostede falou un pouco diso ao principio—. E evidentemente os estados negocian en Europa, e hai lealdades e faltas de lealdades políticas moi relevantes na relación dos gobernos e dos partidos da oposición con Europa. E eu quero falar do Partido Popular e da dereita española neste tema, porque estou farto de escoitar falar aquí de Europa enchéndoselles a boca. E quero falar daquel presidente, Aznar —¿acórdanse?—, que dicía que o presidente González era un «*pedigüeño*» cando pedía un reforzo da política de desenvolvemento rexional no Tratado de Maastricht. ¿Acórdanse daquilo? Parece que non, vexo que están en *stand by*. Pois si, efectivamente, aquel. Tamén me acordo de cando Montoro dixo «*que caiga España, que ya la levantaremos nosotros*» —un elemento de confianza trasladado a Bruxelas absoluto—. E agora temos o novo líder, que xa é o *rien ne va plus*, que se di por aí, ¿saben? «*España es un desastre*», que iso é un elemento de negociación en Europa cojonudo, ¡cojonudo! E, por outro lado, «ou a Comisión Europea tumba os orzamentos, ou os orzamentos tumban España».

¿De verdade que vostedes poden falar da posición negociadora en Europa e da defensa dos intereses de España en Europa cando non gobernan? (*Aplausos.*) ¿De verdade que poden falar diso? (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Mire, señora Nóvoa, eu, como estou seguro de que vostede está absolutamente disposta... (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** É que non me escoitou vostede. Digo que remate, que xa está fóra do tempo. (*Fortes murmurios.*)

¡Silencio!, que non me escoitou o que estaba falando.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Non, non o escoitei. A verdade é que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por iso o digo. (*Fortes murmurios.*) ¡Silencio!

E, por favor, remate.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Si.

Señora Nóvoa, como estou seguro de que a posición do Partido Popular cambiou co novo goberno, nós, na emenda, imos introducir unha proposición non de lei aprobada no Congreso dos Deputados cando gobernaba o señor Rajoy, no mes de xuño do ano 2017, que vostedes naquel momento votaron en contra. Nós non somos coma vostedes, presentámola cando estabamos na oposición e presentámola agora. ¡A ver que fan! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Casal Vidal.

**O señor CASAL VIDAL:** Estamos ante unha problemática na que, de verdade, temos que garantir que gañamos o soldo que nos pagan os cidadáns. E por aí vai ir a miña intervención.

É evidente que hai que solucionar cara ao futuro a situación e as axudas ás empresas electrointensivas —e diso vai esta PNL que presenta o Partido Popular—, e sacalas da incerteza e da falta de garantías, que vaia máis ala da conta de resultados das empresas e que debería ter en conta, de maneira vinculante, a renovación tecnolóxica e o mantemento do emprego. E por aí vai a nosa emenda.

Ata o de agora iso non se fixo, cunha lexislación errática e improvisada e con sucesión de parches de mínima duración que impedían un marco estable a longo prazo. O caso deste ano é paradigmático, cando todas as industrias e os traballadores pedían solucións a longo prazo, a poxa de interrompibilidade non só se modificou senón que se reduciu na súa duración. Fíxose unha ata o mes de xuño e outra entre o mes de xuño e o mes de decembro, a que neste momento está en vigor. Ou sexa, que á compañía non lle cambiou a situación, está na mesma situación que estaba o ano pasado; ou sexa, que as causas do que está a pasar son diferentes.

Pero, como dicía ao principio, estamos nun escenario no que non se pode falar só de dar máis cartos sen condicións ás empresas electrointensivas como Alcoa. O punto esencial que hai que acordar hoxe neste Parlamento é a exixencia a Alcoa de que retire de inmediato o ERE de extinción. E así espero que o recolla a declaración institucional que se está a desenvolver neste Parlamento nestes momentos.

E neste punto debería haber absoluta unanimidade e unidade de acción deste Parlamento, dos concellos afectados, do Goberno da Xunta e do Goberno do Estado ao carón dos traballadores e das traballadoras, e deixar as diferenzas sobre as alternativas para o sector ou a busca partidista de culpables. Deixemos todo iso para o día seguinte de que Alcoa renuncie ao ERE de extinción. Facer o contrario só beneficia a estratexia de Alcoa.

Unha empresa que recibiu 1.000 millóns de euros dos petos de toda a cidadanía para garantir a súa viabilidade non pode dar a espantada. Hai que poñer en marcha de inmediato unha mesa de negociación entre a empresa, os traballadores, os concellos afectados, a Xunta e o Goberno do Estado. E para poñerse a traballar, en concreto —xa digo— o punto de partida é que retiren o ERE. Niso é no que temos hoxe que poñernos aquí de acordo de maneira absoluta. E despois, si, falar do que habería que facer nun prazo, que pode ser inmediato, e do que plantexa esta proposta non de lei, no que nós estamos de acordo. ¿Como poderíamos non estar de acordo se xa en xaneiro deste ano presentamos unha proposta non de lei exactamente igual pola que se pedía que se executaran os orzamentos que estaban no orzamento do ano 2017? O Partido Popular votou en contra, e desa partida de 131 millóns —que era de 150 e rebaixouse a 131— dos orzamentos do 2017 non se executou nin un euro. Por iso consideramos que é imprescindible solicitar do Goberno do Estado que poña en marcha a mencionada partida orzamentaria. Pero, iso si, vinculada á sustentabilidade do emprego e á mellora tecnolóxica nas factorías.

E tanto as compensacións mencionadas no apartado anterior como a nova e replantexada poxa de interrompibilidade que se fai en toda Europa —iso si, doutra maneira— para os próximos anos compense un verdadeiro servizo de interrompibilidade; e que fundamentalmente —e isto é imprescindible— se diferencien en varias categorías de empresas en función do impacto que os custos da subministración eléctrica ten nos seus custos totais de produción. Isto evitará que compitan empresas nas que a compensación é imprescindible para a súa viabilidade con outras para as que só é unha axuda para o seu desenvolvemento pero que non é tan crítica para a súa supervivencia. Este é o problema que estamos a vivir neste momento, que compiten empresas onde o custo da electricidade supón o 40 % dos seus custos totais con outras empresas ás que lles supón o 10 % ou o 15 %, ou sexa, que aínda sendo importante non supón unha parte crítica para a súa viabilidade.

Tamén hai que modificar, evidentemente, toda a lexislación eléctrica, pero iso non se vai poder facer nas cinco semanas de teórica vida que lle quedan a Alcoa. Pero si se pode poñer en marcha e de maneira tamén inmediata a saída da produción hidráulica, da produción eólica e da produción nuclear das poxas diarias. Iso faría unha baixada importantísima das tarifas para a industria en xeral e tamén para os fogares. Esa sería unha medida que se podería tomar tamén de inmediato.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** E xa a longo prazo —e para rematar— hai un tema moi importante. O problema de Alcoa é estrutural pero non estrutural de que as factorías da Coruña e Avilés non sexan rendibles. Non, o problema estrutural que desenvolve Alcoa é que está facendo a competencia de maneira ilegal ás súas propias factorías españolas. Está aportando desde a factoría de Arabia Saudita, que queima fuel óleo para producir enerxía eléctrica e queima fuel óleo para extraer auga das desalinizadoras para despois meter ese aluminio polo porto de Vigo e facer a competencia á produción local. Habería que trasladar desde todos os grupos nas próximas eleccións europeas que a Unión Europea plantexa aranceis medioambientais que impliquen que aos produtos se lles teña en conta...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** ...o CO<sub>2</sub> que emiten para producilos. Isto sería imprescindible para que non haxa unha competencia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CASAL VIDAL:** ...desleal, como neste caso, dunha empresa ás súas propias factorías situadas no territorio europeo.

Iso é imprescindible.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Señora Presas, xa llo dixen o outro día na Comisión. Dende logo, o seu discurso e a súa presenza, se gobernásenos nós en Madrid, sería estar aquí coas camisetas. E non me diga que non, estarían coa pancarta. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Pero, claro, como o PP goberna aquí pero en Madrid goberna o PSOE, pois, claro, cambia. *(Aplausos.)*

Mire, vostede fáleme de que vostede dixou ou afirmou aquí que non queren pechar empresas. Pero entón Ence ou Elnosa, ¿que son?, ¿son empresas? *(Murmurios.)* Non se pode dicir unha cousa e a contraria. Non os cren, señora Presas, e visto está o seu resultado.

As súas iniciativas anteriores pedían avaliacións das últimas poxas. ¡Xa as fixeron as empresas electrointensivas! ¿E sabe o que pedían? Pedían que se puxeran á disposición os 150 millóns de euros, o mesmo que pedimos todos nós, señora Presas. Iso era o que pedían, por iso lles rexeitamos as súas iniciativas.

A tarifa galega é un mantra que xa está desfasado, está desfasado. *(Murmurios.)* Mire, as solucións pasan por avanzar nas interconexións, interconexións con Europa, e non romper Galicia de España. Señora Presas, por favor, o seu discurso é rancio, rancio e obsoleto. *(Murmurios.)*

Mire, señor Losada, calquera diría que vostedes gobernan en Madrid. Iso é o que lle digo eu. ¡Calquera o diría!, porque na última comisión é que volveu instar todo ao Goberno central. ¡Non confía no seu propio goberno!: modificacións do bono social, do autoconsumo, ¡do real decreto que aprobaron a semana pasada! ¡Calquera diría que vostedes gobernan en Madrid!

Falar de Europa está moi ben, falar de Europa está estupendo, eu dei unha pequena pincelada, pero eu recoméndolle que —xa que pode descolgar o teléfono e chamar a Madrid para

que lle fagan algo de caso— pida polos galegos. Para que non apliquen o suplemento —a iniciativa que trouxemos aquí— para todos os cidadáns galegos e galegas, e que tampouco pechen, ou que queiran pechar, as centrais de Meirama e das Pontes, señor Losada. Porque é que dentro de pouco teremos aquí outro problema —e vostede sábeo— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) coa central de Meirama. Entón eu pídolle que menos de falar de Europa e doutras ideas e máis chamar a Madrid para defender os intereses dos galegos, dos traballadores galegos e das empresas galegas. (*Aplausos.*)

E, señor Casal, a verdade é que é importante cobrar, pero tamén é moi importante pagar —só un apunte moi sutil—. E este Goberno, mire, non cambiou o discurso nunca. E insisto —e para todos os grupos—, mire, para cambios de discurso, os seus. Mire, de En Marea, Yolanda Díaz —é do seu grupo, ou de Podemos, bueno, da súa confluencia—: «*En Marea carga contra los privilegios de Megasa, Alcoa y Ferroatlántica. En Marea llama a limitar la retribución y la potencia subastada de la interrumpibilidad, que ven como una ayuda encubierta a las grandes consumidoras*». Entón, ¿como lles vai explicar isto aos traballadores de Alcoa? ¿Que pretenden? ¿Pretenden que peche ou que siga aberta? É que non o entendo. (*Murmurios.*)

Miren, en canto ás emendas —que non me queda tempo—, señores do BNG, non podemos aceptar a súa tarifa galega —xa llelo expliquei—. E con iso remato coas súas emendas, porque basicamente iso é o máis resaltable. Sobre as do Grupo Socialista hai que destacar que imos apoiar ou incluír na nosa proposición todo o referente a vincular —e vai para En Marea tamén— as axudas ao emprego e aos investimentos que teñen que facer estas industrias. Vai para todos en xeral —perdón, señora Presas—. O que si que non podemos aceptar é o tema das directrices enerxéticas de Galicia, que —repítolles— xa se presentaron aquí. Veu o conselleiro comparecer e vostede puido preguntar, ou puido investigar; ou, se non, faga unha iniciativa. Pero o obxectivo de aquí e de hoxe son as empresas electrointensivas e Alcoa, non as directrices enerxéticas de Galicia, que xa formaron parte doutro pleno.

E, señor Casal, non podemos aceptar a súa emenda de excluír do *pool* as enerxías renovables, porque basicamente son as que abaratan o prezo do *pool*. Entón non nos pida cousas que son incoherentes e difíciles de explicar en calquera outra parte.

Insisto, a Xunta e o Grupo Popular...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...estamos comprometidos cos traballadores. Lévese traballado moito. Pedimos apoio do Goberno central para pór á disposición os 150 millóns de euros e un marco regulatorio estable.

Pasareilles a proposta de transacción para que a poidan valorar. E na votación xa nos dirán.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata as 16.00 horas.

*Suspéndese a sesión ás dúas e catro minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta Proposición non de lei. (doc. núm. 37671)*

*Emenda de adición.*

*Engadir o seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno central:*

*a) un novo marco regulatorio para a enerxía que derroque a actual Lei de 2013 do sector eléctrico e sitúe a enerxía como un dereito básico para a cidadanía e teña como piares centrais o aforro enerxético, o descenso do impacto medioambiental, o control social dun sector estratéxico e a reparación da discriminación ás comunidades exportadoras como o noso país levantando os vetos que impiden que nos beneficiemos desta condición.*

*b) de forma urxente, en tanto non se culmine o recollido no primeiro punto, demandar a rebaixa do IVE da electricidade ao superreducido do 4%.»)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta Proposición non de lei. (doc. núm. 37671)*

*Emenda de adición.*

*Débense engadir dous parágrafos na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados cos seguintes contidos:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

*Facer as modificacións orzamentarias oportunas que permitan duplicar a partida consignada no Proxecto de orzamentos de 2019 para o Tiquet Eléctrico Social (09-20-733A-48010 – Código proxecto: 2015 00297).*

*Desenvolver, no uso das súas competencias, e a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, unha campaña específica destinada aos consumidores de enerxía eléctrica que lles permita dispor de información axeitada para elixir o mellor contrato e a mellor tarifa de enerxía eléctrica.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Boa tarde.

Estamos poucos pero é o que hai. O asunto é importante pero... aí quedará gravado.

En moitas charlas que estamos a desenvolver por toda Galicia para falar e informar do bono social e tamén da falta de información que ten a cidadanía sobre as tarifas e os contratos da luz, aínda que o grupo maioritario rexeitou de maneira reiterativa as nosas ofertas e os nosos plantexamentos de desenvolver campañas informativas, por unha banda sobre o asunto das tarifas e os contratos, un estudo económico que fixemos e que presentaremos —xa o rexistramos pero o presentaremos en comisión ou pleno nos próximos días— di que as familias en Galicia gastan 200 millóns de euros máis ao ano na súa factura da luz soamente —xa sen entrar nas estafas e na fixación de prezos e outras cousas— por non ter na súa vivenda a tarifa e o contrato adecuado.

En máis de vinte charlas que levamos desenvoltas polo país certificouse que máis do 90 % da xente non sabe se está no mercado regulado ou no mercado libre. A maioría da xente non coñece a tarifa de discriminación horaria, que é a máis favorable para calquera fogar. Recomendolles que miren os seus recibos e, se non están en discriminación horaria, que o fagan, porque aforrarán moitos cartos. Pero o tema máis sangrante é o asunto da falta de información sobre o bono social. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe un momento.

Din que non se escoita ben, a ver se...

**O señor CASAL VIDAL:** Si. ¿Escóitase?

**O señor PRESIDENTE:** Levante o micrófono un pouco.

**O señor CASAL VIDAL:** Vale. Agora escóitase.

**O señor PRESIDENTE:** A ver así.

**O señor CASAL VIDAL:** Por iso incidimos nun asunto do que non se falou practicamente nada nin no Congreso nin neste Parlamento, que é o asunto de que só poidan ofertar ás familias o bono social as empresas reguladas.

O ministro do Partido Popular Álvaro Nadal impuxo unha reforma do bono social en 2017 que foi contestada por moitísimos colectivos de afectados, e, aínda que inclúe, evidentemente, algunhas melloras, como fixar a referencia do bono social aos ingresos, porque non tiña sentido que soamente fora por potencia, pois xente con moitos ingresos e con moita capacidade económica tiña o bono social nas segundas vivendas, e isto non tiña ningún sentido. Pero este cambio lexislativo supuxo un barullo de tal calibre que, de non aprobarse a moratoria... Primeiro xa o Partido Popular fixo unha moratoria no mes de abril porque naquel momento só o 5 % da xente conseguira renovar o bono social, pero agora, cando remataba o prazo, o 8 de outubro, o actual Goberno tivo que facer outra moratoria ata o día 31. É importante dicirlle á xente que non é que non se poida seguir pedindo o bono social, senón que o perden aqueles que xa o tiñan se non o renovan. Pero, aínda así, a realidade é que na situación actual estamos deixando fóra ao 75 % das familias que se beneficiaban desta axuda e a moitas máis que deberían ter dereito a ela.

Segundo os datos do Ministerio de Transición Ecolóxica, a mediados deste verán só 715.000 usuarios puideron acollerse ao novo bono social, fronte aos 2,4 millóns de clientes que eran beneficiarios do antigo. Estes datos son a brutal evidencia da penosa política do Goberno do Partido Popular en materia de pobreza enerxética. A súa acción política pasou da nada ao desastre.

¿E onde estamos nestes momentos? Os últimos datos falan de que máis de 400.000 persoas en Galicia e 4,6 millóns de persoas residentes en España non foron capaces de manter a súa casa quente durante os meses de frío, e case 600.000 en Galicia e 6,8 millóns en España sufriron temperaturas inadecuadas na vivenda, atrasos no pago de recibos ou ambas situacións simultaneamente.

O novo bono chegou de momento —como xa dicía— a 715.000 fogares en España, unha porcentaxe ridícula ante a magnitude do problema. Agora ben, do que non se fala é de que só poden solicitalo as persoas que contratan a luz cunha comercializadora de referencia; é dicir, unha das oito empresas que operan en España nesta categoría, fundamentalmente as cinco do oligopolio: Naturgy, Endesa, Iberdrola, Viesgo e EDP, e despois as comercializadoras de Ceuta, Melilla ou Canarias.

¿Que pasa, entón, coas máis de 600.000 persoas en Galicia e os 15 millóns de clientes en España que están no mercado libre? ¿Que pasa coas persoas que teñen a luz con algunha das 728 comercializadoras que non son de referencia? Pois que están excluídas do bono social e de toda protección contra o corte da subministración.

O ministro Nadal vinculou a definición do consumidor vulnerable en risco de exclusión á renda, e iso está moi ben, pero tamén á compañía eléctrica. Con iso só son suxeitos de dereito fronte aos cortes os clientes das comercializadoras de referencia. É dicir, que un non só é vulnerable pola súa situación económica e familiar, senón tamén, sorprendentemente, pola compañía coa que ten contratada a luz. ¿Que terá que ver a compañía coa situación da familia?

A ministra Teresa Ribera anunciou que a súa reforma incluírá o principio de precaución, pero sen definilo, ese é o problema tamén. O principio de precaución implica que a empresa

non poida cortar subministración sen antes comprobar se a titular está en situación de vulnerabilidade. ¿Aplicará a ministra de Transición Ecolóxica o principio de precaución a todas as familias ou deixará fóra os 600.000 cidadáns e cidadás galegos das comercializadoras do mercado libre?

Todas as comercializadoras de electricidade sufragan o bono social, todas, estean no mercado regulado ou estean no mercado libre, polo que é lóxico e necesario que todas as comercializadoras poidan facilitar o bono social. En todo caso, debería modificarse a maneira de calcular esa aportación das compañías, que agora se fai en relación co seu número de clientes e, realmente, debería facerse en función do seu volume de negocio completo, incluíndo a produción e a distribución, ademais da comercialización nas que teñen integración vertical. Ou sexa, non é lóxico que sexa por número de clientes, porque iso non ten nada que ver cos ingresos reais desas compañías.

Con iso, ademais de chegar á poboación excluída, evitaríase o transvasamento de clientes ás empresas do oligopolio. A min dáme realmente noxo ter que lle dicir á xente que ten que pasarse dunha cooperativa social de enerxía a Gas Natural Fenosa ou a Iberdrola para poder ter dereito ao bono social.

Desta maneira poderían ofrecer o bono todas as empresas que o desexasen, entre outras, as cooperativas sociais enerxéticas sen ánimo de lucro, que comercializan só enerxía renovable e apostan pola democratización da enerxía. Deixaría así de ser incompatible para un cliente o acceso ao bono social con ter a luz contratada cunha empresa ética que non practique o perverso xogo das portas xiratorias.

Por iso, ante todo o exposto, instamos a Xunta de Galicia que inste o Ministerio de Transición Ecolóxica a facer as modificacións legais oportunas para que todas as comercializadoras de electricidade poidan ofrecer o bono social. Non facelo sería unha inxustiza. Xa é malo que a xente non teña información e estea no mercado libre sen sabelo. Pódolles garantir a todas e todos que, nos centos de persoas coas que levamos falado, máis do 90 % que estaban no mercado libre non o sabían, porque, como saben, a Unión Europea marcou que as comercializadoras do mercado libre teñen que ter un nome totalmente diferenciado das comercializadoras do mercado regulado, e aquí é tan diferenciado como que, por exemplo no caso de Gas Natural, a comercializadora do mercado regulado chámase Gas Natural SUR SDG S. A., e a do mercado libre chámase Gas Natural SDG S. A. Como se ve, os nomes son imposibles de confundir.

Chégase ao límite xa sorprendente, a última... Menos mal que xa anunciou a ministra que se vai prohibir o casa por casa, o porta por porta, para cambiar á xente ao mercado libre, pois sempre a inmensa maioría das familias saen prexudicadas. Vaise prohibir esta práctica, sobre todo coa xente maior. Pois no norte de Galicia, para que saiban onde están chegando, dinlle á xente: «Mire, está vostede en Gas Natural SUR e vostede vive no norte —SUR quere dicir Servizo de Último Recurso—. ¿Por que non se mete na do norte, que é Gas Natural Servizos SDG? E cambian a xente con enganos tan sorprendentes e tan noxentos coma este.

Polo tanto, penso que é un tema que vai máis alá da política, que simplemente é un tema de xustiza, de que toda a cidadanía que ten dereito ao bono social poida acceder a el, estea nunha empresa regulada do oligopolio ou estea nunha sociedade cooperativa de enerxía como reclaman por todo o Estado. A min sorpréndeme que sexa a primeira vez que isto se plantexa tanto no Congreso como en calquera parlamento autonómico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa tarde.

Eu quería dar algún dato que pon de relevo dúas cuestións de fondo que me parecen importantes, diante deste asunto do que falamos hoxe.

Primeiro, a gravidade da situación. E, segundo, a gravidade tamén da falta de vontade política para pórllle remedio que hai neste país.

Temos datos de sobra que ilustran a dificultade que supón para a maioría da xente, para a maioría das clases populares, afrontar o pagamento da factura da luz, algo que non é exclusivo daqueles que están nunha situación máis extrema. Aínda así, segundo os propios datos do IGE, temos máis de 187.000 fogares no noso país, e máis de 442.000 persoas no noso país, que declaran que non poden ter a súa casa a unha temperatura adecuada. Estes casos, para nós, tamén son extremos. Resulta alarmante e dá idea da falta de compromiso e de acción política propia da Xunta de Galiza que hai apenas unha semanas, cando o BNG falou da cuestión da electricidade nesta Cámara a través da nosa voceira Ana Pontón, o señor Núñez Feijóo dixera fachendeando, como se fose unha cousa extraordinaria e que só el era quen de facer, que o ticket eléctrico tiña axudado arredor de 14.000 fogares nos últimos catro anos. ¡Home! eu creo que é un pouco embarazosa esa cifra, tendo en conta as máis de 442.000 persoas que declaran isto, onde puido chegar un ticket eléctrico infradotado e infradesenvolvido.

Temos tamén cuestións como que o 18 % dos fogares do noso país teñen dificultade para ter a casa quente ao mesmo tempo que exportamos —insisto, volvo dar este dato hoxe— arredor dun 35 % de electricidade cada ano desde o noso país. E todo isto acontece mentres vemos que as grandes empresas do sector, por poñer un exemplo, as tres compañías máis importantes que operan no Estado español, que son Iberdrola, Endesa e o que agora coñecemos como Naturgy, o ano pasado, o último ano enteiro, que foi o 2017, que recordarán as súas señorías porque falamos longo e tendido da seca e da dificultade do ano hidrolóxico, no que a enerxía hidroeléctrica, que é o que máis beneficios lles reporta, sufriu un momento complicado, incluso nun ano así aumentaron un 3 % o seu beneficio, ¡máis de 5.000 millóns de euros! Iso o que é é un escándalo, e fainos ir coa nosa proposta de emenda un pouco máis ao fondo, que é, dunha banda, o sistema eléctrico e a necesaria reforma que debe ter; e doutra banda, todo o referido á cuestión do prezo da luz.

Diante deste escándalo, nós pensamos que a resposta que está a dar —e compartimos parte da reflexión que facía o señor Casal— o bono social é ridícula. Non chega aos niveis de ridículo do ticket eléctrico da Xunta de Galiza, pero o certo é que queda moi curta.

Eu imaxino que todos e todas puidemos ler onte o diario Atlántico, que facía unha reportaxe na que informaba de que, segundo datos propios de Naturgy, na área de Vigo habería 24.000 persoas excluídas do novo bono social, incluso unha vez feita a reformulación do pasado mes de outubro do Goberno central; polo tanto, é a todas luces obvio que non deixa de ser un parche. Ademais, hai que recordar que no 2017 foi reformulado precisamente porque o seu financiamento é absurdo, pois non vai a cargo dos orzamentos do Estado como pasa noutros países, como Italia ou Francia, e as eléctricas recorreron, e as eléctricas tiveron a razón dos tribunais, e iso volveu ser un complexo proceso que custa diñeiro, cada vez máis, ao erario público e cuestións do superávit eléctrico que podían ir a outras cousas.

Entón, é unha pelota cada vez máis grande, e resulta moi difícil mellorar un bono social que é moi deficiente. En todo caso, si que nos parece interesante a cuestión que presenta hoxe o señor Pancho Casal respecto de que se abra o abano a máis comercializadoras. Iso ten unha parte positiva. Nós entendemos que habería potencialmente menos persoas que quedarían excluídas, pero tamén entendemos —e por iso compartimos esa formulación aberta— que habería que miralo con cautela. Dunha banda, no ámbito legal, para evitar que esas comercializadoras de libre mercado puideran recorrer vía tribunais e puideran buscar algunha salvación por esa vía. Por outra banda, habería que estudar tamén e sentarse a dialogar coas propias comercializadoras máis pequenas, e, por exemplo, pensando nalgunha que hai no noso país que non chega aos 1.000 clientes, estudar a forma de que se puidera acompañar ao traballo que fan estas comercializadoras sen que iso supuxese unha perda de viabilidade económica para elas, pero si nos parece que é unha cuestión que hai que traballar.

En todo caso, máis alá de apoiar esta proposta, nós facemos unha engádegas de dous puntos. Un deles é que nós entendemos que temos que seguir dando o debate do IVE da electricidade, que é unha cuestión absolutamente primordial. Se o Estado cede, deixa de embolsar cantidades millonarias a través dese IVE do 21 % e rebaixa o IVE da electricidade —foi rebaixado o IVE das touradas e parécenos unha cousa moito máis prescindible—, aí terían as familias un importante alivio da súa carga fiscal.

Doutra banda, insistimos en formular tamén que debe abrirse urxentemente ese debate que moitas veces se promete, pero que vemos que non chega, da reformulación do sistema eléctrico. Unha reformulación do sistema eléctrico que debería cambiar a visión da electricidade como mercadoría á da electricidade como un dereito. Seguramente así podería haber outros pasos que fixesen que un bono social mellorado, ou co formato que for, atendese os casos máis extremos, pero que os casos máis extremos non fosen máis de 442.000 persoas no noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.



**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, eu vou comezar exactamente por onde comecei na anterior proposición non de lei, co calendario. O Partido Popular leva gobernando en Galicia nove anos e seis meses, e gobernou ata hai catro meses e medio durante seis anos e seis meses no Goberno de España. Ten tamén moita relación directamente con esta iniciativa que presenta o Grupo Parlamentario de En Marea porque, en realidade, todo o que ten que ver coa pobreza enerxética e cos problemas de acceso á enerxía que supuxo a crise para os grupos sociais máis afectados creo que se sintetiza claramente en dúas ideas ou dúas fases.

A primeira, a fase da negación do problema, da negación da evidencia. Vímolos non só por parte do Goberno do señor Rajoy, senón tamén por parte do Goberno galego.

Dende que chegou ao Goberno o señor Feijóo no ano 2009, ata o ano 2014, o Partido Popular votou sistematicamente en contra de todas as iniciativas da oposición a favor de medidas que paliaran a pobreza enerxética en Galicia. Cinco anos, todas en contra. (*Aplausos.*) Ese é o feito obxectivo. Teñen unha visión anticíclica tan forte que, xusto cando empeza a recuperación da actividade económica e cando entramos en taxas de crecemento positivo, é cando empezan a tomar en consideración o problema cunhas cifras e cunhas políticas absolutamente cativas. Pero diso falarei un pouco máis adiante.

Tamén vou repetir, ademais da cronoloxía, as liñas mestras do Goberno Sánchez en relación coa enerxía, fundamentalmente dúas. A primeira, un novo modelo económico e enerxético máis sostible, máis solidario e máis xusto, con catro liñas de actuación fundamentalmente: o abaratamento dos custos de electricidade, que a nós parécenos fundamental de maneira xeral, pero parécenos prioritario —insisto— para aqueles grupos sociais máis afectados; o da linealidade case sempre agocha discriminación.

O segundo, a protección dos consumidores vulnerables. Efectivamente, nestas primeiras fases temos que actuar directamente sobre a pobreza enerxética. Eu espero, e os socialistas esperamos, que isto progresivamente vaia converxendo cara a algo parecido a un ingreso mínimo vital ou como queiramos chamarlle, pero segmentar a pobreza significa, primeiro, complicar enormemente a xestión por parte das administracións, e, sobre todo, por parte das persoas que teñen necesidade de acceso ao apoio público, porque, indubidablemente, estamos falando de distintas instancias, distintos sistemas, en fin, todos os problemas que eu creo que calquera persoa cunha mínima sensibilidade entende.

Eu recordo que nunha intervención sobre o ticket eléctrico galego neste pleno dixen que me parecía extremadamente complicado que unha muller de idade, probablemente con pouco máis que unha educación primaria incompleta, que vivía nunha aldea illada do concello de Chandrexa de Queixa, tería moitas dificultades para, vía internet, solicitar este ticket eléctrico. Algúns deputados e deputadas do Partido Popular, dunha maneira absolutamente incomprendible —por ser elegante—, riron. Non sei moi ben de que riron, máis alá da propia estulticia, pero, en todo caso, riron.

E logo os datos estiveron aí. As partidas orzamentarias, que eran misérrimas, non se executaron porque non houbo solicitudes. Pero non houbo solicitudes non porque non houbera necesidades, senón porque a Administración autonómica, en vez de favorecer o acceso ás medidas de compensación pública ante situacións de pobreza, están a outras cousas, están á Industria 4.0 e á modernización tecnolóxica de non sabemos moi ben que. (*Aplausos.*)

E logo, por último, permitir un funcionamento do mercado. Efectivamente, nós entendemos e defendemos un libre mercado ben regulado —ben regulado, insisto—, que facilite a estabilidade e a confianza dos investidores. Tamén entendemos que ten que haber esas condicións para favorecer o investimento, pero, dende logo, que evite ou que non permita retribucións excesivas. En todo caso, se existen, que fiscalmente sexan convenientemente tratadas para que teñan un efecto redistributivo.

Hoxe o Instituto Nacional de Estadística publicou o indicador homologado pola Unión Europea. Eu non sei se o Grupo Parlamentario Popular do Parlamento de Galicia o homologa, espero que si. A Unión Europea si, que é o de indicadores de calidade de vida. Aí vén unha táboa con datos de risco de pobreza cun umbral fixo, un pequeno detalle que é verdade que o señor Núñez Feijóo non entende, ou se o entende disimúlao con bastante boa actuación, pois a única maneira de medir realmente o avance ou a diminución da pobreza é manter un referente fixo en inicio dunha renda determinada, porque estamos falando de porcentaxes sobre esa renda. A pesar do que di o Partido Popular, hai nove comunidades en España con menos taxa de pobreza que Galicia. É verdade que hai sete peores, e tamén é verdade que as sete peores están todas elas na metade sur. Está moi relacionado, por exemplo, coa poboación nova, que é a máis afectada pola crise e, polo tanto, a que ten —especialmente no caso de mulleres, de familias monomarentais— máis problemas de pobreza. Pero con taxas demográficas similares, como é o noroeste, somos a comunidade autónoma con maior taxa de pobreza.

Pasadomañá saen os datos da enquisa de poboación activa, temos aínda os do segundo cuatrimestre..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —estaba intentando escoitar as aportacións— ...que din que aproximadamente 100.000 persoas desta comunidade autónoma viven en fogares sen ingresos, e aproximadamente outras 200.000 viven en fogares con todos os seus membros en paro; é dicir, das pensións dos maiores, as segundas máis baixas de España.

Pois nese escenario dramático, os orzamentos que entraron neste Parlamento hai...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...aproximadamente tres días manteñen e perseveran no erro e no auténtico escándalo: 1.300.000 euros para ticket enerxético, cando estamos dicindo que o PIB se recuperou da situación de crise do ano 2008 e que imos ter os orzamentos expansivos desde practicamente os cartaxineses. Insisto, 1.300.000 euros. E a poboación foco sobre a que pensa actuar a Xunta de Galicia —insisto, 33.000 fogares sen ingresos ningún...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...nin pensións, nin desemprego, ningún, 33.000—, a poboación foco, o 10 % desa poboación.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Suponse que o outro 90 % vive de oracións. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Losada, que fale vostede de duración ou durabilidade do Goberno do Partido Popular na Xunta e non me fale do goberno... ¿Canto gobernaron vostedes en España? Máis de vinte anos, señor Losada. Máis de vinte anos para deixar na ruína o país sempre, excepto cando gobernou o señor Felipe González, pero vostedes dese non falan moito, falan máis do Goberno do señor Zapatero ou agora do señor Sánchez.

Señor Casal, antes de comezar e meterme de cheo na iniciativa gustaríame saber, cando vostede fala de enerxía verde, ¿que é?, ¿como a que acaba de crear a señora Colau no Concello de Barcelona? «*Acusan a Colau de enganar con su eléctrica municipal*». «*Los ecologistas critican que venda como energía verde la de una incineradora*», señoría, condenada por contaminación, ademais. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Para exemplos os seus, señor Casal.

Trae hoxe unha iniciativa a este pleno, referente ao bono social, que tratamos xa en reiteradas ocasións na Comisión 6ª, e vostede comeza a súa intervención aludindo ao ministro Nadal. ¡Non pode olvidarse do Goberno do señor Rajoy nin por un momento! E di: impuxo a reforma do bono social. Rectifique as palabras, señor Casal, non impuxo: negociouse un bono social no Congreso dos Deputados. Negociouse con todos os grupos, non se impuxo. Non fan o que fan vostedes noutros países ou o que lles gusta aos gobernos doutros países do outro lado do charco.

Señor Casal, o señor Nadal levou a reformulación do bono social... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ... ao Congreso e aprobouse tras negociación co resto dos grupos. E o que pasou foi que vostedes votaron en contra. Bueno, votaron vostedes en contra e os extremistas e separatistas cataláns, eses cos que negocia o seu xefe os presupostos no cárcere. *(Murmurios.)* Todos eses votaron en contra.

Mire, vou centrar a miña intervención en tres aspectos fundamentais que xustifican o voto en contra deste grupo á súa iniciativa.

Aspecto número un. O bono social reformulouse en 2016, tras unha sentenza do Tribunal Supremo que invalidaba o anterior bono social do ano 2009. Como dixen, saíu adiante tras múltiples negociacións e reunións coa maioría dos grupos parlamentarios; unha reformulación que incluíu a clasificación de tres categorías de consumidores engadindo unha máis, a de consumidor vulnerable en risco de exclusión social, aos que non se lles poderá suspender a subministración eléctrica. Co cal, insisto, a máxima defensa da creación do bono social, que estableceu un marco regulatorio legal para todo este tipo de axudas.

Aspecto número dous. Hai dúas semanas o Goberno do señor Sánchez aprobou un Real decreto, o 15/2018, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores, que ademais convalidou —como xa dixen na anterior iniciativa— o pasado xoves no Congreso, e que conta con medidas que complementan o bono social anterior, aprobado polo Goberno do Partido Popular.

Nese Real decreto lei, á parte da ampliación de baremos do bono actual ou de engadir o bono térmico, tamén se establece un mandato ao Goberno para que aprobe, no prazo de seis meses, unha estratexia nacional de loita contra a pobreza enerxética. Di concretamente que se contará coas comunidades autónomas, coas entidades locais, coas asociacións de consumidores, cos representantes do sector e coas empresas, e que tamén se establecerán uns obxectivos de redución da pobreza nun horizonte de medio e longo prazo, e propondrá medidas concretas para a consecución destes obxectivos.

Ademais, nese real decreto hai medidas de protección ao consumidor e prohibíbese a comercialización porta a porta que vostede tanto critica reiteradamente nesta Cámara.

Polo tanto, dende este grupo consideramos que é imprescindible esperar á elaboración desta estratexia antes de abordar máis reformas na loita contra a pobreza enerxética. Iso si, estaremos vixiantes para o cumprimento desta iniciativa e no seu momento tomaremos as medidas oportunas.

Unha puntualización sobre as comercializadoras de referencia. Vostede fala de todo, coma sempre, e non fala de que son as que teñen a dispoñibilidade de subministrar o prezo para o pequeno consumidor, para que se poida solicitar o bono, e que son as que teñen a maior parte dos contratos, ademais de ter que cumprir uns requisitos de capital social, de cantidade de clientes, requisitos avalados pola Comisión Nacional do Mercado e da Competencia. Pero a vostede iso dálle igual e critica sistematicamente todo.

O que me resulta estraño, a verdade, señor Losada, é que os seus socios en Madrid o critiquen sistematicamente e reiteradamente dende que chegaron ao Goberno. E o que máis me preocupa é que vostede mesmo non confíe no seu propio Goberno e o teña que instar continuamente.

O terceiro aspecto —para rematar xa— de por que non lle imos aceptar esta iniciativa, é que o Goberno galego si que estivo aí. Estivo e foi pioneiro dende o 2014, adiantándose con axudas do ticket eléctrico. Pero tamén entende, señorías, que a pobreza enerxética é un problema de Estado, por iso se mostrou a favor dunha solución estatal como foi o bono social, e seguiranse

tomando accións autonómicas complementarias. Iniciativas, señor Casal, como aprobar unha lei neste Parlamento, ao abeiro dunha iniciativa lexislativa popular de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, á que vostedes tamén votaron en contra, que garantía o pago da metade da factura enerxética aos consumidores máis vulnerables e que, xunto co bono social, podería ser dun cen por cento do custo da factura, así como o impedimento por parte das compañías subministradoras de poder cortar a luz ás familias máis necesitadas. Pero vostedes votaron en contra, señor Casal. Accións do Goberno galego que xa contan con máis de 500 fogares beneficiados, pero, repito, que vostedes non apoiaron.

Por iso cremos que é necesaria unha maior divulgación destas axudas mediante campañas informativas que xa se fan, señor Losada; o que pide vostede na súa emenda xa se está facendo. E a semana pasada aprobouse unha iniciativa para levar aos sete concellos das grandes cidades formación sobre as axudas autonómicas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Estas son accións que está a facer o Goberno galego, señor Casal, e polas que non imos apoiar a súa iniciativa.

En canto ás emendas do BNG, vostedes, señora Presas, propoñen coma sempre reunir un novo marco e rachar co que hai. Nós non estamos de acordo en rachar co que hai. Estamos de acordo en perfeccionalo, por suposto que si. Pero non negará que polo menos o marco que houbo permitiu conter un déficit de tarifa de 28.000 millóns de euros, que estamos pagando, e incluso acadar un superávit de 1.500 millóns de euros.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Bueno, eu a verdade non entendo esta maneira de facer política. Vimos falar aquí das familias en risco e en vulnerabilidade con respecto á posibilidade de ter os seus fogares nunha situación de habitabilidade, e véñennos falar de Venezuela... Eu non sei se vostede pensa que á xente que escoita isto, que á xente que vai pasar frío dentro de mes e medio, lle interesa a situación de Venezuela, de Arabia Saudita, de Irán... *(Murmurios.)* Pois garántolle que o que lle interesan son os seus problemas reais, e non os que vostedes se inventan. *(Aplausos.)*

Mentira tras mentira. Mentira tras mentira desde o punto de vista político e tamén desde o punto de vista persoal, como vostede sabe moi ben. Debe ser esa a maneira de facer política, ampararse en falsidades desde o primeiro punto ata o último. Iso si, publicadas en medios de referencia para vostedes. Xa saben a que me refiro. *(Murmurios.)*

Despois, é que non entendo porque non falou nada da proposta. ¿Por que están en contra de que as comercializadoras do mercado libre, como por exemplo as sociedades cooperativas

de enerxías sociais, poidan ofertar se queren? Iso déixoo claro para a señora Nóvoa, a proposta pon que poidan. De feito, hai moitas das cooperativas sociais de enerxía que o están a solicitar. Non están obrigadas. Tampouco vai afectar ás súas contas porque o bono social eléctrico o financian todas as comercializadoras; non o paga a comercializadora que o outorga, páganos todas. O sistema non é o adecuado porque se paga por número de clientes, e iso non ten sentido. Debería de ser en función dos ingresos totais de cada compañía.

E despois a señora Nóvoa fala con orgullo do ticket eléctrico que montou a Xunta de Galicia, que chegaba de media por ano a 2.200 familias cando o IGE —que xestiona a Xunta de Galicia— di que hai máis de 400.000 fogares en pobreza enerxética; ou sexa, chegan ao 0,5 % dos fogares en pobreza enerxética. Se un Goberno pode estar satisfeito de que unha das súas políticas chegue ao 0,5 % dos afectados, debe de ser que eu navego noutro tipo de planteamentos políticos.

E non se pode esperar seis meses, o frío chega no mes de outubro. Non podo entender que non apoiem esta proposta. Unha proposta que as propias compañías aceptan. A que non puidera sufragalo, podería negarse a facelo, pero ás que queren, ¿por que non deixalas? En cambio, vostedes votan que non, ¿por que? Para que 15 millóns de clientes en España e 600.000 abonados e fogares en Galicia queden fóra da posibilidade de pedir o bono social. ¡É absolutamente incomprendible! ¿Pero isto que é? ¡É que non o podo entender! ¿Como poden estar en contra diso?

Despois, co resto de iniciativas que se plantexan nas emendas estamos de acordo, pero o do IVE xa o presentamos no anterior pleno, e o cambio da regulación xeral do sistema eléctrico. Eu nas miñas propostas pretendo —en cousas deste tipo, que teñen unha incidencia social inmediata e moi grave— conseguir, polo menos, dar pequenos pasos. Evidentemente, hai que cambiar todo o sistema eléctrico en España, pero non o imos conseguir para o mes de novembro, cando vai empezar a facer unha humidade e un frío nas casas que provocan pneumonía e provocan 70.000 ingresos hospitalarios en Galicia ao ano. Pois todo iso é o que se pode evitar, e hai que estar a ser útiles na política agora e xa, non pensar no futuro e non pensar en cambialo todo para que non cambie nada.

Señora Nóvoa, pídlles que reflexionen. É imprescindible que eses 600.000 galegos e eses 15 millóns de españois —que son moitísimos, non son catro como dicía vostede— que están no mercado libre poidan tamén ter posibilidade de acadar as súas axudas do bono social.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Sobre as emendas, ¿acepta as emendas?

**O señor CASAL VIDAL:** Si. Iamos ofrecer, pensando que o Partido Popular ía votar a favor da nosa proposta, que se votaran por separado as emendas do resto dos grupos, que as aceptamos, e pensabamos que eles ao mellor, como xa votaron en contra no pasado Pleno... Pero se insisten en que van votar en contra de que a maioría da xente poida ter posibilidade de acadar o bono social, pois aceptámolas directamente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, xa está claro.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa extensión da rede de puntos de encontro familiar a todo o territorio galego, así como a mellora do protocolo e condicións de acceso das persoas usuarias ás súas instalacións**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas. Para formular a proposición ten a palabra a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe imos falar de puntos de encontro familiar, os tamén coñecidos como PEF, e para situar ben o debate entendo que é preciso, primeiramente, describir que son e para que se empregan os puntos de encontro, un servizo que probablemente é dos menos coñecidos entre a cidadanía e incluso me atrevo a dicir que aquí, entre os deputados e deputadas desta Cámara.

O máis importante, e que en ningún momento debemos perder de vista, é que un punto de encontro nace como lugar de protección para a infancia; ese é o fin último, a protección da infancia (*Aplausos*.) É un equipamento social que favorece o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos nenos e das nenas a manter a relación coas súas persoas proxenitoras.

A realidade é que os usos deste tipo de centros son moi variados. Ás veces serven de lugar neutral para realizar os intercambios de cumprimento do réxime de visitas, pero noutros a visita desenrólase enteiramente no centro, con supervisión da relación dos proxenitores cos menores. A casuística é diversa, e non afecta só a proxenitores con mala relación, hai tamén menores en acollida que visitan os seus pais biolóxicos, avós e avoas que non poden ver con normalidade os seus netos ou netas, e tamén casos de violencia de xénero nos que hai incluso ordes de afastamento vixentes.

Polo tanto, importante aclarar que os PEF non son só para atender casos de violencia de xénero, son equipamentos útiles en moitos casos de conflitos, e con servizos moi diferenciados no caso dunha ou doutra casuística.

As cifras do 2017, en canto a usuarios e usuarias destes PEF, amosan que entre os sete puntos de toda Galicia se realizaron 24.641 intervencións; case o 70 % delas para intercambios, un 13 % para visitas tuteladas e un 17 % para visitas sen supervisión. E se ben outros datos anuais teñen baixado, precisamente a porcentaxe de número de casos abertos por violencia de xénero tense incrementado en oito puntos respecto a hai dous anos, sendo un 30,8 % do total de casos abertos. Algo que nos ten que poñer en alerta respecto do repunte da violencia de xénero, especialmente entre parellas ou ex parellas.

A decisión primeira de centralización destes equipamentos nas sete cidades principais de Galicia, se ben nun primeiro momento entendemos que tivo todo o sentido por unha cuestión de priorización, a día de hoxe é precisamente a gran distancia destes equipamentos con moitas áreas rurais de Galicia a que impide, ou cando menos dificulta, o acceso de novos usuarios e usuarias, especialmente cando existen resolucións xudiciais que obrigan a facer uso deste tipo de puntos de encontro. E, sen dúbida, os prexudicados últimos son as e os menores que viven situacións de conflictividade, e por desgracia incluso de violencia, entre os seus proxenitores.

Esta reclamación, polo tanto, de aumento da oferta deste tipo de puntos de encontro é o centro da nosa petición de hoxe. Un aumento que entendemos que debера responder a un esquema comarcalizado que permitise prestar o servizo incluso nas áreas máis illadas. E facémolo, ademais, recollendo a demanda xeneralizada que xa se ten dado en moitas áreas xeográficas de Galicia, a máis recente na comarca do Morrazo, de onde hoxe nos acompañan dende a tribuna, onde se constata unha demanda cada vez máis crecente, estimándose en cincuenta os posibles casos a atender só nesta área. Pero tamén se ten demandado nos últimos meses en zonas como Carballo ou como a Costa da Morte, e hai apenas uns días tamén na comarca do Salnés.

A esta forte reclamación social úneselle o espírito do propio Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, que no seu preámbulo menciona o seguinte: «A Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación, para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posible, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial. E recalca tamén máis adiante: «A través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar».

Nós vemos como si se teñen, por exemplo, asinado convenios de colaboración coas universidades, tense feito publicidade da promoción da mediación familiar, por exemplo, pero nada vimos da promoción e debida ampliación dos puntos de encontro. Habería que preguntarlle ao Goberno por que.

O certo é que, desde a súa posta en marcha, os puntos de encontro familiar se seguen localizando tan só nas sete principais cidades galegas dezasete anos despois da súa posta en marcha e sete anos máis tarde da lei do 2011. Ningún outro punto de encontro foi posto en marcha, argumentando sempre falla de financiamento ou de demanda.

Si é certo que, por iniciativa, neste caso, dalgún xuíz, se artellou algún tipo de punto de encontro só para intercambios co fin precisamente de desatascar a situación de saturación dos xestionados pola Xunta de Galicia; como foi, por exemplo, no caso da vila de Marín.

Nós temos claro que, igual que acontece cos CIM, empréganse onde os hai; e onde non os hai —aínda que soe a perogrullo— non se empregan. A demanda existe onde existe tamén a oferta. É así de sinxelo. E como desde o Grupo Socialista entendemos que en todo caso a



eficiencia de medios ten que ser tida en conta para valorar a posta en marcha de novos puntos, cremos que debe ser estudada a fórmula —xa empregada no país de Francia— de puntos de encontro itinerantes; un país que implantou por primeira vez estes puntos de encontro xa no ano 1988 e que explorou precisamente esta fórmula para as áreas máis rurais rotando os puntos por áreas xeográficas e desprazando o persoal a locais facilitados e adaptados polas comunidades ou administracións.

No caso galego entendemos que, en todo caso, o Decreto 96/2014, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, tería que contemplar esta nova fórmula, e tería que exixirse, en todo caso, o cumprimento de todos os puntos ou ben adaptalos a un novo articulado. En todo caso, cremos que, dado que os puntos de encontro atenden moitas casuísticas, poderíanse e deberíanse estudar as mesmas, a súa incidencia e porcentaxes, e contemplar a oportunidade ou non da posta en marcha desta nova fórmula. De feito, existen localizacións no territorio de Galicia afastadas máis de cen quilómetros do punto de encontro máis próximo, para o que os usuarios e usuarias precisan empregar entre hora e media ou dúas horas para achegarse ao mesmo, e polos seus propios medios. Lembremos que o momento en que máis se fai utilidade dos puntos de encontro é nas fins de semana, o que dista, por tanto, moito do concepto de servizo de proximidade e accesibilidade, que debería, en todo caso, garantirse.

Solicitamos, polo tanto, non só a valoración da implantación de novos puntos de encontro familiar, creando polo menos un en cada comarca, senón tamén que se poida estudar a posibilidade de poñer en marcha a fórmula de puntos de encontro itinerantes nas zonas máis illadas de Galicia e alí onde a densidade de poboación non permita o mantemento dun punto de encontro con carácter estable.

E dado que o elemento talvez máis sensible dos puntos de encontro, máis alá da protección dos menores, ten que ver coa seguridade en especial das usuarias vítimas da violencia de xénero, entendemos que é preciso poñer o acento nesta cuestión e realizar un informe sobre as condicións de seguridade actuais en cada un dos sete existentes co fin de mellorar o protocolo e condicións de acceso ás edificacións ou locais por parte das usuarias e usuarios, e con especial atención ás condicións recomendadas en casos de violencia de xénero.

As condicións de acceso ás edificacións que albergan os puntos de encontro, por exemplo, de Lugo e de Pontevedra xa foron reclamadas en diversas ocasións. Son accesos literalmente tenebrosos que xeran unha sensación de total vulnerabilidade por parte das vítimas. Hai que entender que nos casos máis graves de violencia as vítimas e agresores acoden ao mesmo centro con media hora de diferenza; algo que, cando o acceso é único, sen saída e pouco iluminado, provoca o pánico de quen está continuamente vivindo baixo unha ameaza de agresión, ou incluso de morte. É preciso nese estudo ter en conta a percepción subxectiva da seguridade das mulleres. Lembremos que son mulleres que conviven co terror, e ninguén mellor ca elas nos poden transmitir cando se senten ou non seguras. Teñamos en conta a súa opinión e atendamos as súas suxestións para mellorar os protocolos e instalacións en cada caso.

E melloraremos, ademais, neses protocolos o necesario intercambio de información entre os puntos de encontro e os estamentos xudiciais. É difícil garantir ou contribuír á mellora da

seguridade dunha vítima se nin sequera se coñece a súa condición, algo que pode acontecer no caso de que unha muller entre no servizo dos puntos de encontro tras unha sentenza xudicial por un divorcio e, sendo xa usuaria, adquira logo a condición de vítima, o que dar lugar a que os protocolos de protección e seguridade non funcionen correctamente simplemente por descoñecemento.

Estas cuestións e moitas outras foron trasladadas por comparecentes varias na Comisión de Igualdade, e entendemos que deberían ser afrontadas o antes posible por este Parlamento. Por iso hoxe agardamos o apoio de todas as forzas a unha serie de medidas que entendemos, ademais, que están en liña co espírito da Lei 3/2011, coa infancia, coas mulleres e cos homes e familias de toda Galicia. E como dixó hoxe, e moi ben dito, o señor Tellado, agardamos coherencia por parte de todos entre o que se di e o que se fai. Se un defende a protección da infancia, faino para todos os nenos e nenas galegas, e non só para uns poucos.

Nada máis, polo momento, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Boa tarde e benvidas as persoas que nos acompañan tamén na bancada de convidadas.

Nós, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, imos apoiar a iniciativa que presenta hoxe o Grupo do Partido Socialista. Coincidimos coa explicación, coa exposición, que facía agora a señora Pierres. E como ela mesma explicaba, ademais, foron demandas en boa medida trasladadas tamén no marco das comparecencias que tiveron lugar na Comisión de Igualdade ao longo do que vai, nestes dous anos, de lexislatura.

E cremos, ademais, desde o BNG que os servizos deben ser concibidos, máis aínda se cabe nun país coma o noso, para unha realidade orográfica, unha realidade poboacional, marcada absolutamente por unha xeografía complexa e por unha dispersión poboacional propia, case non repetible en ningún outro territorio do estado español. E os servizos deben adaptarse e axustarse precisamente a esa realidade poboacional e orográfica do noso país, e deben, ademais de garantir o seu acceso de proximidade, responder a esas necesidades da poboación.

Decía a señora Pierres que hai familias ou persoas usuarias deses puntos de encontro familiar que teñen que desprazarse máis de cen quilómetros. Non hai que ir moito máis lonxe. Eu veño da provincia de Lugo, e calquera persoa que teña que facer uso destes espazos e que se atope na Mariña ou que se atope nas comarcas da montaña, por exemplo, teñen que deslocarse ao único punto de encontro que existe na nosa provincia e que se atopa na cidade de Lugo. De feito, a directora da Fundación Meniños, que é unha das entidades que xestiona algúns dos puntos de encontro do noso país e que acudiu a este Parlamento precisamente actuando como portavoz desas entidades, poñía enriba da mesa que había bastantes localidades, bastantes comarcas do noso país, que se atopaban sen poder acceder a estes puntos de encontro nas debidas condicións. Falaba ela do norte de Lugo —como acabo de referir eu

agora—, da Mariña, da montaña, tamén da Barbanza ou falaba da zona do sur de Ourense, que tamén ten só un punto de encontro para toda a provincia.

Parécenos moi interesante, moi necesario e moi acaído, ese primeiro punto da iniciativa, que fala de valorar a implantación con carácter comarcal destes servizos. Cremos que hai que camiñar —sempre o defendemos así desde o BNG— a unha prestación de servizos no noso país que atenda a realidade das comarcas, para que con iso se garanta o acceso nunhas condicións de equidade e de xustiza de toda a poboación, independentemente de se se atopa nas áreas urbanas ou periurbanas ou de se se atopa nas comarcas do rural.

Parécenos tamén interesante —e así o formulaba, ademais, a directora da Fundación Meniños— a posibilidade de implantar eses puntos de encontro con carácter itinerante. Falaba a señora Pierres agora de que era unha experiencia que xa se botou a andar nos anos oitenta en Francia e de que mesmo hai territorios dentro do estado español que tamén o están a experimentar. En maio de 2018 —se non lembro mal— a Comunidade de Murcia implantou ese primeiro punto de encontro, e con carácter itinerante creo que Castela-A Mancha xa tamén probara ou experimentara un servizo destas características. Parécenos —e isto tamén quero subliñalo—, sempre que se garanta e se protexa o interese superior do menor e a protección e as mellores condicións para as mulleres —polo tanto, a maior calidade na prestación do servizo—, moi interesante estudar, analizar e ver as potencialidades que esta fórmula de puntos de encontro itinerantes, e con que resultados, puidera ter no noso país.

En relación coa terceira cuestión que se presenta dentro das iniciativas que hoxe defende o Partido Socialista, nós tamén estamos absolutamente de acordo con que hai que analizar cales son os protocolos que se están a xestionar. Nós defendémolo na Comisión de Igualdade e volvemos repetilo agora: temos dúbidas sobre se non sería mellor un modelo de xestión diferente dos puntos de encontro, que non dependa de entidades do terceiro sector e da diversidade das empresas que acaban facéndose coa xestión destes puntos. Sabemos, pola experiencia acumulada ao longo destes anos, que hai moitas deficiencias na prestación do servizo, que non é uniforme, que depende moitas veces das persoas e das entidades que se fan cargo destes servizos. Cónstanos que polo menos desde a Fundación Meniños se está traballando e impulsando un protocolo que, dentro do que cabe, homoxeneíce os criterios cos que se traballa dentro destes puntos. Tamén, cunha perspectiva de transformación social, falabamos do incremento cada vez maior de casos de violencia machista, de puntos de encontro que teñen que facerse con situacións que están marcadas por ordes de afastamento ou medidas cautelares no marco de procesos xudiciais abertos por casos de violencia machista. Pero temos que intentar camiñar cara a unha sociedade onde as relacións intrafamiliares melloren, sexan máis sas e menos tóxicas.

Cónstanos tamén —especialmente en Lugo pero tamén é verdade que, por exemplo, en Ourense— que os emprazamentos non son os acaídos. No caso da cidade de Ourense está na Casa da Xuventude o punto de encontro. Cremos que para nada debería ser un lugar deste tipo o que acolla un servizo tan fundamental coma este. Cónstanos tamén que hai demandas para garantir a seguridade, para garantir a videovixilancia, sobre todo diante deses casos que están xudicializados —moitos deles por situacións de violencia machista—.

En definitiva, nós imos apoiala. Parécenos, ademais, ben acaída e ben traída esta iniciativa.

E, pola miña banda, máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Miranda.

**A señora MIRANDA PENA:** Boa tarde, señor presidente, e compañeiros e compañeiras. E un saúdo especial ás persoas que nos acompañan hoxe.

A primeira vez que escoitei falar dos dereitos dos nenos —daquela as nenas non existiamos— foi nunha lámina de Mafalda que o meu pai, mestre, pegou na miña bicicleta. Era o ano 1980 e era a comarca do Ortegal. Desde aquela ata hoxe espero que algo teñamos avanzado, pero aínda hai moita marxe para comprometermos co benestar dos nenos e das nenas do noso país. E tamén coas súas familias, eses espazos diversos —aínda que a alguén lle custe recoñecelo— que deben servir como elementos de sostén pero que tamén ás veces se atopan en problemas.

Os puntos de encontro familiar teñen por obxecto facilitar o contacto nun lugar neutro entre menores e membros das súas familias en situación de crise —como dicían as miñas compañeiras—, de separación, de divorcio, de tutela, de cadea, de maltrato, ou de calquera circunstancia que faga conflitivo o cumprimento do réxime de visitas. Ese servizo converteuse nun recurso tan imprescindible para a nosa sociedade que vén incrementando a súa demanda de forma tremendamente exponencial. A intervención ten por obxecto normalizar a situación de conflito, axudada por profesionais da educación social ou da mediación familiar. Outra das aspiracións que debe ter é que as familias cheguen a non necesitar este recurso, e converterse en autónomas para resolver os seus propios conflitos. O obxectivo será sempre velar pola primacía do interese superior dos menores e das menores.

Pero a accesibilidade destes puntos —como comentaban as miñas compañeiras—, efectivamente situados nas sete cidades galegas, non responde necesariamente a criterios de equidade no territorio. Non para unha nena de Ortegal, para unha nena de Valdeorras, para un neno da Mariña ou da baixa Limia. De Cariño a Ferrol hai 50 quilómetros; de Valdeorras a Ourense, 112; de Ribadeo a Lugo hai 100; e da Guarda a Vigo hai 60. Os sete puntos de encontro resultan insuficientes para resolver as necesidades dos lugares máis afastados das cidades e isto atenta contra o principio de xustiza na distribución de recursos. Por iso anticipamos que votaremos a favor da proposición do PSdeG.

Por outra banda, sería absolutamente necesario que cada centro fose de xestión directa e pública, cousa que non ocorre no momento actual. O decreto que o regula xa abre a posibilidade de que sexan de xestión privada, unha vez máis abrindo vías para que se faga da necesidade un negocio. Así, das cidades galegas, dos sete puntos, os da Coruña e Pontevedra son xestionados pola Fundación Meniños —que é unha entidade sen ánimo de lucro—; o de

Santiago, pola Asociación Encontro; o de Lugo, pola Fundación Camiño Social; e, atención, os de Ourense, Ferrol e Vigo pola empresa de servizos sociosanitarios Eulen, que é unha empresa que si ten ánimo de lucro e que ten por delegada a alguén que se apelida Núñez Feijóo. Ten unha sección de traballo temporal moi próspera, segundo ela reconece nas entrevistas, e unha grande área de negocio no sector sociosanitario. A nosa postura é, coma sempre, non mercantilizar a solución ás necesidades sociais, especialmente a aquelas máis sensibles e máis vulnerables.

O noso grupo visitou cada punto de encontro familiar para coñecer de primeira man o seu funcionamento. Fixérono os deputados Marcos Cal, Paula Verao e Paula Quinteiro. Co cal temos un bo termómetro de como se está a traballar neles e as súas carencias, a falta de recursos e de horas de atención. Por iso defendemos que sería necesaria unha diagnose exhaustiva sobre o estado destes puntos. É necesario que o persoal que atende as persoas usuarias teña a sensibilidade que se require para tratar asuntos onde as emocións e os conflitos están presentes na vida cotiá, e, ante intereses opostos, facer prevalecer sempre a seguridade e o benestar físico, psicolóxico e social do menor.

Existen, como comentaban tamén as miñas compañeiras, queixas de usuarias porque non se respectan os réximes de intercambio de fillos e fillas nos quince días que os centros permanecen pechados no verán. E tamén hai lista de agarda para moitas delas.

Algunhas infraestruturas non garanten a protección de mulleres vítimas de violencia machista, tal como reconecen algunhas mulleres usuarias. Xa o comentaba a miña compañeira, hai accesos a través de rúas pouco diáfanas que comprometen a súa seguridade, e outros, como o de Ourense —xa foi dito aquí—, localizados na Casa da Xuventude, que non parece o recurso máis idóneo para esta función.

Os puntos de encontro familiar deben velar tamén pola seguridade, o benestar físico e o equilibrio psicolóxico e social das vítimas da violencia machista e de familiares vulnerables. Velar polo interese superior do menor implica velar tamén pola protección da súa nai maltratada. Para iso, o persoal que traballa neles debe contar con formación e experiencia suficiente en materia de familia, de menores, de violencia machista e de resolución de conflitos. E hai que lembrar tamén que un maltratador nunca, nunca, é un bo pai.

Dicía Concepción Arenal que o bo trato para as nenas e para os nenos é como o sol para as flores. Non chega co alimento, precísanse coidados, caricias e atencións. E dicía tamén Karl Meninnger que o que se lles dá aos nenos e nenas será devolto integramente á sociedade. Por iso, señorías, votaremos a favor da proposición do Grupo Socialista. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Miranda.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Saúdo tamén as persoas que nos acompañan hoxe na tribuna.

Hai dezanove anos a Xunta de Galicia abriu o primeiro punto de encontro, concretamente na cidade de Vigo, con carácter experimental. Tan só un ano despois, o Goberno creaba a Rede galega de puntos de encontro familiar, integrada por sete puntos, e todos de titularidade da Xunta de Galicia, nas sete cidades galegas. Esta rede de puntos de encontro iniciou a súa andadura cun orzamento de 150.000 euros. Anualmente a Xunta foi incrementando o orzamento para o funcionamento destes recursos, ata chegar no ano 2018 a un orzamento de case 740.000 euros. Dende o ano 2009 a Xunta de Galicia leva investidos máis de 6,8 millóns de euros na Rede de puntos de encontro familiar.

Por outra banda, a Xunta puxo en marcha no ano 2009 un plan de actuacións de obras para acondicionar e equipar os puntos de encontro. O investimento das distintas actuacións realizadas ascende a máis de 680.000 euros. Concretamente, nos tres centros da provincia da Coruña investíronse 347.000 euros en obras de mellora; en Lugo, 40.000 euros; en Ourense, 53.000 euros; e na provincia de Pontevedra, 246.000 euros.

En relación co proceso de revisión das instalacións, o Goberno galego iniciouno no ano 2011. A finalidade era situar todos os puntos de encontro en locais públicos debidamente acondicionados para establecer unha rede cos mesmos servizos, unificando as características dos centros. Actualmente todos os puntos de encontro familiar están situados en locais públicos que cumpren cos requisitos exixidos pola normativa vixente. Asemade, o departamento de inspección da Consellería de Política Social, como vostedes saben, realiza de oficio todas as inspeccións necesarias para garantir o correcto funcionamento dos puntos de encontro familiar.

En relación co punto segundo da iniciativa socialista sobre os puntos de encontro itinerantes, nós, dende logo, non compartimos esta fórmula porque consideramos que é obrigatorio garantirles ás familias unhas condicións óptimas coa infraestrutura e o persoal necesario. E, dende logo, nós descoñecemos se os puntos itinerantes van ter estas infraestruturas, o persoal necesario e o servizo de calidade que exixen. Porque o decreto que regula os puntos de encontro establece uns requisitos específicos tanto de materiais como de persoal e funcionamento. Por iso consideramos que esa fórmula é incompatible cos requisitos establecidos no decreto.

Por outra banda, en relación co incremento dos puntos de encontro, si compartimos a proposta socialista, porque o obxectivo da Xunta de Galicia é ofrecer un servizo de calidade suficiente, estable e cunha infraestrutura e persoal axeitados. A Xunta de Galicia vén reiterando no Parlamento de Galicia a súa vontade de crear novos puntos de encontro familiar nas áreas onde se precisen. E nós estamos convencidos de que este compromiso da Xunta quedará reflectido nos orzamentos para o ano 2019 da Consellería de Política Social. Todos o grupos parlamentarios teremos a posibilidade de debater sobre eses puntos de encontro familiar na Comisión de Orzamentos.

Pola nosa banda, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Agradecemos a priori o apoio dos grupos de En Marea e do BNG. Non sei moi ben o que teño que agradecer ou non do Partido Popular, porque non me quedou moi claro o seu apoio e se vai ser expreso ou se o pospón. E isto é un «pospón», xa veremos. ¡Que mágoa nunha cuestión que consideramos de suma importancia para asegurar unha mellor protección da infancia! É unha mágoa tamén esa falla de coherencia, parafraseando outra vez ao señor Tellado —gústame a min moito o que di o señor Tellado—, entre o que se di e o que se fai, ¿verdade? ¡Que mágoa, que mágoa, que na Comisión de Igualdade se digan unhas cousas e despois aquí se demostren outras! Porque hoxe deixaron claro, unha vez máis, que vostedes ven só o que queren ver; e o que non, óbviao ou agóchano. En todo caso, é preciso hoxe relatar tamén aquí como nos sete puntos de encontro —xa o comentou algunha das comparecentes— existen listas de agarda, efectivamente, de entre seis e sete meses; situación que xa foi denunciada tamén repetidas veces.

É moi curioso ver, ademais, como a contabilización oficial do número de usuarios e de usuarias descendeu nos últimos anos. ¡Sorprendente! E, sen embargo, ademais, o propio Ministerio Fiscal, nas súas memorias dos últimos tres anos, fai referencia á saturación e ás preocupantes listas de agarda. ¿Como se pode explicar entón que baixara o número de usuarias e de usuarios? Pois é moi sinxelo: porque ata o 2013 non existía unha limitación no tempo para facer uso dos PEF. Pero desde o decreto do 2014 os que non poden acceder directamente aos puntos de encontro entran nunha lista de agarda que evita que entren estatisticamente como usuarios e usuarias, e, ademais, a limitación a dous anos como usuarios fai que acceda moita menos xente.

En resumo, para a Xunta de Galicia seica os conflitos familiares teñen data de caducidade de dous anos, obviando que a conflitividade non é un concepto que se poida sempre solucionar. Isto non é un «sana sanita», hai conflitos que se manteñen de por vida, tristemente; por poñer un exemplo, os casos de drogadicción ou alcoholismo dun dos proxenitores. A limitación de acceso no tempo é un claro síntoma de fracaso do que debería ser entendido como un equipamento estable, aberto e accesible.

Polo tanto, ¿como podemos resumir a situación xeral respecto dos puntos de encontro?: coñecemento nulo por parte da cidadanía deste recurso, ocultación estatística da verdadeira demanda destes puntos, necesaria mellora das condicións de acceso e de seguridade das instalacións existentes, e —sen dúbida, o máis importante— antepoñer o interese dos e das menores ao resto de intereses. E iso só se consegue permitindo que estes recursos cheguen e permitan unha verdadeira igualdade de oportunidades para todos os menores galegos, xa vivan nas áreas urbanas ou rurais, e incrementando o seu número e estudando fórmulas que se adapten á realidade xeográfica galega. Nós vemos que non fai falla ese estudo, que o Partido Popular xa o fixo na casa e xa tomou a decisión de que aquí non funcionaría.

É unha mágoa —insisto— que este grupo de goberno non entenda que a maquillaxe serve para verse e que o vexan a un mellor. Pero en política social en quen hai que centrar a mirada é nos demais para axudar a que cada día eles se vexan mellor. Iso é facer política social e iso é ser coherente entre o que se di e o que se fai. Así que estaremos atentos á súa coherencia futura. Nós, en todo caso, brindámoslles unha votación por puntos para que se poidan sumar

xa dende hoxe con ese compromiso para que acepten o aumento dos puntos de encontro en toda Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do concurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Engadir os seguintes puntos:*

*“—Nas negociacións que o Sergas está mantendo con Povisa queden blindadas as condicións laborais, salariais e o mantemento dos postos de traballo do cadro de persoal e se garanta que Povisa:*

*-Atende as/os doentes que ten asignados con ratios de calidade e de profesionais equiparables á media dos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde.*

*-Cumpre o que se establece ao final da estipulación II “Prestacións Sanitarias” do concerto suscrito co Sergas que di : Povisa SA obrígase a seguir e a cumprir todas as normas, instrucións, programas e criterios organizativos establecidos polo Sergas relativos aos servizos incluídos no obxecto deste concerto. Igualmente deberá cumprir as disposicións e normas de aplicación establecidas polo Sergas para os seus centros propios.*

*—Poñer en marcha todas as actuacións precisas para que canto antes a totalidade da poboación da Área Sanitaria de Vigo poida ter asistencia hospitalaria na sanidade pública incluíndo o paso do Hospital Povisa ao Sergas, no caso de que a asistencia sanitaria da poboación adscrita e os postos de traballo non estean garantidos.”)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo parágrafo á parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:*



*“Estudar todos os mecanismos posibles a medio e longo prazo para garantir que a poboación do área sanitaria de Vigo poida ser atendida no sistema público de saúde nas mesmas condicións que o resto das áreas sanitarias de Galicia.”)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

Quero empezar saudando os membros do comité de empresa de Povisa, que nos acompañan hoxe desde a tribuna.

Hoxe, efectivamente, o BNG trae aquí unha iniciativa para falar da situación de Povisa, do concerto que o Sergas mantén con este hospital privado de Povisa, que, para facer memoria, é o concerto máis caro non só da sanidade pública de Galiza, senón da sanidade pública de todo o Estado español; un hospital privado, Povisa, que pertence ao *holding* Nosa Terra XXI, á fronte do cal está o empresario vigués Silveira e que recibe cartos públicos non só por este concerto con Povisa senón tamén por outras concesións, como o Servizo de Salvamento Marítimo. É dicir, estamos falando dunha cuestión, dun entramado empresarial, que ten unhas fortes relacións coa Administración pública de Galiza.

A dirección do hospital privado Povisa presentou precurso de acredores o pasado 28 de setembro alegando perdas económicas, segundo xustificaban, ocasionadas polo último concerto asinado co Sergas no ano 2014. Efectivamente, o 1 de setembro de 2014 o Servizo Galego de Saúde formalizou un novo concerto coa entidade Policlínico Vigo S. A. —un novo, porque vén asinando concertos desde a época do Insalud e cada novo concerto con melloras económicas—. E, neste caso, no 2014, para a prestación de asistencia especializada, para prestar asistencia á poboación dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e unha parte dos veciños do concello de Vigo. Este concerto condicionou o deseño do conxunto da área sanitaria de Vigo e segregou recursos da sanidade pública para financiar este concerto, que supón unha cantidade de máis de seiscientos millóns de euros, por un período de oito anos, é dicir, máis de oitenta millóns de euros anuais máis IVE.

No ano 2017 foron oitenta e dous millóns que saen dos impostos de todos e de todas as galegas e os galegos, aos que hai que engadir outros custos como a facturación por servizos de referencia como maxilofacial ou cirurxía da man, dos que non dispón a sanidade pública da zona da área sanitaria de Vigo.

Supón, polo tanto, a entrega a unha empresa privada dunha parte importantísima da atención hospitalaria do sur da provincia de Pontevedra. O Sergas renovou, polo tanto, este concerto singular —moi singular, diría eu— con Povisa con maiores importes económicos que os concertos anteriores. Como dixen antes, cada concerto por maior contía, a pesar de que a aquela altura de 2014 tiña reducidos os recursos destinados a sanidade pública en máis dun 12 % dos orzamentos sanitarios de Galiza.

Con isto, o grupo Povisa conseguiu condicionar o desenvolvemento previsto para a área sanitaria de Vigo, en concreto para o desenvolvemento do Hospital Álvaro Cunqueiro, que tiña

previstas 1.470 camas; recortáronse catrocentas camas en varios servizos, o que fixo que o hospital Povisa se convertese en imprescindible para dar asistencia sanitaria pública no sur da provincia de Pontevedra, na área sanitaria de Vigo, co cal conseguiu que o grupo Povisa mantivese unha posición dominante nas negociacións coa Xunta.

Polo tanto, a actuación realizada polo Partido Popular na Xunta de Galiza na área sanitaria de Vigo permite esta nefasta dependencia dun grupo empresarial privado que busca, evidentemente, o seu beneficio económico e que é capaz de condicionar o desenvolvemento dun hospital público, incrementar o gasto sanitario e a chantaxe, por un lado, á poboación e, por outro, aos seus traballadores. E neste momento, con esta presentación deste precurso de acredores, pois ten en vilo os 1.400 traballadores e traballadoras e a poboación que ten de referencia, que neste momento se acerca ás 138.000 persoas.

Polo tanto, a situación de Povisa é responsabilidade da Xunta e do Partido Popular que apostou por acondicionar esta área sanitaria de Vigo para seguir mantendo este concerto millonario con Povisa, unha empresa que —insisto— usa sistematicamente a chantaxe, e nesta chantaxe usa de reféns os doentes e as traballadoras e traballadores desta empresa.

A estratexia é sempre a mesma, creación dunha situación de alarma entre a poboación con non poder continuar coa prestación de asistencia sanitaria e entre os traballadores coa ameaza de ERE de despedidos, de axustes e continuada, do cal é experta, lévao facendo dende hai moitos anos.

Por iso hoxe o BNG trae aquí esta iniciativa cunha parte resolutiva extensa, á que lle presentamos unha emenda despois de que os acontecementos da presentación da iniciativa pois foran clarificando un pouco a situación de manter, tamén, encontros cos representantes dos traballadores e traballadoras.

A primeira parte da iniciativa o que pide é que compareza o Goberno, que compareza neste parlamento para dar conta de todo o relacionado co concerto singular entre o Sergas e Povisa. Hai suficiente alarma social e laboral creada para que o Goberno informe aquí, en sede parlamentaria, de cal é a situación, informe sobre que está negociando, informe en base a que esta revisando o concerto, se vai ceder ás presións da empresa e con que condicións. Debe haber luz e taquígrafos nas negociacións, ¡xa chega de opacidade!

Estamos falando de fondos públicos de máis de seiscentos millóns de euros, de recursos públicos que saen dos impostos dos galegos e das galegas e temos dereito a saber como se están a investir, a xestionar. Estamos falando de atención sanitaria de preto de 138.000 persoas, de 1.400 traballadores e traballadoras, e é preciso que o Goberno galego informe en sede parlamentaria en base a que está negociando. Porque a empresa aínda presentou un precurso de acredores o 28 de setembro, e aínda este venres pasado presentou as contas en sede mercantil; co cal, non sabemos realmente en base a que contas presenta precurso de acredores, porque, dende logo, saberá a empresa cales son as contas, pero, dende logo, é público e notorio que nós non sabemos cales son esas contas, igual o Sergas si, pero necesitamos que veña aquí a este parlamento a explicar realmente cales son as contas.

O segundo punto é que se realice de inmediato unha auditoría para que saibamos, realmente, cales son esas contas das que derive un informe detallado no que consten as contas que a empresa aínda non presentou —como dixen— no Rexistro Mercantil, e non se ofrece unha información desagregada do gasto que destina a atender a doentes públicos e privados. O número de camas do hospital é de cincocentas corenta, son catrocentas publicas e cento vinte e tres privadas, utiliza o mesmo persoal para atender os doentes públicos e as doentes da privada; non sabemos como fai esa desagregación, non aparece desagregada esa cuestión.

Queremos saber as innovacións tecnolóxicas a quen as imputa Povisa, se ao concerto ou non, se está incluída no concerto a renovación tecnolóxica. Dende logo, pola información que nós temos non está incluída no concerto que a renovación tecnolóxica sexa imputable ao concerto. Queremos saber como está iso imputado; as melloras que realizou nas infraestruturas e que están realizando queremos saber como as está imputando Povisa, se as está imputando ao concerto ou non.

É, dende logo, moi difícil saber o destino real dos cartos que os galegos e galegas pagamos por unha atención sanitaria e que non sabemos como Povisa os está imputando e en que os está gastando, nin sabemos cal é a fiscalización que por parte do Sergas se está facendo destes cartos públicos.

Tamén é preciso saber cal é a ratio profesionais/doente, profesionais por servizo de planta, permanencia dos mesmos, situación laboral, mobilidade horaria e interservizos; cal é o destino exacto dos recursos públicos que a empresa Povisa recibe polo contrato asinado co Sergas; canto se destina a persoal e se o persoal que cobra con cargo a este concerto só atende usuarios públicos ou se tamén atende usuarios privados; canto representa a manutención dos doentes, canto persoal o realiza, en cantas quendas... Son moitas as incógnitas e, dende logo, hai que saber con luz e taquígrafos cal é esta situación.

É preciso esclarecer o cúmulo de intereses cruzados, de portas xiratorias. Rocío Mosquera pasa da Nosa Señora da Esperanza a xerente do Sergas, de aí á consellería e de novo a Galaria; María Luísa Brant da empresa certificadora Galaria e de aí a Povisa. Son moitas as cuestións que hai que clarificar e por iso é necesario unha clarificación nunha auditoría.

Queremos que na negociación que o Sergas está mantendo con Povisa queden blindadas as condicións laborais, salariais e o mantemento dos postos de traballo do cadro de persoal, que se garanta con Povisa. Non pode ser que o persoal siga sendo moeda de cambio. Ten que quedar claro que ten que atender os doentes que ten asignados coa ratio de calidade e de profesionais equiparables á media dos hospitais públicos e do Servizo Galego de Saúde.

Povisa mantén, constantemente, unha situación de conflictividade laboral, non pode seguir manténdose esta situación. Levan co convenio conxelado oito anos, non tiveron subida salarial. Fixéronse reducións de xornada, case todo o colectivo de auxiliares de clínica e celadores...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...redución de xornada, non se puxeron de acordo para pedir redución de xornada. É unha obrigaón da empresa.

Despido aos celadores de planta tendo que asumir os auxiliares esas funcións sen aumentar o persoal. Na actualidade tamén se están facendo redución de xornadas en enfermería. En total máis de cen traballadores e traballadoras despedidos nos últimos anos. As xornadas reducidas do persoal repercuten na atención aos usuarios. Hai franxas horarias na que o persoal queda reducido a mínimos, tendo que agardar os doentes para ser atendidos a que haxa persoal necesario.

Son precisas xornadas completas para todo o persoal.

Esta é a situación que levan padecendo dende hai anos traballadores do hospital de Povisa. A empresa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ... —remato, presidente— alude cada vez que hai un novo concerto para asinar que se non se asina ten que haber redución das condicións laborais; asínase un novo contrato e esas mellores nunca chegan ao persoal.

Esta situación ten que cambiar, e toda vez que polos medios de comunicación estamos vendo que hai negociacións entre o Sergas e Povisa, esas negociacións non poden ser exclusivamente para mellora das condicións económicas da empresa, senón que esas melloras teñen que chegar á atención sanitaria dos doentes e ás melloras laborais dos profesionais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, moitas grazas.

Agardo o voto favorable dos grupos aquí representados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Quero tamén saudar os representantes dos traballadores de Povisa que están hoxe aquí e que levan dende a mañá, que están facendo unha nobre e moi veraz importante defensa dos seus postos de traballo.

Hoxe tratamos un tema de relevancia, un tema que de por si debería ter sido tratado xa, probablemente noutro formato, probablemente coa comparecencia do conselleiro nalgún momento —que en realidade nin está nin se lle espera—, porque este conselleiro, a verdade, calquera cousa que ten que ver coa sanidade galega parece que non vai coa consellería. Incluso nos últimos

días estamos vendo que algunhas modificacións relevantes pois están sendo metidas pola porta de atrás, porque vaia trapallada que están facendo cos pediatras, ¡vaia trapallada! (*Aplausos.*)

Pero, en definitiva, falando de Povisa, Vigo ten unha circunstancia moi especial que neste caso deixa en evidencia: Vigo ten a maior poboación de Galicia, a sanitaria de Vigo é a maior de Galicia, e ten, no entanto, un problema, un tratamento distinto, serve en certa maneira como un laboratorio de experimentación de novos modelos sanitarios. Ten unha curiosidade, e é que practicamente ningún paciente da área sanitaria de Vigo pode asumir estar tratado de maneira íntegra e completamente dentro do sistema público, porque ou ben o fan nun hospital de titularidade privada, co que hai un concerto, como é Povisa, ou ben o fan nun hospital construído, xestionado, polo menos na metade, por unha empresa privada e sobre a que estamos pagando un montón de cartos, un montón de millóns de euros en canon de alugueiro do hospital e coa que temos que concertar moitísimas das negociacións para incorporar material, para tomar decisións médicas con empresas privadas, cos CIF que teñen despacho nos sectores públicos de Galicia. (*Aplausos.*) E este é o modelo de Vigo.

Dentro diso, o que comprobamos é que existe unha inequidade dos habitantes da poboación da área sanitaria de Vigo con respecto ao resto de Galicia; non teñen o mesmo trato, porque nin sequera o hospital Povisa ten que garantir as mesmas calidades sanitarias que os demais centros hospitalarios. E iso é inxusto. Estamos rompendo a equidade do sistema, que é un principio que para nós é insalvable.

Nós defendemos, claramente, que ten que haber unha equidade clara entre os pacientes, sexan de onde sexan, vivan onde vivan. E isto non se dá en Vigo, e este é o problema.

Hai un segundo problema. Cando a empresa privada ten a capacidade de xestionar un servizo público como a sanidade non ten como prioridade a defensa da calidade existencial dos pacientes. O seu primeiro obxectivo é o beneficio. E cando chocan os beneficios empresariais e a calidade asistencial temos este problema, que se utilizan os pacientes como reféns; polo tanto, temos un problema grave coa situación que ocorre actualmente.

¿Que debemos facer para a solución? Existe, ou polo menos pode existir, un entendemento do que debemos facer. Hai dúas prioridades, unha primeira que é a calidade asistencial dos pacientes. Nós defendemos que os pacientes da área sanitaria de Vigo teñen que ter a mesma garantía asistencial que todos os demais habitantes de Galicia, a mesma. (*Aplausos.*) E iso agora non existe.

Segunda cuestión esencial, hai que defender os dereitos dos traballadores, porque están dando un servizo para a sanidade galega e nós debemos de defender tamén eses dereitos. Existiu, é certo, a posibilidade de ter un acordo neste parlamento, ao que por outras cuestións —que non corresponden agora— non se chegou nese momento, hai moi poucas semanas, no debate do estado de Autonomía, pero agora existe esta posibilidade e aínda pode existir esta posibilidade.

Dende o noso grupo o que plantexamos é que esa é unha solución inmediata a curto prazo, pero plantexamos unha emenda, ¿por que? Porque ten que haber unha visión de futuro. ¿Cal

é a visión de futuro? Garantir que non nos volva suceder o mesmo, e hai que estudar todas as vías, todas as vías posibles para que isto non nos volva ocorrer, porque senón todos sabemos o que vai volver ocorrer. Cando se volva asinar un convenio chegará Povisa e volverá dicir que lle dá perdas, e haberá outra vez que volver negociar, porque volverá poñer os pacientes de reféns. E se o sabemos hai que poñerlle solución.

E isto é o que pensamos nós a través desta emenda. Unha emenda que plantexa que teñamos unha visión de futuro e que estudemos todas as posibilidades para que os cidadáns da área sanitaria de Vigo teñan esa garantía de igualdade de trato.

Ocorre, iso si —e agora si permítame que faga esta excepción do tempo que me queda—, que hai unha autoemenda que quero mencionar. En primeiro lugar, creo que é o momento no que este parlamento se ten que plantexar algunhas cousas como, por exemplo, como se utilizan as autoemendas. Porque é certo que se plantexou unha autoemenda da que nós nos preguntamos varias cuestións. Primeiro, ¿por que?, ¿por que a autoemenda? Porque se se cambiaron tantas cousas, nin sequera se defendeu a autoemenda aquí arriba. Hai cuestións que van nesa autoemenda que non estiveron defendidas aquí.

E segunda cuestión, eu creo que é unha técnica negociadora non acertada plantexar un acordo hoxe de que compremos o hospital —que é o que di a outra emenda— para dicir que primeiro compremos e despois xa veremos o prezo.

Non é a mellor técnica negociadora do mundo, porque iso é o que estamos defendendo se aprobamos a autoemenda: comprar o hospital Povisa. E non é aceptable.

Dar solucións fáciles, facilonas, a problemas complexos ten nome e non é unha vía de solución, e iso non se pode aceptar, porque se ademais tiña tantas xustificación esa autoemenda, nin sequera se defendeu aquí. (*Aplausos.*) Creo que é necesario que cheguemos a un acordo. Se era posible un acordo, que dende o noso grupo cremos que coa proposta orixinal do BNG era posible que nos atopásemos todos, é o mellor que lle podemos dicir aos habitantes da área sanitaria de Vigo, e tamén aos traballadores, que hai un acordo deste parlamento, e era posible, salvo que o que se busque é o desacordo, e cremos que esa non deba ser a solución.

Estamos seguros de que non é, pero pareceo, e polo tanto cremos que é posible, e cremos, polo tanto, que a nosa emenda pode perfectamente transformarse de engádega, porque as autoemendas non permiten traballar sobre a autoemenda final, que é un truco utilizado curiosamente á media hora de rexistrar as emendas, e foi rexistrada.

A emenda que nós propoñemos, que era de engádega, pódese asumir como emenda de substitución do último punto da proposta, e así estaríamos dando unha resolución sobre o que propuxo a voceira do BNG, que en todo o que plantexou aquí arriba ten razón. É necesario saber que pasa con ese convenio, como é posible que se poida utilizar como refén un convenio do que non hai multa, non hai impedimento para incumprir.

¿Pódese ameazar con romper ese convenio? Non deba de ser posible, e todo o que aquí se plantexou é perfectamente viable, e ademais plantexaba solucións de futuro, pero que non

pasen por asumir que imos comprar o hospital e que despois xa veremos o prezo, porque onte facerse fotos con Feijóo e hoxe dicirlle a Silveira que lle imos comprar o hospital... Eu chega un momento que non sei para onde estamos mirando.

Polo tanto, esa é a posibilidade, e nós plantexamos que a nosa emenda vaia nese sentido, que substitúa o último punto da nova autoemenda que fai o grupo proponente, e aí creo que poderemos estar todos. Se iso é posible, daremos unha boa solución aos habitantes de Vigo e aos traballadores de Povisa, e, sobre todo, miraremos tamén ao futuro para que non nos volva ocorrer, e ese é o noso plantexamento que cremos que pode ser asumido por todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Pensem en 2005, hai trece anos eu lembro as fins de semana pegada co nariz a un carro de medicación, saíndo case sempre tarde, ás veces unha hora tarde do traballo, horas que se lle regalaban unha e outra vez á empresa. Lembro correr polos pasillos, lembro saír chorando do traballo por se o traballo non estaba ben feito, lembro ver saír chorando as miñas compañeiras e compañeiros de traballo, e desgraciadamente iso non mudou nos últimos anos. E logo viñeron as cámaras nos pasillos para controlar o persoal, logo viñeron os avisos de se o persoal estaba sentado para descansar, logo viñeron os recortes salariais, logo viñeron os recortes de horas e logo viñeron, tamén, os despidos.

Estou falando, obviamente, de Povisa, e estou falando da vida dos compañeiros e das compañeiras que están sentados arriba, aos que hoxe tamén teño que dar as grazas por estar aquí.

Povisa constituíuse no ano 1969, empezou a operar no ano 1973 e comezou a súa expansión e o seu incremento de actividade asistencial ao albor dos convenios precisamente coas entidades públicas, primeiro co Instituto Social da Marina e despois co Insalud. Unha vez que as competencias pasaron á nosa autonomía, á Consellería de Sanidade —neste caso o Servizo Galego de Saúde—, asumíronse os concertos, practicamente sen pestanexar, e a partir de aí concerto tras concerto en condicións óptimas e vantaxosas para os beneficios da empresa.

Ano 1993, co Goberno do señor Fraga, o primeiro concerto. Ano 1996, cun elevado incremento do custo público e do número de cartillas atendidas, e practicamente no momento en que se instaura esa característica estrutural que ten traslado ao Consello de Contas. Hai outro relevante, o do ano 2000, no que se introduciu a blindaxe das especialidades médicas. Renovouse despois no ano 2006, e renovouse no ano 2014. E claro, houbo posibilidade de ter un hospital público para deixar de outorgar beneficios a esta empresa privada, pero o PP non quixo. Hai trescentas noventa e catro camas menos no Álvaro Cunqueiro, setenta e unha menos no Meixoeiro e cincuenta e dúas menos no Nicolás Peña coa reordenación.

Son cincocentas dezasete camas menos para continuar garantindo o negocio do señor Silveira. Pero, claro, só para garantir o negocio do señor Silveira, non para garantir as condicións de traballo da plantilla da empresa. Porque todos eses millóns, durante todos eses anos, non foron, dende logo, para mellorar as condicións laborais.

Lembren vostedes a folga indefinida do ano 2013, e xa non me vou máis atrás, lembren as protestas, lembren as manifestacións. Porque nós estabamos alí, porque as centrais sindicais estaban alí e porque a Xunta de Galicia se riu unha vez máis da plantilla da empresa. A empresa ameazando con aplicar despedimentos e ERE. Lembren que a partir do ano 2010 conxelación salarial, conxelación de convenio colectivo —que caducou por aquel entón— e despedimentos: vinte e sete traballadoras da limpeza, once administrativas e redución da xornada nun 46 % do cadro de persoal.

Dende aquela pedímoslle que se mantivese a calidade da prestación sanitaria e do traballo. En 2014 novas ameazas aos traballadores, e por aquel entón saía o señor Feijóo dicindo que era moi importante renovar o contrato porque del dependían as familias, pero pouco lle importou que despois de regalarlle un novo concerto no ano 2014, só uns meses despois, en febreiro, tiveramos que asistir no noso país ás novas ameazas da empresa, ás ameazas con despedimentos e ás ameazas cun ERE, uns meses despois de asinar ese novo concerto.

¿Lembran vostedes as mobilizacións? Nós si as lembramos, porque estabamos alí, humildemente apoiando o que podiamos os traballadores e as traballadoras. ERE de cincuenta e seis traballadores e traballadoras, trinta e catro supostamente por causas económicas —uns meses despois de asinar un concerto multimillonario— e vinte e dous por causas supostamente organizativas, para externalizar servizos, para empeorar aínda máis a calidade do traballo na empresa.

E mentres tanto non cesaron as ameazas, as chantaxes continuas de que a empresa ía mal, unha vez máis dende os anos noventa, e necesitaban máis cartos públicos, e o salario mentres tanto dos traballadores e traballadoras conxelado dende o ano 2010, perda nalgúns casos dun 22 % do salario por mor dos recortes das xornadas. Non se pode vivir así. O compañeiro Manuel Lago falaba pola mañá das condicións das traballadoras do sector de elaborados. Estes traballadores e traballadoras tampouco poden vivir cun recorte dun 22 % dos salarios e cunhas condicións cada vez máis precarias.

É unha vergoña que a Xunta se sente a negociar nestas condicións, sen que as contas estean depositadas no Rexistro Mercantil. Esta deputada pediu as contas a principios de mes, e ante a ausencia das contas no Rexistro Mercantil, denunciou ante o Instituto de Contabilidade e a Auditoría de Contas, denunciou o día 10 de outubro. ¡Oh, sorpresa!, unha semana despois a empresa tiña depositadas unhas contas que tiña que ter depositadas en xullo, como máximo, deste mesmo ano. Están vostedes vendendo a sanidade pública á custa de darlle cartos á sanidade privada, que non van parar precisamente ás melloras das condicións salariais e laborais dunhas persoas que non teñen a culpa da usura dun empresario que vive continuamente á custa do erario público.



Nós imos apoiar a PNL, sorprendeunos tamén a emenda e imos esperar a ver que acontece coas dúas emendas, cremos que debería de estudarse cal é o método. En todo caso, imos apoiála indiferentemente de cal sexa o acontecer das dúas emendas, porque cremos que é unha declaración de intencións; iso habería que estudalo correctamente, e cremos que a vontade dos grupos ten que ser apoiar que se manteña a atención sanitaria, e, dende logo, que se manteña a calidade no emprego.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Boa tarde señorías.

Saudar as persoas do hospital Povisa que nos acompañan na tribuna.

Sorprende, sen dúbida, señorías, que un concerto asinado por un Goberno do PP —estas persoas que nos dedicamos a destrozarlle a sanidade pública e regalárllela á empresa privada, todo pola ideoloxía, por suposto— provoque un concurso de acredores nun hospital privado concertado. Sorprende. Dende logo, rompe o discurso constante da oposición sobre privatización, co que teiman neste parlamento.

Desde logo, dicía a señora Prado que cada novo concerto que se asinaba era con melloras. Moita mellora non debe de ser cando o hospital Povisa se atopa na situación que podemos ver e da que falamos hoxe.

Diante do problema da situación de Povisa, cada grupo da oposición vai ao seu aire. Por certo, quería recordar que a adscrición a Povisa é voluntaria, non é obrigatoria, antes de que me esqueza.

O voceiro das Mareas, o señor Villares, afirmou que a súa formación está por non consentir que haxa que pagar dúas veces, primeiro polos concertos e agora para rescatar unha concesión ou un servizo que tiña que estar no público. Asegurou, segundo os medios, que se a sanidade privada falla, que a Xunta se ten que ocupar de agrandar o sistema público para garantir a prestación, e defendeu a integración de todo o espazo sanitario no ámbito público. En resumo, exprópiase, porque a curto prazo temos claro que non habería outra solución.

Por outra banda, o alcalde de Vigo, afirmou: «*Feijóo debe de actuar ya y no dejar tirados a 137.000 pacientes y 1.400 empleos.*». No caso de Povisa, apremia ao Sergas a ofrecer unha solución inmediata, porque, «*el concierto firmado en su día es insuficiente para atender a la población, y el Gobierno gallego debería resolver inmediatamente en favor de Povisa.*».

É dicir, máis cartos para Povisa, que é todo o contrario do que opinaba En Marea.

Tampouco parecen coincidir moito estas afirmacións do alcalde coa emenda que presenta o señor Torrado, pero..., bueno.

¿Entón, a quen debemos de facer caso? ¿A quen fai caso o Goberno da Xunta? ¿A quen dos dous?

Eu, dende logo, non vin na prensa galega ningún tipo de posicionamento do grupo do BNG, non había posicionamento, e traía antes de autoemendala unha iniciativa neutra, instando a comparecer, auditar e realizar as actuacións para garantirles a asistencia sanitaria ás 139.000 persoas e aos 1.400 traballadores aos que afecta a situación de Povisa, e coa que está claro que non debería de estar moi conforme, porque xa a autoemendou.

Dende logo, nin na iniciativa, nin na emenda, nin non discurso se propón ningunha actuación ou solución, nin ningunha postura clara, fóra do exprópiase, tamén.

Afirma o BNG no seu texto: «O grupo Povisa foi quen de condicionar o desenvolvemento previsto de 1.470 camas para o hospital Álvaro Cunqueiro, que se recortaron nas catrocentas do concerto singular. Este recorte permitiulle manter o concerto, o máis caro do Estado español, e alcanzar unha posición dominante nas negociacións coa Xunta.». Parece difícil crer neste parágrafo diante da situación do hospital.

Tamén di: «Pola actuación realizada polo Partido Popular na Xunta, a área sanitaria de Vigo mantén unha nefasta dependencia dun grupo empresarial privado, que busca o seu beneficio económico e que é capaz de condicionar o desenvolvemento do hospital Álvaro Cunqueiro.».

¿Atrévense a dicir vostedes que é culpa do Partido Popular? Isto que teño eu aquí na man é o acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo asinado no ano 2006, asinado pola excelentísima señora conselleira de Sanidade, dona María José Vidal Rubio —Goberno bipartito co Bloque Nacionalista Galego—, o representante da UXT e de Comisións, o representante da CIG, o representante dos empresarios, o representante da Universidade de Vigo e o señor Silveira por Povisa. (*Murmurios.*) Por suposto, aí nunca participou ningunha persoa do Partido Popular.

E imos ver o que di: «Principios básicos, punto 3: Mediante este marco de diálogo preténdense determinadas medidas que garantan: a sustentabilidade financeira do sistema público de Galicia;» —cando un goberna pensa na sustentabilidade financeira, e cando non goberna deixa de pensar—. «o desenvolvemento ordenado e planificado dos recursos asistenciais públicos e privados que prestan asistencia concertada en Vigo; e o compromiso polo mantemento do emprego no sector sanitario de Vigo, tanto no ámbito público como no privado» —singularmente do que poida resultar afectado polas modificacións operadas como consecuencia do proceso de construción do novo hospital universitario de Vigo.

Ten moito que ver co que escoitamos aquí. «O concerto con Povisa» —di tamén— «debe garantir a actividade e calidade necesaria para manter o emprego actual en todas as especialidades, e constatamos a conveniencia de manter e potenciar os instrumentos de concertación e cooperación público-privada. (*Protestas.*) Constatamos a necesidade de reducir os

tempos de tramitación administrativa, conducentes á construción do novo hospital de Vigo, para que antes do remate de 2007 poidan ser licitadas as obras».

Claro, hai moitos máis puntos, nin obras nin hospital, houbo maqueta, non houbo obras, non houbo hospital. *(Aplausos.)* O que pasa é que é moi diferente, señorías, estar na oposición que estar no Goberno; na oposición faise dun xeito e no Goberno parece que se fai de outro.

Afortunadamente, os galegos e os vigueses teñen dende o ano 2009 un goberno do Partido Popular, e hai un hospital en Vigo, hai un hospital en Vigo a pesar de vostedes. Hai un hospital novo en Vigo. A Consellería de Sanidade está a traballar nunha solución para as persoas e para os traballadores do hospital Povisa, que é a segunda empresa en cadro de persoal de Vigo, con reunións con todas as partes, e nós confiamos, dende o grupo maioritario, que se resolva esta situación á maior brevidade posible.

Eu pídlle aos grupos da oposición que deixen traballar con tranquilidade ao Goberno para arranxar a situación. Hai que deixar de enredar, señora Prado. As persoas de Vigo e a súa bisbarra e os traballadores vánllo agradecer.

Nós aprobamos unha proposta de resolución hai uns días da que non nos imos apear: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a manter o nivel de calidade asistencial na poboación asignada a Povisa e a protexer os postos de traballo existentes no marco das obrigas pactadas no convenio asinado entre o Sergas e o hospital».

Iso é todo o que teño que dicir.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Bueno, en primeiro lugar, quero agradecer o voto favorable manifestado por En Marea.

E eu non me vou confundir de adversario, señor Torrado, ¡así de claro! *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Mire, o BNG fixo unha autoemenda porque presentou esta iniciativa o 4 de outubro, e desde o 4 de outubro fomos coñecendo cousas, reunímonos co comité de empresa —hoxe aquí representado—, e fixemos unha autoemenda, unha parte dela —á que vostede fixo referencia—, que xa presentamos como proposta de resolución no debate do estado da nación.

Sen ningún problema, eu se non o defendín é porque non me deu tempo, porque, señor presidente,, sempre me enrollo, je non me deu tempo! *(Risos.)* E non teño absolutamente ningún problema, porque no BNG temos moi claro de que lado estamos. Dende logo, non estamos

do lado do empresario, non sei outros, nós non estamos do lado do empresario. *(Aplausos.)* Estamos do lado dos traballadores e das traballadoras que levan soportado *(Murmurios.)* a presión e a extorsión do empresario, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* coas ameazas constantes e na calidade asistencial. *(Aplausos.)*

E o que di o último apartado, porque a parte da autoemenda máis extensa é a que se refire á parte dos traballadores e traballadoras —que si lin—, e quedoume esa parte que vou ler agora, que di: «poñer en marcha todas as actuacións precisas para que a totalidade da área sanitaria de Vigo e da poboación teña asistencia sanitaria na sanidade pública». Incluindo o paso do hospital Povisa ao Sergas no caso de que a asistencia sanitaria da poboación adscrita e os postos de traballo non estean garantidos. ¡Porque non estamos dispostos á chantaxe permanente de Povisa! *(Aplausos.)* E se esa chantaxe se mantén, ¡si señor, é que se esa chantaxe se mantén!, ter a valentía —así é como se rescatan bancos, e hai cartos para rescatar bancos e demais— *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* de que pase Povisa á sanidade pública *(Murmurios.)* con todas as consecuencias, incluídos os traballadores e as traballadoras. *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡Con todas as letras! *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO CORES:** Perdón. Señor Torrado, esta emenda foi presentada onte, unha hora e media antes de rematado o prazo, e media hora antes da súa emenda. Sen ningún escrutamento, hora e media antes de rematado o prazo e media hora antes da súa emenda. Co cal, por favor, ás veces a sobreactuación...; creo que non hai que confundirse de inimigo e a sobreactuación sobra. *(Murmurios.)* ¡A sobreactuación sobra! *(Murmurios.)*

Co cal, volvendo a esta bancada..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO CORES:** Volvendo... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO CORES:** Volvendo a esta bancada..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO CORES:** ¿A que lle ten medo o Partido Popular? *(Murmurios.)*

*(O señor presidente toca a campá pedindo silencio.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO CORES:** ¿A unha auditoría onde se saiba como gasta os cargos Povisa? *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO CORES:** ¿A que se saiba que non diferencia entre público e privado? (*Murmurios.*) ¿A que se saiba que os cartos das melloras na infraestrutura os pagas co concepto en vez de cos cartos de tal? (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ¿A que se saiba que as innovacións tecnolóxicas as paga do concerto? ¿A que se saiba que ten o persoal nas condicións que non debería telo? ¿Ten medo a todo iso o Partido Popular? (*Murmurios.*) ¿Por iso vota en contra? (*Murmurios.*) Porque o primeiro punto di: unha auditoría. Pois que se saiba que pasa con Povisa.

¿Por que van votar en contra dunha auditoría? (*Murmurios.*) ¡Pregunto! (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO CORES:** Unha auditoría, ¡a segunda!, (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ¿Que queden blindadas as condicións laborais do persoal? (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO CORES:** ¿Están en contra de que as condicións laborais do persoal queden blindadas? (*Murmurios.*) ¿Tamén están en contra? (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO CORES:** ¡Ah!, pero é que van votar en contra! (*Murmurios.*) Porque iso é o que se vai votar. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Vostede non é o máis indicado.

Silencio.

**A señora PRADO CORES:** ¡Que queden blindadas as condicións laborais do persoal! Iso é o que van votar. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO CORES:** Iso é o que se vai votar.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** E a terceira parte, que se poñan en marcha todas as actuacións para que todas as persoas da área sanitaria de Vigo teñan asistencia sanitaria na saúde pública. ¿Van votar en contra? Bueno, dígoo para que se saiba que é o que van votar en contra. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Dígoo para que se saiba de que lado están. Evidentemente, do empresario —coma sempre— e dos seus negocios. (*Murmurios.*)

(*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Bueno, pois procedemos ás votacións.

Pechen as portas, por favor.

(*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

Silencio, por favor, señor Pazos. (*Murmurios.*)

Silencio.

Agora imos votar, que é un acto serio. Imos votar.

### ***Votación das proposicións non de lei***

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa da señora María Soraya Salorio Portal.

Non se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea nin do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación da proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa da D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura e Pesca para contrarrestar o efecto das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do anisakis.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Xosé Luís Bará Torres.

Non se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos de Ence en Lourizán, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto do acordo de prórroga na concesión adoptado o 20 de xaneiro de 2016.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

*(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Atención, por favor. Atención porque, a ver..., se non, despois sempre nos despistamos nas votacións e despois hai que andar corrixindo.

Votamos agora unha que xa comentei antes que era moi longa, que vai sobre o tema da velutina. E para non lela toda, porque tiña un enunciado —como saben— que eran medidas concretas que había que adoptar con respecto a este problema.

Estaba pendente unha transacción, non sei se chegaron a ela. E tamén había unha votación por puntos solicitada por parte do Grupo Parlamentario Popular.

¿Que nos comenta, señor Pérez Seco?

**O señor PÉREZ SECO:** Aceptamos como engádegas a de En Marea e non aceptamos a do Partido Popular, nin a votación por puntos. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Vale. Perfecto.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á declaración oficial como praga da Vespa velutina na comunidade autónoma, así como dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que revise a versión aprobada pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade do 14 de novembro de 2014 e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o 16 de abril de 2015 denominada Estratexia de xestión, control e posible erradicación da avespa asiática ou avespa negra e trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia para que se aborde no seo da Unión Europea e definir unha estratexia comunitaria.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Marta Nóvoa Iglesias.

Creo que hai unha transacción. Se nola le, señora Nóvoa...

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Si, grazas, presidente.

Houbo unha transacción contando con todos os grupos e di:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que requira do Goberno do Estado:

1. Que poña en marcha, e antes da finalización da anualidade orzamentaria 2018, as compensacións previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros.

Estas compensacións deberán estar condicionadas a investimentos para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

2. Que para o exercicio 2019 e seguintes se implante un novo réxime de compensación por custos adicionais incluídos no prezo da electricidade soportados polas industrias electrointensivas. Estas compensacións deberán estar condicionadas a investimentos para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

3. Que para os anos sucesivos se establezan todos os mecanismos de compensación necesarios, logo de acordo coas comunidades autónomas afectadas, para que este tipo de industrias compitan en igualdade de condicións coas súas homólogas europeas. Estas compensacións deberán estar condicionadas a investimentos para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

4. Demandar á empresa Alcoa a súa reconsideración e retirada do expediente de extinción de emprego sobre a totalidade da plantilla na súa factoría da Coruña, tentando buscar solucións entre todos os axentes políticos, económicos e sociais afectados, e abrindo unha mesa de negociación con todas as partes implicadas para buscar unha solución; solucións que teñen que presentar liñas de actuacións adecuadas e de futuro que garantan o mantemento da produción e o emprego na factoría da Coruña.»

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe re-*



*alizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electrointensivas, previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado por unanimidade este texto transaccionado.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Francisco Casal Vidal.*

*Non aceptara as emendas, ¿verdade? (O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Aceptounas as dúas? (O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)*

*Pois entón votamos coas emendas incorporadas do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Luisa Pierres López.*

*Non hai emendas.*

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa extensión da rede de puntos de encontro familiar a todo o territorio galego, así como a mellora do protocolo e condicións de acceso das persoas usuarias ás súas instalacións.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos, por último, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora María Montserrat Prado Cores.

¿Aceptou a emenda do Grupo Socialista? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Non a aceptou? *(Pausa.)*

*(O señor Torrado Quintela pide a palabra.)*

Perdón. Pediu a palabra o señor Torrado, ¿para?

Déanlle voz ao escano do señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Si, grazas, presidente.

Como non sabemos o resultado de se se aceptaba ou non a emenda, e tal como manifestamos na intervención de estar a favor de practicamente a totalidade dos puntos, salvo o último coa compra do hospital, queremos solicitar a votación por puntos, separando unicamente o último e agrupando todos os demais.

*(A señora Prado Cores pide a palabra.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Si, señora Prado?

**A señora PRADO CORES:** Eu non teño ningún problema en aceptarlle a emenda, queda anulada polo contido da autoemenda. Ou sexa, que non é cuestión de non aceptarlle, queda aceptada como engádega.

**O señor PRESIDENTE:** Acéptalla como engádega. *(Murmurios.)*

*A ver, ¡xa está! (Murmurios.)*

Acéptalla como engádega, pero coa autoemenda incorporada. Está claro. *(O señor Torrado Quintela pide a palabra.)* Entón, eu si que llo permito, pero para min está claro.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Si, presidente, grazas.

Este é o problema de facerse autoemendas. Nós o que propuxemos é, dada a autoemenda, que a plantexabamos como de substitución do último punto. Se non é aceptada como substitución do último punto, o que solicitamos é votar por puntos a iniciativa que presentou o BNG coa súa propia autoemenda, pero votada por puntos a do BNG. Iso é o que propoñemos: o último á parte e todos os demais que queremos votar a favor da defensa dos traballadores.

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Prado. ¿Acepta vostede esa votación, tal como lla presentou? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Se a acepta... Bueno, vostede verá. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

El pídelle se pode votar por puntos despois de todo o que dixo. ¿Vota por puntos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois entón.

Non, non, perdón, estou falando eu. *(Murmurios.)*

Silencio, silencio. Non, tranquilidade. Imos votar. Imos votar, que é o que interesa aquí. *(Murmurios.)* Agora imos ver como votamos isto, porque ten a súa complicación, entón a ver os Servizos Xurídicos que me asesoren a min como votamos isto, porque non é nada fácil. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor, tranquilos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É que eu non me entero, como falan todos á vez non me entero do que me queren dicir. *(Murmurios.)* Silencio, por iso, ¡pois silencio! Silencio. Non, é igual, imos votar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O presidente debe de saber que é o que se vai votar e ten que ordenar como se fai o debate, polo tanto, silencio, por favor.

¿Como di vostede?

**A señora PRADO CORES:** Menos o último, que vai á parte.

**O señor PRESIDENTE:** Entón, votamos todos os puntos menos o último. ¿É así correcto, señor letrado? Perfecto.

Imos votar. Xa está, é fácil a cousa, é fácil se nos pomos todos tranquilos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, todos e todas.

Imos votar tal como dixo a señora Cores. Votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, dixo todos os puntos menos o último. Ben, apartados. Votamos. *(Murmurios.)*

A ver, creo que o explicou ela. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Letrado, que veñan os Servizos Xurídicos. Se ao final ha de ser un asunto dunha coma ou un punto. A ver, os Servizos Xurídicos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tranquilos, ¡por favor! Non hai outra cousa que facer, non temos présa. Tranquilidade, por favor, calma, calma. É moi importante ordenar como se vota. Paréceme ben que nos pidan... Imos saber o que votamos, tranquilidade todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, por favor, tranquilidade. Tranquilo vostede, silencio. *(Pausa.)*

Imos ordenar a votación. Perdón, un segundo, outra vez.

A ver, señora Prado, a ver se agora o entendo eu, porque así falo eu. Vostede dígame se está ben ou está mal. Prefiro falar eu, un segundo só.

A ver, votariamos a proposición coa autoemenda incorporada e transformariamos iso en puntos. Un punto sería o primeiro, coa autoemenda incorporada, que ten dous subpuntos,

para entendernos. E o segundo punto sería —ao meu entender— o que di: «Poñer en marcha todas as actuacións precisas para que canto antes a totalización da área sanitaria de Vigo...». ¿Este sería o segundo punto? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿É así? Entón. ¿Está entendido agora? Está entendido. *(Murmurios.)* A ver, a ver... Ti enténdichelo, eu téño claro.

Si, léanos, por favor, se o importante é saber o que imos votar.

**A señora PRADO CORES:** Si, eu vou lelo e lamento que aos deputados e deputadas lles pareza tan simpático...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non...

**A señora PRADO CORES:** ...cando hai traballadores e traballadoras pendentes dunha situación... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non. Silencio. Non, non, non imos a iso. *(Murmurios.)* Silencio, por favor. Silencio, ¡silencio! Por favor, se non é que eu... É moi difícil enterarse se non estamos en silencio, entón hai que saber o que votamos.

**A señora PRADO CORES:** O primeiro punto. «O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a comparecer no Parlamento para dar conta de todo o relacionado co concerto singular asinado entre o Sergas e Povisa; a realizar unha auditoría das contas e das xestións realizadas por Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas; a realizar todas as actuacións para garantir a asistencia sanitaria das 139.000 persoas e das condicións laborais das 1.400 traballadoras e traballadores aos que afecta a situación de Povisa; que nas negociacións que o Sergas está mantendo con Povisa queden blindadas as condicións laborais; e que se garanta que Povisa atenda os doentes que ten asinados con ratios de calidade e profesionalidade e de profesionais equiparables á media dos hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde».

E dous: «Que cumpra o que establece ao final da estipulación segunda, prestacións sanitarias do concerto subscrito co Sergas, que di que Povisa se obriga a seguir e a cumprir todas as normas, instrucións, programas e criterios organizativos establecidos polo Sergas relativos aos servizos incluídos no obxecto deste concerto. Igualmente, deberá cumprir as disposicións e normas de aplicación establecidas polo Sergas para os seus centros propios».

Isto sería un bloque, e agora, á parte, votaríase isto, que é: «Poñer en marcha todas as actuacións precisas para que canto antes a totalidade da poboación da área sanitaria de Vigo poida ter asistencia hospitalaria na sanidade pública, incluíndo o paso do Hospital Povisa ao Sergas no caso de que a asistencia sanitaria da poboación adscrita e os postos de traballo non estean garantidos». *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Correcto. Votamos. Votamos isto.

A primeira parte, claro, tal e como está. Pediuse a votación por puntos.

*Votación do 1º punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do precurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o segundo punto.

*Votación do 2º punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do precurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto.*

**O señor PRESIDENTE:** Polo tanto, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Remataron as votacións e eu pediríalles, por favor, no futuro... Porque, claro, complicar é fácil, pero poñelo fácil é difícil, tamén o entendo, pero se puideramos numerar acabariamos con todo este problema: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 20, 40... Numerar, por favor, sería máis fácil. Xa está. (*Murmurios.*) Si, sería máis fácil, é unha petición que eu lles fago, nada máis. Terminou o asunto. Grazas.

Interpelacións, que é o punto 4º da orde do día.

**Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Boas tardes, señores e señoras deputados.

Boas tardes, señor conselleiro, parabéns pola súa nova responsabilidade, e dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas esperamos que a súa xestión na Consellería do Medio Rural

estea marcada polo impulso do medio rural en calquera dos concellos galegos, independentemente do seu goberno local. (*Aplausos.*)

Mire, señor conselleiro, xa sei que hoxe vostede vai responder polas actuacións dunha consellería que vostede non dirixía, pero espero que tome nota para poder corrixir determinadas formas de actuar que nós —os socialistas, polo menos— non consideramos as máis axeitadas.

Hoxe, como é a primeira vez que o interpelo, voulle contar un conto. Este conto titúlase *Ti vai traendo, que eu xa cho vou arranxando*. Este conto desenvólvese nunha rexión de Europa chamada Galicia. Érase unha vez un goberno do Partido Popular de Galicia que no século XXI elabora —seica— un plan que lle chaman Plan de infraestruturas rurais 2018-2019. Un plan para mellorar as condicións de vida da poboación nos núcleos rurais. Un plan que se integra dentro dunha estratexia rural que fai esa Xunta de Galicia, ese goberno do Partido Popular de Galicia, para fixar poboación no rural e para facilitar o seu asentamento e a súa dinamización. Un plan que o Goberno do PP de Galicia non publica en ningures. O coñecemento deste plan vén dunha nota de información aos medios —¿coñecía verdade?—, que se colga na páxina web da Xunta de Galicia o 6 de setembro de 2018 sobre os acordos do Consello da Xunta. E este plan di: «A Xunta destina 2,7 millóns de euros a mellorar as infraestruturas rurais en sesenta e cinco concellos galegos.

O Consello do Goberno galego activou hoxe o Plan de infraestruturas rurais correspondentes ao ano 2018. Estes fondos permitirán acondicionar camiños, instalar canalizacións de abastecemento de auga ou regadío, ou reconstruír muros de pedra en vías municipais, entre outras actuacións.». É dicir, o mesmo día que se colga a activación do plan, xa previamente están activados os concellos e activadas as contías que van recibir os concellos rurais que son agraciados por ese plan. Iso si, non se publica nin a lista dos concellos nin os importes que vai recibir cada un destes concellos.

Neste conto, señor conselleiro, a convocatoria do plan, se a houber, sería algo similar ao que lle vou expoñer eu. Plan de infraestruturas rurais 2018-2019 (PIR), ti vai traendo que eu xa cho vou arranxando. Obxecto e finalidade da convocatoria: obras de infraestruturas rurais, camiños, abastecemento, canalizacións de augas e outros, segundo conveña.

Presentación de solicitudes: presencial. O alcalde ou alcaldesa de turno achégase á Consellería do Medio Rural e pídelle ao conselleiro, neste caso á conselleira, o proxecto que considere.

Documentación complementaria: o proxecto ou a memoria da obra que o alcalde ou alcaldesa queira levar nesa solicitude presencial diante do conselleiro, nese caso da conselleira.

Comisión de valoración: o conselleiro ou persoa en quen delegue.

Procedemento de concesión: aquí hai criterios obxectivos e criterios subxectivos. Os criterios obxectivos, segundo as propias verbas do director xeral de Desenvolvemento Rural, son: van traendo e nós imos metendo en función da urxencia e da necesidade. E o criterio subxectivo

(*Aplausos.*) —entendido na súa acepción de subxectivo o que fai xuízos de valor deixándose levar polo sentimentos— é ter un goberno local do Partido Popular, salvo algunha pequena, moi pequena, excepción. (*Aplausos.*) Este último criterio é o que máis peso ten no baremo, señor conselleiro.

Mire, deste xeito saennos sesenta e cinco concellos beneficiados, cincuenta e seis do Partido Popular, é dicir, un 86 %. Por certo, voulle ir deixando aquí á Presidencia todos os datos. Dígoo porque se non, ás veces, a señora Paula Prado e outros dinnos que nós vimos aquí sen documentación.

Grazas, señor presidente.

¿Gústalle o conto, señor conselleiro? Probablemente se fose alcalde dalgún concello gobernado polo Partido Popular estaría ledos, porque ese é o criterio subxectivo que máis peso ten. Pero se fose alcalde do resto dos concellos de Galicia, que nin sequera tiveron a oportunidade de optar a este plan, seguro que non lle gustaba tanto o plan. ¿Verdade que non, señor conselleiro? ¿Verdade que non? Seguro que non.

Señor conselleiro, case me esquezo de que nas convocatorias de subvencións hai algo, sempre hai un artigo que alude á transparencia e bo goberno, unha lei aprobada polo Bipartito que logo foi reformada no 2016 polo Goberno do señor Núñez Feijóo.

E claro, volvo indicarlle as palabras do director xeral de Desenvolvemento Rural, que nos dixo na comisión que vostedes —a Xunta de Galicia— cumpren coa transparencia porque doutro xeito non me tería enterado de que existía este plan. Non sei se rir ou botarme a chorar. Francamente, señor conselleiro, non me parece demasiado serio. (*Aplausos.*) Ben, sesenta e cinco concellos, señor conselleiro, que o director xeral de Desenvolvemento Rural nos leu na Comisión 7ª o 2 de outubro de 2018, e aínda que quedou de darnos unha copia, ao remate da Comisión funlle pedir a copia e dixo que xa nola mandaría. Aínda estamos esperando, señor conselleiro, aínda estamos esperando.

Pero como somos traballadores, escoitamos o vídeo unhas cantas veces e fixemos unha lista que lle deixo aquí ao señor presidente para que lla achegue.

E a verdade é que sabemos os concellos, o que non sabemos son as contías das achegas a estes concellos bendicidos polo dedo sagrado da Consellería do Medio Rural.

Tampouco fun capaz de atopalo na páxina da Consellería do Medio Rural nin no Portal de transparencia e bo goberno. Mire: púxenlle primeiro «Plans e programas da Consellería do Medio Rural» e só me saen de incendios forestais. E cando lle poño «Plan de infraestruturas rurais» dime: non hai ningunha actuación. (*A señora Rodríguez Rumbo amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Páxina de transparencia da propia Xunta de Galicia. (*A señora Rodríguez Rumbo entrégalle un documento ao presidente.*)

É dicir, vostedes collen unha partida orzamentaria —2,7 millóns de euros—, activan os concellos da urxencia e da necesidade que subxectivamente —sabe ese sentimento— considera,

póñenlles un laciño e chámanlle plan. Aí teñen o plan. ¡Que bonito! A verdade é que é un bo conto, señor conselleiro. Non parece un conto, ¿verdade? Non. A realidade é como xestiona determinados plans a Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular. Teño esperanza de que vostede mude este xeito de gobernar e, sobre todo, nesta consellería fundamental para Galicia.

Mire, señor conselleiro: tamén lle vou recordar que, á parte da Lei de transparencia e bo goberno, hai aprobada por unanimidade na sesión de debate do ano 2014 unha resolución que tamén alude a isto, e di: «rexeitando a discriminación producida con base en elementos non imparciais e inxustificadas, incluíndo as contías dirixidas ao ámbito local». Refírese, perdón, á dotación pública con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia. Tamén o teño aquí para que vostede tamén vexa que vimos sempre documentados. *(A señora Rodríguez Rumbo entrégalle un documento ao presidente.)* E foi aprobado por unanimidade dos sesenta e nove deputados e deputadas presentes naquel momento.

Mire, señor conselleiro: unha vez máis, aínda que o señor presidente da Xunta de Galicia nos dixó no debate do estado da Autonomía que eles non fan que fan, unha vez máis demóstrolle que vostedes fan que fan. ¡Fan que fan continuamente! Pero mire, pódolle dar máis mostras dese criterio subxectivo que alude ao sentimento, ao cariño, para favorecer os seus, é dicir, aos do Partido Popular. Plan Hurbe 2014-2017: 66 concellos, 93,94 % do Partido Popular. Subvencións da Consellería de Presidencia destinadas á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos galegos do 2016: 75 concellos; 59 do Partido Popular, o 79 %. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia no 2018 —catro millóns trescentos mil—: 19 concellos; 15 do Partido Popular, é dicir, o 79 %. E a Consellería do Medio Rural, no Plan de infraestruturas rurais 2018-2019: 65 concellos; 56 do Partido Popular, é dicir, o 86 % dos concellos son do Partido Popular. Ese é o criterio subxectivo que lle comentaba antes.

Señor conselleiro, en tan só estes catro programas estamos a falar de máis de 22,5 millóns de euros en dous anos que vostedes distribúen segundo conveña. Señor conselleiro, ¿por que non empregan estes fondos e incrementan de verdade o Fondo de Cooperación Local nesa parte non condicionada? Que para iso é Fondo de Cooperación Local, e non, como nos quere convencer o conselleiro de Vicepresidencia, para aqueles que activan eles e segundo lles conveña. Recórdolle, señor conselleiro, que segundo nos indicou o director xeral de Desenvolvemento Rural, estes 2,7 millóns de euros son de fondos propios. Polo tanto, nada impide que incrementen o fondo base do Fondo de Cooperación Local.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Señor conselleiro, vostede coñece perfectamente a estrutura territorial de Galicia; sabe que, de 313 concellos, 258 son de menos de dez mil habitantes. ¿Considera vostede, señor conselleiro, que estes 258 concellos non teñen necesidades e urxencias varias para atender a súa cidadanía?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Moitas grazas.



**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Remato xa, señor...

**O señor PRESIDENTE:** Ten outra rolda despois. Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Na segunda rolda seguirei.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. *(Aplausos.)*

Resposta do señor conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Boa tarde, señorías.

Antes de nada, moitas grazas polos seus parabéns, señora Rumbo. Non me quedou claro, conforme ía a intervención, se eran parabéns ou se me quería botar algo de bronca *(Risos.)*, pero tratarei de darlle resposta entendendo, en primeiro lugar, que falar de infraestruturas rurais en ningún caso pode ser un conto; é un problema que afecta o noso rural e, ademais, é unha actuación da Consellería que, por suposto, abunda na necesidade de fixación de poboación no rural e de resolver os problemas que teñen moitos dos nosos concellos.

E, por certo, aínda que despois falarei dos concellos nos que se traballou, xa lle adianto que non son 2.700.000 euros, senón que son 2.699.570 euros, que é... *(Risos.)* Señora Rumbo, faille graza, pero é xusto a metade do que —agora que o critican— facía o Bipartito, que dedicaba a isto máis de cinco millóns de euros.

Miren: o Plan de infraestruturas rurais do ano 2018 prevé —como ben dicía vostede— a sinatura dun total de 64 convenios en 65 concellos. Os plans de mellora de infraestruturas están distribuídos por provincias do seguinte xeito: 14 na provincia da Coruña, 19 en Lugo —na que, por certo, hai unha actuación conxunta nos concellos de Becerreá e Triacastela—, 20 en Ourense e 12 en Pontevedra.

Para 46 destes 64 convenios precísase a autorización, a sinatura, do Consello da Xunta debido ao seu carácter plurianual, que son aos que penso que vostede se referiu: 2018 e 2019. Estes suman 2.265.000 euros; polo tanto, hai algún máis; despois eu falareille deles.

¿Que se fai con estes PIR? Miren: dentro deste ano execútanse, entre outras, as seguintes actuacións: o acondicionamento dun total de cento vinte e cinco camiños existentes, cunha lonxitude —parecerá pouco— de máis de setenta e tres quilómetros; a instalación de máis de quingentos metros de canalizacións de abastecemento de auga e regadío; o acondicionamento de 3.780 metros cadrados de contorna dun recinto feiral; a construción dunha poza enterrada para regadío e contra incendios; a reconstrución total ou parcial de máis de douscentos metros de muro de pedra en camiños. ¡Home! Son infraestruturas, señora Rumbo, e ademais fan falta nos concellos.

Este plan de infraestruturas rurais ten importantes beneficios sobre os cidadáns, xa que supón o arranxo e renovación de todo tipo de infraestruturas que permiten mellorar as con-

dicións de vida da poboación nos núcleos rurais. Para nós, para este partido, mellorar as infraestruturas vén sendo unha das estratexias esenciais para contribuír á mellora da calidade de vida da poboación do rural e facilitar a súa dinamización.

¿Cal é a diferenza deste Plan de infraestruturas rurais respecto doutras actuacións que poden ter a mesma finalidade? Aquí traballamos valorando a urxencia, a tipoloxía e, por suposto, tamén as características de actuación. Entendemos que é importante contribuír a este tipo de proxectos, en tanto que supoñen, sen ningunha dúbida —e acáboos de referir—, unha mellora da calidade de vida da poboación do rural.

Nestas adxudicacións prima a urxencia e a necesidade de dotar os concellos con carencias de infraestruturas —e o mal estado das mesmas—, co obxecto de non supoñer un freo no seu desenvolvemento e, por suposto, tamén para o crecemento do municipio. Estas actuacións son financiadas con fondos integramente propios, o que conleva un importante esforzo orzamentario e responde, ao mesmo tempo, a unha incesante demanda dos concellos con carencias ou con infraestruturas en mal estado, o que lles causa un notorio problema que frea o seu progreso.

Mire: eu hoxe recibín catro alcaldes; tres eran dun partido —do meu, do Partido Popular— e outro era doutro. Estivemos falando deste Plan de infraestruturas rurais cos catro alcaldes, e un era do seu partido en concreto.

Señorías, as infraestruturas no rural galego son unha necesidade de primeiro nivel para mellorar a calidade de vida das súas xentes. Ter uns camiños rurais ben condicionados, uns accesos adecuados ás explotacións e aos núcleos de poboación e contar con pistas axeitadas para favorecer a mobilidade dos cidadáns tórnase, na nosa opinión, imprescindible para levar a cabo as actividades produtivas vinculadas ao campo e que son vitais para a implantación ou o desenvolvemento de actividades de carácter social, como son aquelas que chegan os servizos básicos á poboación.

Ademais de co PIR —isto non é unha novidade, isto leva moitos anos encima da mesa— traballamos tamén co Plan marco. O PIR este ano son dous millóns —case— setecentos mil euros, e o plan de mellora está dotado con dezaseis millóns de euros, que permiten a ampliación, a mellora ou o mantemento dos camiños municipais de toda Galicia.

No Plan marco, o reparto de fondos faise pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural cun acordo coa Fegamp, cuns criterios de distribución que teñen unha base fixa de quince mil euros por localidade, e que vai aumentando con base en conceptos como número de habitantes, a superficie, o peso do agro, así como o grao de envellecemento ou despoboamento —penso que criterios importantes.

Estas actuacións subvencionables teñen que desenvolverse no territorio de Galicia, exceptuando as zonas incluídas nos perímetros urbanos das grandes cidades, e, con carácter xeral, son subvencionables investimentos necesarios para as obras de mellora, mantemento ou ampliación da rede viaria existente.

Miren: eu tiven a precaución tamén de... Non a precaución, senón a ocupación e a preocupación de enterarme de como funciona, efectivamente, o Plan de infraestruturas rurais. Entón eu quero aportar aquí, en primeiro lugar, tamén ao presidente, o Decreto 246/1992. *(O señor González Vázquez entrégalle un documento ao presidente.)* Leva vinte e cinco anos por aí, e dá a posibilidade de que estas actuacións se poidan facer cos criterios que eu acabo de relatar: efectivamente, de urxencia na tramitación.

E quérolles tamén explicar a todos os parlamentarios como é o procedemento ou concesión do PIR, porque no conto que dicía a señora Rumbo é o conselleiro o que decide todas estas cousas... A conselleira —dicía—, porque eu aínda non decidín nada disto. O procedemento iníciase sempre, señora Rumbo, non polo conselleiro, senón pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e, efectivamente, son os alcaldes de todos os partidos políticos do ámbito rural de Galicia os que expoñen os seus proxectos derivados da urxencia e da necesidade. Gustaríame que vira as fotos dalgún deses proxectos que eu tiven ocasión de ver hoxe para ver como estaban algunhas desas actuacións que se teñen que realizar.

Unha vez que se propón a actuación polo alcalde —que en ningún caso se concede aí, evidentemente—, lévase o procedemento a revisión polo Servizo de Supervisión de Proxectos. Hai un servizo específico dirixido por funcionarios, señora Rumbo, non políticos, que son os que avalían os proxectos. Aí analízase a memoria, o orzamento e todas as condicións dos proxectos. E unha vez que pasa o trámite da supervisión de proxectos, remítese ao concello unha carta, de acordo co decreto, no que se pide que confirmen a dispoñibilidade dos terreos, a concesión dos permisos necesarios e, por suposto, tamén, que nos dispensen do cobro da taxa municipal. Recibido ese compromiso dos concellos, o convenio non se executa, porque este é un convenio de acordo co decreto, senón que pasa á Asesoría Xurídica e, co informe favorable desta, pasa á Intervención, que é a que ten que decidir e a que libera os fondos. Recórdolle que da Asesoría Xurídica e da Intervención tamén forman parte funcionarios, non políticos. Posteriormente, asíñase este convenio entre o concello e a Consellería e despois, evidentemente, execútase, pero —e remato xa— no procedemento —tamén na execución— hai un xefe de obra que é funcionario, un director de obra que é o que está controlando todo o procedemento.

Polo tanto, señora Rumbo —e remato—, dende logo penso que non é un conto e non é unha cuestión da que poidamos facer risos —a importancia que teñen as infraestruturas rurais—, e nós estamos aí para apoiar todos os concellos rurais de Galicia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, «bronca», a vostede, en ningún caso. Díxenlle ao principio da miña intervención que a alguén lle temos que pedir explicacións pola forma de facer este plan e que confío na súa persoa para que, despois de vinte e cinco anos dese decreto ao que vostede mesmo aludía, muden as formas de actuar, porque estamos xa no século XXI e, polo tanto,

xa non procede actuar con ese escurantismo e hai que facer un labor importante en favor da transparencia.

Mire, cando vostede me di que isto non é un conto; xa lle dixen na miña intervención, precisamente, que non era un conto, que é moi importante, e a Consellería do Medio Rural é unha consellería fundamental para Galicia. Polo tanto, non nos parece de recibo que sexa esta a forma de actuar.

Vostede fálame de cento vinte e cinco camiños, máis de setenta e tres quilómetros, canalización... Nós non estamos cuestionando as obras, en absoluto, pero esas obras tamén se poderían facer exactamente igual cunha convocatoria pública á que puideran acudir todos os concellos galegos, e non ter que facer unha romaría de alcaldes e de alcaldesas pasando polo despacho dun conselleiro (*Aplausos.*) para conseguir as actuacións que precisan. Iso non nos parece correcto, iso parece máis ben unha actuación caciquil que unha actuación do século XXI.

Señor conselleiro, precisamente, vostede fala de que son fondos propios e, polo tanto, insístolle: xa que son fondos propios, nada impide que —unha de dúas— fagan unha convocatoria pública ou incrementen o Fondo de Cooperación Local no fondo base. E así vai ser repartido por igual... Ben, por igual non, pero cos criterios previamente establecidos entre todos os concellos galegos.

Vostede fala de que hoxe recibiu catro alcaldes ou alcaldesas. Ben, eu considero que un goberno, entre as súas funcións, debe recibir todos os gobernos, independentemente da cor que teñan. ¡Só faltaría!

Pero mire, vólvolle facer unha pregunta: ¿vostede considera que os concellos que quedan fóra non teñen necesidades e urxencias varias para atender a súa cidadanía? Contésteme. ¿Considera vostede que os homes e as mulleres de Galicia merecemos que a Xunta de Galicia nos trate de diferente xeito en función da cor política do goberno local que temos no concello en que estamos vivindo? ¿É así, señor conselleiro?

Hai que ter en conta, ademais, que os recursos que se reparten son de todos os galegos e de todas as galegas. Polo tanto, todos deberíamos de ter, en principio, o mesmo trato.

Eu creo que este non é un xeito de gobernar acorde coa transparencia e o bo goberno que se supón no século XXI, e recórdolle que vostede alude a un decreto que hai vinte e cinco anos —¡vinte e cinco anos!— que entrou en vigor e, polo tanto, xa é hora de cambialo.

Insisto: confío no seu bo traballo para que isto mude dunha vez por todas, e tamén me gustaría preguntarlle á conselleira anterior, xa que se trata de concellos do rural que teñen urxencia e necesidade, se Ourense cidade —Ourense concello— estará entre os concellos rurais máis necesitados de infraestruturas rurais.

Ben, dito isto, insisto: ten o noso voto, esperamos que isto mude, pero realmente pónase a pensar se esta é a mellor forma de gobernar e de xestionar —insisto— os recursos de todos e de todas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Peche por parte do señor conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Señora Rumbo, non tome o da «bronca» en sentido literal, non era...

Imos ver: eu téñolle que dicir que, no que se refire á infraestrutura no rural, nós traballamos cun Plan marco, que ten uns criterios pactados coa Fegamp, onde penso que estamos todos os partidos políticos, e que ten unha dotación orzamentaria suficiente para poder facer unha convocatoria cuns criterios determinados: dezaseis millóns de euros. E, despois, temos habilitada unha partida de case 2,7 millóns de euros —este ano— para traballar en infraestruturas rurais á demanda dos concellos que teñen unha urxencia para podela aplicar, e aí nós... (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Eu escoiteina con atención e vou intentar explicarlle e darlle algún dato máis.

Por suposto, eu son conselleiro do Medio Rural de todos os concellos do rural galego, e recibo no meu despacho todos os alcaldes que mo pidan, dentro das miñas posibilidades. Non sei se noutras épocas pasaba exactamente o mesmo, ou se se miraba a cor política dos concelleiros. (*Murmurios.*) O que si sei é que esta forma de facer política xa estaba tamén na época, e sei que vostede non estaba aquí no Bipartito, pero xa estaba nesa época, e repartíanse, cada ano —nos anos 2007 e 2008—, con este mesmo criterio, cinco millóns de euros. Pero é que, ademais, no Plan marco... (*Murmurios.*) Non, nós estamos a falar de 2,7 millóns; a vostede parécelle moitísimo, e dígolle que naquel momento se repartía o dobre, (*Murmurios.*) si, polo mesmo procedemento. Pero é que, ademais, no Plan marco —que se chamaba daquelas PEIN, o Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural— había unha serie de proxectos a maiores que incrementaban a asignación de fondos para unha serie de concellos determinados sen absolutamente ningún criterio. Eran bastantes máis cartos dos que estamos a falar aquí.

E falando, señorías, dos concellos: eu fixen o traballo de coller o que se fixo en cada un deles. Por exemplo, na provincia da Coruña, nos que están aprobados polo Consello da Xunta, hai un concello —non sei quen goberna nel—, Mesía, que é o terceiro que máis fondos recibiu para facer un camiño na Tieira da Baiuca. Hai outro concello, Sobrado —tampouco sei quen goberna aí—: mellora da pavimentación na pista de Grandameá ao límite municipal. Hai concellos do PP, por suposto, pero ¿vostede fixo as contas? Hai máis do PSOE. Hai Becerreá e Triascastela, xa llo dixen antes, e creo que goberna tamén o PSOE, para a mellora do firme da vía de Albela. Hai Monterroso, que tamén goberna o PSOE. Pero mire, hai tamén Calvos de Randín, señora Rumbo: mellora de camiño en Serois, case vinte e cinco mil euros. Hai Manzaneda, señor Rodríguez... (*Murmurios.*) Señor Rodríguez, hai Manzaneda. Pero tamén hai... (*O señor Rodríguez Estévez pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Pero é que o digo eu, imos ver! A min véñense aquí dicir que estamos facendo un plan no que só apoiamos concellos do PP, e resulta que estou dicindo concellos gobernados por outros partidos e tómase a broma. ¡Eu non entendo a cousa! (*Aplausos.*)

Penso que, señorías, estou desacreditando con datos o que estaba afirmando a señora Rumbo, con todo os meus respectos. Desacreditando con datos, porque me faltou que cerca de vostede está tamén a Pobra de Trives, que tampouco penso que estea gobernado polo PP: mellora do camiño municipal de Aldea Grande, Cova.

Señora Rumbo, colla mellor a información. Eu non teño inconveniente, exercendo esa transparencia, en darlle a información. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Rumbo, señora Rumbo, se quere fágolle as contas da inversión que se fixo nos concellos. Vostede está falando... A ver, cústame replicar cando só podo falar eu, pero vostede está falando da porcentaxe que representan os concellos do PP sobre o total. Faga vostede as contas da porcentaxe que representan os concellos do PP no rural, ¿porque sabe que pasa? Que no rural a maioría dos votantes votan o PP. *(Aplausos.)* ¿Sabe o que pasa? *(Baldobordo.)* E deixei rematar. Faga vostede as contas... *(Murmurios.)* Faga vostede as contas...

Eu, señor presidente, pediríalle..., porque é que, se non, non son capaz de argumentar.

Faga vostede as contas, e non teño inconveniente... *(A señora Rodríguez Rumbo: Deixeillas alí ao señor presidente.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdón, señora Rodríguez Rumbo.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Pero é que lle falta un dato. Escóiteme e despois facemos as contas vostede e máis eu, se quere.

Mire: hai que facer tamén as contas, non só dos concellos, senón tamén do que se lle dá a cada concello, e xa lle dixen... Ben, pero é que en aras desa transparencia pida estes datos e nós xa llos trasladaremos.

**O señor PRESIDENTE:** Non dialogue con ela, porque ela vai dialogar con vostede... Silencio. Non, a ela o que lle gusta é que lle diga iso, precisamente, que dialogue con ela. *(Risos.)* Entón, non lle entre a esa xogada agora. Non lle entre a esa xogada, porque se non é un lío. *(Risos.)*

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Señor presidente, ten que desculpar porque hai pouco tempo, como todos vostedes saben, que cambiei o traxe de parlamentario. Aínda que sigo sendo parlamentario e conselleiro, aínda me custa...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Quédanlle ben os dous, ho, tranquilo! *(Risos.) (Aplausos.)*

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Eu remato xa dicindo e afirmando que o Partido Popular, e este conselleiro é o conselleiro do Partido Popular do Medio Rural, defende todos os concellos do rural, e entendemos que traballar a prol das infraestruturas do rural é bo para o noso rural e para a súa dinamización.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

## **Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández do G. P. de En Marea, sobre a política do Sergas en materia de contratación de persoal**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Almuíña.

Ben, saiba vostede que hai profesionais dos puntos de atención continuada pendentes, tamén dende a tribuna e dende as súas casas, a este debate, aos que queremos darlle, por suposto, a benvinda e os azos nesa loita que levan, non só dende hai uns días, senón dende hai moitísimo tempo, polos seus dereitos laborais e por defender a sanidade pública contra o empeoramento da calidade asistencial motivada polos recortes.

Vostedes levan anos incumprindo cos dereitos dos profesionais sanitarios dos puntos de atención continuada. Anos, levan. ¡Meses! Ademais, ignorando as demandas: as demandas urxentes, as demandas inaprazables, as demandas concretas dos profesionais dos puntos de atención continuada. E, sen embargo, tardaron soamente unhas horas en incumprir os servizos mínimos da folga do persoal dos puntos de atención continuada, señor Almuíña. E vou retrotraerme, precisamente, á Comisión de Sanidade da pasada semana, na que o voceiro do Partido Popular dicía que a ver se a folga non producía problemas asistenciais. Unha mofa, un chiste malo.

Quen produce problemas asistenciais é a propia Consellería de Sanidade, vostede e o Servizo Galego de Saúde, cando non é quen de manter os profesionais necesarios, nin tan sequera para manter os servizos mínimos; os seus servizos mínimos, os que vostedes impoñen, que son do cen por cento.

¿Sabe, señor Almuíña, por que é iso? Iso é porque os profesionais traballan durante todo o ano baixo mínimos, peor que os servizos mínimos dunha folga. Esa é a situación que levan denunciando durante moitísimo tempo os profesionais, esa é a situación.

Os profesionais dos PAC atenden consultas, os profesionais dos PAC atenden domicilios, os profesionais dos PAC atenden e acoden ás urxencias sanitarias en colaboración co 061. Pero, señor Almuíña, o persoal dos PAC fai un traballo excelente que non se corresponde co seu traballo, co traballo que ten que proporcionar a Consellería de Sanidade para proporcionarlle recursos, para dar máis persoal, para ter o servizo nunhas condicións óptimas para proporcionar asistencia sanitaria. Os profesionais son desprezados, son obviados, e vostedes mantéñense totalmente impasibles, tratando estas persoas como se fosen profesionais ou persoal de segunda.

Señor Almuíña, os seus recortes en atención primaria supoñen o incremento da frecuentación nos puntos atención continuada. Esperar máis dunha semana, máis de dez días para poder ser atendido no médico ou na médica, no enfermeiro ou na enfermeira de atención primaria, significa o incremento de frecuentación dos puntos de atención continuada.

Señor Almuíña, o avellentamento da poboación tamén supón un incremento da frecuentación dos puntos de atención continuada. Non hai persoal suficiente na atención primaria, non hai persoal suficiente na hospitalización a domicilio, non hai profesional suficiente no resto de servizos.

E, señor Almuíña, os seus recortes na cobertura das baixas e dos permisos en atención primaria e nos propios puntos de atención continuada incrementan, por unha banda, tamén a frecuentación e, por outra, incrementan, obviamente, a carga de traballo.

E, señor Almuíña, a súa falla de planificación e non-cobertura dos equipos necesarios dos puntos de atención continuada pon en perigo a vida e a saúde das persoas, e desgraciadamente —levamos un par de meses xa discutindo esta circunstancia— vímolos este verán no Punto de Atención Continuada da Estrada. Unha desgraza, señor Almuíña, que o persoal levaba moito tempo denunciando que podía pasar.

Invítoos, señor conselleiro, a que lea o *Diario de Sesións* e a que vexa os vídeos da Comisión 5ª, nos que unha e outra vez durante os últimos anos os grupos da oposición, todos os grupos da oposición, trasladamos iniciativas denunciando a ausencia de cobertura dos equipos dos puntos de atención continuada e dos centros de atención primaria de todo o país. Invítoos a que os vexa.

É un dos elementos que, ademais, denunciaban e lles reclamaron a vostedes —e cónstanos que se reuniron con vostedes e co Grupo Parlamentario Popular— nesas demandas que trasladaron dende que empezaron as súas mobilizacións: equipos completos, profesional de enfermería, profesional de medicina. Non é tan difícil, señor Almuíña.

Respecto aos tempos de traballo do persoal: é unha vergoña que se sobrepasen as xornadas porque vostedes non planifican correctamente o servizo. Cómpre que existan criterios obxectivos para dotar os puntos de atención continuada. Falabámolo o outro día na Comisión de Sanidade, relativa tamén á atención primaria. Hai que ter en conta os criterios de dispersión; hai que ter en conta a lonxanía dos outros puntos de atención da asistencia sanitaria; hai que ter en conta as necesidades de saída e, dende logo, a situación da poboación dende o rural ata o urbano. Esas diferenzas teñen que deseñar os equipos dos puntos de atención continuada; teñen que dotarse e non poden quedar descubertos. Ten que contabilizarse tamén o tempo *in itinere*, ese tempo que se tarda non só en trasladar un doente nunha ambulancia do 061, senón en voltar, e, desgraciadamente, en ocasións, cando vostedes deixan desprovistos os puntos de atención continuada, poder dar asistencia nese mesmo centro. E, dende logo, que se aboase, que se pagase o cen por cento dos complementos de nocturnidade e festividade.

Vaia demanda de mínimos que teñen que facer os profesionais: que se lles paguen as noites que fan, que se lles paguen os festivos. ¿Vostede cobra polas horas que fai? Eu cobro polas horas que fago, e outros profesionais tamén cobran polas horas que fan. Cóbranse dietas. ¿Por que os profesionais dos puntos de atención continuada non poden cobrar o cen por cento das noites, o cen por cento dos domingos, dos festivos que fan? Obviamente, é unha demanda de carácter laboral, pero é tamén unha demanda de xustiza, señor Almuíña.



E algo que é totalmente indecente: que se lles computen as incapacidades temporais e os permisos retribuídos como tempo que teñen que recuperar. É indecente que a unha persoa lle poida morrer a súa nai ou o seu pai e que teña que recuperar as horas. Iso vulnera os dereitos laborais de calquera traballador ou traballadora, e acontece nos puntos de atención continuada do noso Sistema público de saúde, señor Almuíña.

Non se pode desprezar así os profesionais. E levan meses en que puideron acordar con eles proporcionar estas retribucións e devolver estes dereitos. ¿Canto tempo pensa a Xunta de Galiza seguir mantendo esta situación? ¿Teñen pensado mudar a política de contratación do Servizo Galego de Saúde para garantir unhas condicións laborais dignas eliminando esa precariedade? ¿Teñen pensado solucionar as eivas denunciadas estruturalmente na atención primaria do noso país? ¿Cal é o plan de actuación que van levar a cabo para manter a calidade asistencial no Servizo Galego de Saúde, na atención primaria e nos puntos de atención continuada? ¿Cal é o plan de actuación que van levar a cabo para o mantemento desa calidade asistencial?

Queremos saber se van vostedes incrementar eses profesionais; non hai partidas específicas —estamos estudando os orzamentos que acaban de presentar— para mellorar esa situación. E empezamos a ter problemas tamén en atención especializada: empezamos a ter unha burbulla de lista de espera —xa falaremos diso noutra ocasión—. Pero, dende logo, hai unha carencia estrutural brutal en atención primaria e tamén nos puntos de atención continuada. ¿E cales son as liñas de actuación política que van levar a cabo para dar cobertura a estas baixas e a estas vacacións? Non hai nin unha soa medida útil, simplemente medidas para cabrear e para liar máis os profesionais en canto ao que ten que ver cos pediatras no noso país. Falaremos diso tamén noutra ocasión, señor Almuíña.

Pero non hai ningunha medida na Lei de medidas fiscais e administrativas, non hai ningunha medida na Memoria dos orzamentos, non hai partidas que indiquen que vostedes van corrixir esta situación, e parece que tampouco nesas negociacións —que nós entendemos que practicamente non están negociando nada— nas que vostedes levan de maneira estática dende que se solicitou que sentaran a negociar. E, desgraciadamente, o persoal tivo que acudir a unha folga non por gusto, senón porque vostedes non sentan nin a devolverlles os mínimos dereitos laborais.

Mire, señor Almuíña: a precariedade é tal que, dada a folga e a pesar da folga, vostedes seguen tendo descubertos puntos de atención continuada dende que empezaron as protestas dos profesionais e a folga. E trasladábanos —e coñéceos vostede, ademais, pola prensa, porque os enviaron á prensa onte— moitos puntos que quedaron descubertos soamente durante estes días:

O punto de atención continuada de Moaña, que quedou sen facultativa o mércores 17 en xornada de tarde, foi cuberto por unha facultativa do PAC de Cangas; é dicir, quitamos dun punto de atención continuada para levalo a outro. Na comisión xa dixen que durante o pasado Nadal aconteceu o mesmo na Coruña, onde se moveu un profesional do punto de atención continuada para cubrir outro punto de atención continuada, o de Vimianzo. E temos un problema, señor Almuíña, porque vostedes non aprenden. Tivemos unha desgraza, unha

desgraza evitable ou non, pero que polo menos tería menos posibilidades de acontecer se houberse profesionais, se houberse atención dispoñible para atender a persoa que estaba indisposta e que estaba reclamando atención dende había unha hora no Punto de Atención Continuada da Estrada.

PAC da Guarda, xornada de tarde-noite do sábado 20 ata as oito horas do domingo: quedou simplemente unha profesional, unha médica no centro nun día cun incremento importante de carga asistencial.

PAC da Parada, quenda de tarde, sábado 20: un só dos dous facultativos nunha quenda na que habitualmente se conta con tres.

¡Son vostedes uns irresponsables! ¡Con todas as letras! Despois da morte no PAC da Estrada, despois dos problemas que levamos anos denunciando, despois das protestas dos profesionais, despois da folga... E seguen e continúan, incluso no día de hoxe, con esta situación e sen presentar nin unha soa medida para mellorar ou para intentar paliar esta situación.

Vou rematar xa porque non me queda tempo nesta quenda. Señor Almuíña, teñen que atender xa estas demandas. Espero que responda algo que poida satisfacer os profesionais, porque, dende logo, non van parar ata que vostedes devolvan a calidade asistencial e devolvan a dignidade a un traballo que fan de maneira excelente.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi boas tardes, señor presidente, señores deputados, profesionais dos puntos de atención continuada.

Señora Solla, non nos podemos deixar levar pola demagogia continua do desmantelamento e dos recortes, tópicos aos que, de forma continua, seguen recorrendo reiteradamente. Non se poden pór as mortes encima dos debates, aínda que hoxe por primeira vez fala de que pode ser evitable ou non evitable; non o dicía noutra ocasión. Son tan insistentes neste discurso que ata pode que algún chegue a crelo, xerando unha alarma social inxusta para os pacientes e para os profesionais e inxustificada, só co obxectivo dun potencial beneficio partidista. E é inxustificada por todo o que vou expoñer achegando datos, feitos, realidades.

Señora Solla, ¿é posible soste que existe desmantelamento da atención primaria cando o último barómetro sanitario publicado polo Ministerio de Sanidade reflicte que preto do noventa por cento dos galegos indican que reciben unha asistencia sanitaria de atención primaria boa ou moi boa? Señora Solla, ¿cre que a cidadanía galega percibe un desmantelamento cando en Galicia tres de cada catro persoas elixirían acudir ao servizo sanitario público en lugar de ao privado? Señora Solla, ¿pódese falar de desmantelamento da atención primaria cando o número de médicos de familia se incrementou nun sete por cento,

pasando de 2.434 no ano 2008 —Goberno, por certo, do Bipartito— a 2.601 no pasado ano 2017? ¿Ou cando o investimento no período 2009-2017 en centros de saúde do Sergas superou os sesenta e seis millóns de euros?

A atención primaria está nunha constante evolución de adaptación ás necesidades en cada momento e en constante renovación e establecemento de novos retos, novas metas. Cambios que supoñen un esforzo para todos: para os profesionais, para os xestores..., pero que facemos pensando sempre no beneficio dos pacientes. Os actuais desafíos da atención primaria son ben coñecidos por vostede: a cronicidade, o envellecemento poboacional e a dispersión xeográfica. E desde o sistema galego de saúde estamos a traballar para darlles resposta.

A atención primaria debe ser resolutiva, cunha adecuada capacidade diagnóstica e terapéutica, que asuma como seu o desafío da xestión da cronicidade a través dos seguintes principios que están recollidos na Estratexia galega para a atención ás persoas en situación de cronicidade, que será publicada e dada a coñecer a todos os profesionais e á cidadanía nos próximos días.

Por un lado, a proactividade do sistema: adiantarnos ao problema. Temos un rexistro de indubidable valor, como é a historia clínica electrónica, coa que, en calquera situación ou circunstancia, podemos coñecer as diferentes peculiaridades, enfermidades, diagnósticos e tratamentos que están seguindo os pacientes.

O segundo punto é a corresponsabilidade, cun paciente corresponsable, un paciente experto que participa na toma de decisións sobre a súa saúde.

E un punto terceiro —tamén moi importante na cronicidade, xa no momento actual e no futuro—, que é a coordinación sociosanitaria. Por iso temos tamén unha comisión interdepartamental entre a Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade para mellorar esa coordinación e, sobre todo, para que o paciente non deixe de estar nun momento no ámbito sanitario e dea un salto ao ámbito sociosanitario.

Permítame que volva aos datos. Tanto na anterior lexislatura como na actual se realizaron distintas ofertas públicas de emprego con carácter anual, esgotando a taxa máxima de reposición. En efecto, mantivéronse e incrementáronse cuantitativamente as ofertas públicas de emprego. A oferta do ano 2016 foi de oitocentas dezaioito prazas, para practicamente duplicarse no ano 2017, cun total de mil seiscentas dezaseis prazas.

Fóronse recuperando a paga extra de decembro de 2012, a suba do un por cento das retribucións no 2016, a devolución do complemento específico adicional de xaneiro e febreiro de 2013, a recuperación dos días de libre disposición sobre os días adicionais de vacacións ou a protección da maternidade. A Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, recoñeceu o dereito das e dos profesionais en situación de maternidade e paternidade, de risco durante o embarazo e de risco durante a lactación a percibir a media das retribucións aboadas o ano anterior en concepto de atención continuada por gardas, noites e festivos.

Na Lei de orzamentos do ano 2017 contemplouse recuperar os complementos específicos adicionais das pagas extra de xuño e decembro, así como un incremento do un por cento máis da subida nas retribucións. Do presuposto do 2019 falaremos a semana que vén na comparecencia que temos prevista o martes próximo.

En abril de 2017 demos un paso importante coa sinatura do Plan de estabilidade do emprego e provisión de persoal estatutario do Sergas 2017-2018, no que plasmamos o noso compromiso de reducir a temporalidade no Servizo Galego de Saúde, e que permitirá reducir ata o cinco por cento a porcentaxe que representa o persoal eventual. Por certo, este Plan de estabilidade do emprego e provisión de persoal estatutario foi aprobado coa maioría dos representantes sindicais dos traballadores.

A través da Lei 1/2018, do 2 de abril, de modificación da Lei de saúde de Galicia, arbitramos o concurso de traslados aberto e permanente, co fin de potenciar a conciliación da vida laboral e familiar dos profesionais do Sergas, así como a permanente cobertura das necesidades asistenciais, cun sistema aberto para facilitar a mobilidade voluntaria do persoal cunha adxudicación anual de destinos. Xa se efectuaron as primeiras convocatorias conforme este novidoso sistema. En total foron trescentas trinta e nove adxudicacións; duascenas noventa e tres son médicos de familia que puideron —como digo, nun proceso moito máis curto que o que había ata este momento— trasladarse a un destino que consideran mellor.

Tamén foi a reforma da Lei de saúde, por iniciativa do actual Goberno autonómico, a que introduciu o concepto de «itinerarios profesionais» para fomentar a ocupación de postos de traballo por diferentes categorías profesionais, ás que se lles exige a mesma titulación en aras de asegurar a cobertura das prazas de atención á cidadanía.

Priorizamos nas últimas OPE as categorías propias do primeiro nivel asistencial, como médicos de familia, pediatría de atención primaria ou enfermeiro especialista en enfermería familiar e comunitaria; tamén —como ben saben—, unha creación da que fomos pioneiros no Servizo Galego de Saúde e que, desde logo, seguimos potenciando nas diferentes OPE.

E no último trimestre do ano aprobarase a oferta pública de emprego —a OPE 2018— esgotando a taxa de reposición e dando, desde logo, unhas cifras tamén moi altas. Entre as categorías significativas que se ofertan son de destacar: médico de familia, pediatra de atención primaria, enfermería especialista familiar e comunitaria, enfermería especialista en pediatría —como dicía antes, novas categorías de enfermería especialista creadas no Sergas para o ámbito da atención primaria—, e fisioterapeuta.

Desde o Servizo Galego de Saúde vimos adoptando medidas como o incremento da oferta das prazas MIR. Así, este ano realizouse a maior oferta dos últimos anos, con catrocentas catro prazas, e aumentáronse a cento cinco as prazas para medicina familiar e comunitaria —sete prazas máis que en 2017.

Mantemos o compromiso de acadar maiores cotas de estabilidade do persoal e de manter a taxa de substitución do seu cadro de persoal. Así, as ofertas públicas de emprego dos últimos anos centráronse na atención primaria. A respecto disto, o vindeiro 25 de novembro cele-

braranse as probas para cubrir duascenas catorce prazas de médico de familia. En total, no período 2012-2017, ofertáronse 1.358 prazas de médicos de familia e enfermería.

Potenciamos tamén a retención do talento, incorporando unha política de flexibilización da idade de xubilación, permitindo aos profesionais continuar no servizo activo máis aló do cumprimento dos sesenta e cinco anos en todas as categorías e especialidades.

No presente ano 2018 iniciamos por primeira vez en Galicia un verdadeiro sistema ordinario de carreira profesional para todos os colectivos profesionais do Servizo Galego de Saúde. Ese sistema permitirá máis de vinte e dous mil recoñecementos de grao no presente ano 2018, cun pago que se iniciará xa no ano 2019. Este recoñecemento de carreira profesional sitúa Galicia como unha das comunidades autónomas que recoñece a carreira ao persoal interino, con plenitude de dereitos ao mesmo nivel que o persoal fixo. E, tamén, nunha mesa do día 16 de outubro aprobouse facilitar que o persoal substituto de longa duración poida optar ao nomeamento de interino e, ao mesmo tempo, poida acceder ao sistema de carreira ordinaria.

Señorías, temos profesionais comprometidos e coidados pola organización, unha organización flexible e aberta a todo aquilo que contribúa a seguir na mellora do noso sistema sanitario. E así seguiremos traballando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, as preguntas aquí facémolas nós. Vostede é o interpelado e, de momento, o conselleiro. Por agora.

E mire: claro que os profesionais son competentes, señor Almuíña, o problema é que vostedes non o son; vostedes son incompetentes. Non son quen de planificar as necesidades dos puntos de atención continuada e, incluso nos días de folga, déixanos desprovistos dos equipos necesarios. Fálenos dos puntos de atención continuada, señor Almuíña; non nos fale de migallas.

E, por favor, que vostede fale de política de flexibilización da idade de xubilación cando primeiro practicamente extorsionaron os profesionais para que se xubilaran anticipadamente e agora están pedindo por favor que non se xubilen porque teñen un problema gravísimo — ¡gravísimo! — con algunhas categorías profesionais é case que insultante. Vostede debería estar un pouco máis calado —é a miña recomendación— para falar da idade de xubilación dos profesionais sanitarios. (*Murmurios.*)

Que vostede fale de conciliación cando hai profesionais ás que non se lles permiten as horas de lactación en atención primaria e nos PAC, señor Almuíña, desgraciadamente, é un chiste malo, señor conselleiro.

Esa é a realidade; vostede vén trasladarnos aquí algo que non existe sobre o papel. E pode presumir de moitos acordos, pero eu pregúntome por que vostedes non pagan o cen por cento do traballo dos profesionais. ¿Por que non cobren o que se lles acaba de trasladar? ¿Por que temos que seguir esperando a que vostede veña aquí trasladarnos unha vez máis un anuncio sen dar nin unha soa solución? Non ma dea a min se non quere, pero déallela aos profesionais, porque levan meses agardando e, finalmente, tiveron que convocar unha folga porque vostedes fan caso omiso. Fixeron caso omiso cando lles advertiron que ía acontecer unha desgraza. Desgraciadamente pasou, señor Almuíña, pero desgraciadamente podería ter pasado moitas máis veces. Acabo de trasladarlle algúns dos centros que os profesionais denunciaron que dende o inicio da folga quedaron desprovistos de equipos necesarios para a asistencia sanitaria.

Señor Almuíña, dúas semanas despois do que aconteceu na Estrada —¡dúas semanas despois!— un neno no PAC de Cuntis quedou sen asistencia porque non había atención sanitaria, señor Almuíña; tivo que recollelo polo camiño unha ambulancia. Iso non se pode dar máis no noso sistema público de saúde, e vostede ten que sentarse e poñer medidas. Non ten que deixar os profesionais na estacada e nesas condicións, índose mal para a casa porque teñen que traballar nunhas condicións nas que non saben se algunha persoa vai estar en perigo ou vai ter un problema cando non estean traballando no PAC. E cando non están traballando no PAC, están traballando noutro lugar. Claro que temos bos profesionais, claro que son moi competentes, pero son poucos, señor Almuíña, e están mal retribuídos. E vostedes teñen a responsabilidade de dar resposta. Creo que é indecente que se convoque unha folga, que teñamos uns servizos mínimos do cen por cento e que nin sequera sexan vostedes capaces de cubrir eses servizos mínimos do cen por cento.

Díxenlle o do PAC de Moaña, díxenlle o do PAC de Cangas, díxenlle o do PAC da Guarda, díxenlle o do PAC da Parda... E tamén trasladaron o do PAC de Cambados: ausencia dun médico na asistencia de urxencias de oito a tres o sábado 19.

Señor Almuíña, esta situación é inaceptable, vostedes non poden continuar así despois do que acaba de pasar. Non queremos volver traer isto aquí. E que vostede diga e nos acuse de aproveitar e de facer demagogia é repugnante, señor conselleiro, ¡é repugnante! Porque a min gustaríame non ter que estar aquí falando disto e ao noso voceiro gustaríalle non ter que facer a sesión de control para preguntarlle por isto, señor Feijóo, despois da volta do verán. Gustaríanos non ter que falar nunca disto, aos profesionais non lles gustaría ter que convocar unha folga. Pero, desgraciadamente, vostedes non fan caso ata que pasa algo, ese é o problema. Témolos visto unha e outra vez: vímolos coa hepatite, vímolos nas Urxencias do CHUS, vímolos na atención de saúde mental no noso país... E seguen vostedes sen tomar nota.

Eu pregaríalle, por favor, que dese algunha resposta —¡unha, unha soa!—, algunha cousa que vaian facer, por favor, para poñer máis persoal nos puntos de atención continuada. Está ben falar da OPE, é correcto; tamén me gustaría que nos trasladara como fan o cálculo de profesionais, porque seguimos sen ter ningún grupo os mesmos datos que teñen vostedes, señor Almuíña. Non sei se é que non contabilizan as xubilacións... Estaría ben que un día fixeramos unha mesa redonda para falar disto.

Pero agora déanos respostas. Déalle resposta á xente que ten que ir a Urgencias porque vos-  
tedes non poñen profesionais en atención primaria e a espera é de máis dunha semana para  
unha atención ordinaria ou para unha atención urxente, señor Almuíña. Isto non pode ser.  
Temos un problema grave, e vostede é responsable da Consellería —por agora— e debe de  
dar algún tipo de resposta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Peche desta interpelación, señor conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Grazas, señor presidente. Señores  
deputados.

Cando faltan razóns empezan os insultos: chamar incompetente e extorsionador a este con-  
selleiro creo que non soluciona absolutamente nada, pero utilízao habitualmente cando  
queda sen argumentos para realmente falar dos temas que ten que falar.

Mire: polo que se refire a puntos de atención continuada, cómpre recordar que foron creados  
a través dun decreto, o 172/1995, do 18 de maio, polo que se aprobaba o Plan de Urgencias  
Extrahospitalarias da Comunidade Autónoma, para prestar atención sanitaria urxente no  
ámbito da atención primaria, e sendo conselleiro o señor Romay Beccaría.

O Servizo Galego de Saúde consta de noventa puntos de atención continuada distribuídos  
por toda a comunidade autónoma, que no 2017 fixeron máis dun millón e medio de asisten-  
cias, das que o noventa por cento foron resoltas —como digo— no PAC sen necesidade de  
derivación. Polo tanto, sabemos que temos un moi bo servizo de atención continuada nos  
PAC de Galicia, con magníficos profesionais. No ano 2009 había catrocentos cincuenta e sete  
médicos nos PAC, contados da mesma forma que contamos no ano 2018, que temos noventa  
e dous médicos máis, ademais dos médicos dos centros de saúde que fan gardas voluntarias.

No artigo 5 do citado decreto é precisamente no que se establece o persoal co que deberá  
contar o PAC. Dende hai anos, nos PAC analízanse constantemente as cargas de traballo para  
reforzar e reorganizar efectivos. A asistencia nos puntos de atención continuada está cuberta  
por persoal sanitario —profesional de medicina de familia e profesional de enfermería— en  
horario continuado, das quince horas ás oito horas do día seguinte, para realizar a atención  
urxente en atención primaria, e durante as vinte e catro horas en fin de semana e festivos.  
Todos os puntos de atención continuada contan cun equipo completo de medicina e de en-  
fermería, e a dotación de recursos establécese en función de criterios obxectivos, con base  
na carga de traballo, dispersión, distribución, distancia do hospital, número de mobilizacións  
para o 061..., de forma que garanta o dereito asistencial.

Respecto das demandas do persoal, o Sergas mantén o diálogo e ten unha postura receptiva  
para seguir negociando cos representantes dos PAC. En ningún momento a Consellería de  
Sanidade se levantou desa mesa; seguimos esperando poder continuar con esas reunións.

Leváronse a cabo cinco reunións, a última o 21 de setembro, e a negociación entre o Sergas e o persoal dos PAC continúa, segue aberta e activa a través desta comisión técnica delegada na Mesa sectorial para estudar as reivindicacións do colectivo. Hai acordos xa dentro desta mesa, como abonos de dieta, eliminar do ADX —nos obxectivos— a porcentaxe de derivacións, as dotacións dos equipos de protección individual ou o tema da roupa de traballo, como é o circuíto. Hai unha serie de acordos e queremos seguir negociando para poder chegar a máis acordos.

Desde logo, entendemos que o traballo que realizan estes profesionais é un magnífico traballo. Pero claro, cando se mete a representación política e, neste caso, a señora Solla, a falar desde a demagogia, desde dicir que dá respostas, dá solucións, engana moita xente dando respostas que, ás veces, non se poden producir. O feito é que cando gobernan, e gobernaron durante catro anos, no Bipartito había un Plan mellora, un informe onde se pedía que, por ineficiencia dos PAC, de moi poucas intervencións e actuacións dos equipos, o que había que facer era pechar os PAC. Esa era a solución do Bipartito aos PAC. (*Murmurios.*) Nós, evidentemente, non estamos nesa liña, señora Solla.

Nos próximos anos seguiremos construíndo dezasete novos centros de saúde. Queremos, así, fomentar a asistencia máis próxima ao cidadán cunha renovada rede de atención primaria. Segundo o último Informe anual do Sistema Nacional de Saúde do Ministerio de Sanidade, no ano 2016 Galicia era a terceira comunidade autónoma con maior número de centros de saúde en números absolutos, trescentos noventa e catro, só por debaixo de Cataluña e de Andalucía, ambas as comunidades —como ben sabe— cunha poboación bastante maior que a de Galicia.

Outro aspecto no que traballamos, porque consideramos que é unha ferramenta totalmente necesaria para a evolución do noso sistema sanitario, é a incorporación da innovación e das novas tecnoloxías en atención primaria en beneficio do paciente e como mellora na provisión de asistencia sanitaria para o profesional, sen esquecer o que supuxo estender o cen por cento da receita electrónica e a historia clínica electrónica a toda a cidadanía de Galicia. Agora continuamos con esta mesma liña de incorporación de innovación tecnolóxica co servizo de asistencia a domicilio e de atención a pacientes crónicos ou pluripatolóxicos, que xa se desenvolve actualmente desde a atención primaria, pero tamén desde a atención hospitalaria. Un modelo aberto á sociedade, aberto ás persoas; servizos sanitarios que teñen o compoñente comunitario e social inherente ás necesidades actuais dos cidadáns que demandan a nosa atención. Contamos con importantes ferramentas de teleasistencia xa en funcionamento, como Telea, a consulta telefónica, o fogar dixital e a e-interconsulta, que facilitan o traballo dos nosos profesionais.

Consideramos que o futuro do novo modelo de atención primaria vai por aí, por ese camiño, por esa ruta. Temos estratexia, temos proxecto e, polo tanto, hai futuro. Unha atención primaria proactiva, coa incorporación efectiva das novas tecnoloxías da comunicación e a información, tan desenvolvidas en Galicia, e que son un verdadeiro referente noutras comunidades autónomas. Pero, desde logo, sempre consideramos que o máis importante do sistema galego de saúde —o Sergas—, na nosa consellería de Sanidade, é o capital humano e, desde logo, seguiremos tratando de mellorar as súas condicións laborais.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

**Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de estradas**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

*(O señor Álvarez Martínez diríxese ao presidente antes de comezar a súa intervención.)*

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Era unha cuestión de corrección nominal, en canto ao nome nada máis; non era nada referente á interpelación.

A nosa interpelación hoxe vai sobre o Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica, fundamentalmente o Plan MOVE. Un plan que, desde o noso punto de vista, naceu xa con obsolescencia programada, tendo en conta cal foi a súa evolución ao longo dos anos desde a súa publicación; un plan que —como vostede sabe perfectamente, e creo que todos os que estamos aquí, sobre todo aqueles deputados e deputadas que xa estiveron en lexislaturas anteriores— foi obxecto de múltiples intervencións, interpelacións e preguntas ao longo destes anos, precisamente pola falta de desenvolvemento e concreción práctica deste plan; un plan cun horizonte establecido entre os anos 2010 e 2020. Un plan que, moi resumidamente, podemos dicir que tiña tres obxectivos fundamentais: en primeiro lugar, a mellora da seguridade viaria; en segundo lugar, incrementar o investimento en mantemento da rede de estradas existentes, e, en terceiro lugar, mellorar a accesibilidade do territorio.

Esquecía, desde o noso punto de vista deste plan —aínda que evidentemente non forma parte dos seus obxectivos—, o que se refire ao papel que como dinamizador da economía ten o sector público, máxime todo o que se refire a infraestruturas públicas e ao seu custo, en épocas como a que acabamos de pasar, de severa crise económica. Polo tanto —insisto—, aínda que non é un obxectivo porque non se refire ás estradas en concreto, nin moito menos, si que era relevante o seu desenvolvemento para dinamizar a economía da nosa comunidade autónoma.

Durante o ano 2009, co primeiro Goberno do presidente Feijóo, publicaron vostedes un plan que practicamente corrixiron o ano seguinte, no 2010, cunha rebaixa das súas propostas iniciais, unha rebaixa de 621 millóns de euros sobre os 4.265 que prevía en principio ese plan. Pero incluso esas previsións que abarcaban ata o ano 2020 —e, polo tanto, aínda non acabou o seu período de vixencia— non se cumpriron, posto que temos pendentes de acometer a maioría das infraestruturas viarias en estradas autonómicas.

Moi resumidamente, para os efectos meramente ilustrativos, porque ten moita relevancia: en outubro do ano 2010 había 334 quilómetros de vías de alta capacidade ou vías de alta prestación —non imos ter ningún problema coa nomenclatura—, e isto viña recoñecido precisamente no Plan MOVE. Non é unha cifra que eu sacara de ningún sitio. En xullo de 2018, é dicir, hai escasamente tres meses, temos 497 quilómetros construídos, e estes datos públicos a súa consellería na Raega, que, como vostede sabe perfectamente, se refire á Rede autonómica de estradas de Galicia.

É dicir, que en oito anos construíron vostedes a espeluznante cifra de 163 quilómetros, o cal dá, grosso modo, 20 quilómetros ao ano. No resto das tipoloxías de estradas, tanto na rede primaria básica como na rede primaria complementaria e na rede secundaria, estamos exactamente igual que no ano 2010, quilómetro arriba, quilómetro abaixo.

A previsión do Plan MOVE é que se executaran 565 quilómetros de vías de alta capacidade nesta comunidade autónoma, e dentro deste plan hai feitos 163, iso supón que levan executado vostedes, a dous anos do remate deste plan, o 29 %, exactamente o 29 %.

Polo tanto, creo que, se facemos un somero repaso —porque resulta absolutamente imposible neste tempo e tampouco é o obxectivo desta interpelación— da VAP de Brión a Noia, do desdoblamento desa VAP, non hai nada feito, e tiña que estar rematado no ano 2015 segundo o propio plan.

A variante da área metropolitana de Santiago de Compostela, ese cinturón oeste que tiña que estar rematado no ano 2020 e unha parte deles no ano 2017, non hai nada feito. A VAP Tui-A Guarda, sobre a que se preguntará mañá, está iniciada, pero tiña que estar rematada no ano 2013. No desdoblamento do vial Nadela-Sarria —sobre o que tamén se lle preguntará mañá— non hai nada feito e tiña que estar rematado no 2015. Da vía de altas prestacións da Costa Norte é mellor nin empezar a falar porque é inenarrable o que pasa con esa estrada, non hai practicamente nada feito.

No ano 2009 dicía que reduciron vostedes eses millóns de euros. Pero, claro, como non van reducir se resulta que no Programa 512B, de construción, conservación e explotacións de estradas, no ano 2009 había orzamentados 449 millóns, e este é un orzamento absolutamente falso porque estaba feito polo Bipartito, que xa se sabe que cometía sempre erros en magnitudes de potencias de  $10^3$ : falando de millóns os erros, de miles de millóns, non eran *peccata minuta*. Pero é que xa no ano 2010, cun goberno absolutamente serio e responsable, que era o do presidente Feijóo, orzaron outra vez 419 millóns de euros. Iso si, no ano 2011 reduciron a 299. Estou sempre falando dese programa 512B. No ano 2017, en total, coa modificación orzamentaria que houbo no verán, 262 millóns de euros. Para o 2018, 237, e agora, no Proxecto de orzamentos desta comunidade autónoma para o ano 2019, reducen votedes aínda máis os investimentos previstos neste programa, a 270 millóns, reducindo o investimento, polo tanto, nun 2,52 %.

Se falamos do cumprimento da lexislación, da súa propia lexislación —e créame que este é un tema que me resulta particularmente tedioso, ter que vir aquí recordarlle ao Goberno o incumprimento das propia leis que teñen vostedes ditado—, se falamos do incumprimento

da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, coa súa modificación do ano 2015, na que vostede coñece perfectamente que hai dous instrumentos fundamentais, o Plan director de estradas de Galicia e os plans sectoriais de estradas, que son os instrumentos técnicos que desenvolven ese plan director, non hai absolutamente nada feito.

Entón, aquí nos encontramos ante a seguinte disxuntiva: se asumimos que o Plan MOVE é o Plan director de estradas de Galicia —cousa que creo que nin vostede mesma asume—, se asumimos iso, está incompleto porque non pasou polo trámite parlamentario que se prevé para o Plan director de estradas de Galicia; é dicir, ten que desenvolverlo o Goberno, ten que aprobalo o Consello da Xunta de Galicia e ten que vir ao Parlamento. Se non o é, que eu creo que non o é, evidentemente nos atopamos ante outro incumprimento da lexislación. Insisto, dunha lexislación que vostedes mesmos publicaron, que vostedes mesmos escribiron e que vostedes mesmos aprobaron.

Creo, en definitiva, que estamos a falar dunha actuación completa, que se desenvolveu no papel no ano 2010, pero que non se desenvolveu en ningún momento, máis que nese 29 % que lle dixen antes, con novas vías construídas na nosa comunidade autónoma.

Por iso, unha vez máis, o noso grupo parlamentario vese na triste obriga de preguntar se teñen vostedes previsto realizar algún tipo de planificación que poida coñecer este Parlamento, que poida coñecer esta comunidade autónoma, en materia de estradas, evidentemente, competencia da comunidade autónoma. De ser así —entendemos que debería se así—, que prazos ten previstos para desenvolver os distintos trámites. Pregunto por enésima vez, con «n» bastante grande, se van cumprir vostedes nalgún momento a lexislación vixente ao respecto en materia de estradas, en materia do Plan de estradas. E, por último, se considera que o Plan MOVE que todos coñecemos está aínda vixente; é dicir, se hai a máis mínima esperanza de que antes de que remate o seu prazo temporal do 2020 vaiamos chegar a ter completo ese plan.

Vostede é unha persoa intelixente e sabe que esta pregunta última é absolutamente retórica, porque é absolutamente imposible que vostedes cumpran o Plan MOVE, nin tan sequera o 50 % do que estaba escrito no ano 2010. Insisto, coa corrección que lle fixeron, a do ano 2009. En todo caso, creo francamente que como instrumento de propaganda política está moi ben, como instrumento de planificación en infraestruturas é bastante aceptable, como concreción práctica da política de infraestruturas do Goberno do Partido Popular é absolutamente lamentable.

En espera de que polo menos me resposte vostede as primeiras tres preguntas, quedo á espera do que me poida dicir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

O certo é que me alegro de que me traia vostede ao Parlamento distintas iniciativas en materia de estradas competencia da Xunta de Galicia, o plan MOVE, o Plan de mobilidade e ordenación estratéxica. Unha interpelación para dar resposta hoxe, mañá —como dicía vostede— teremos preguntas concretas a infraestruturas concretas.

E agradézolle que me faga por fin preguntas concretas de competencia directa da Xunta de Galicia, porque o certo é que estaba acostumada a contestar preguntas de asuntos de Madrid, do Goberno de España. Agora que gobernan vostedes en Madrid, poderei abordar e explicar asuntos propios de competencia propia da consellería e de competencia da Xunta de Galicia.

O certo é que si me gustaría que hoxe trouxeran a esta Cámara algunha pregunta do Estado, como as obras do AVE e esa visita do delegado do Goberno ás obras do AVE, que por primeira vez na historia nos enteramos pola prensa. Falaba vostede antes de propaganda política, ¡esa visita si que é propaganda política! É moi fácil vender obras que desbloquearon os anteriores. O delegado do Goberno que acaba de chegar visita unhas obras e entendo que lle molestemos dende a Xunta de Galicia, tamén que lle molestemos dende a deputación e lle molestemos tamén dende os propios concellos. E que nos enteremos pola prensa desa visita, dende logo, é unha falta de respecto institucional sen precedentes, e gustaríame que se arroxara luz sobre esta cuestión.

En calquera caso, volvendo á materia, falar de competencias concretas e directas da Xunta de Galicia, eu alégrome de poder falar de asuntos da nosa competencia directa da consellería. É a oportunidade de explicar todo o que levamos feito e de explicarlle á cidadanía algo do que, por certo, o Partido Socialista non se deu conta a día de hoxe, que vimos dunha profunda crise económica nestes anos, unha profunda crise económica coa maior caída de ingresos da historia da democracia. O certo é que me sorprende que vostede me diga que non teñamos construídas actuacións planificadas no ano 2009. Con esta crise económica que recibimos, este Goberno, responsablemente, por suposto que priorizou o gasto social: a sanidade, a educación e as políticas sociais, con responsabilidade.

E mire, eu creo —e vostede tamén o sabe porque vostede tamén é unha persoa preparada— que para realizar planificacións estratéxicas hai que ver a situación actual, as necesidades actuais, o contexto actual, e logo facer un seguimento continuo. Plans vivos para facer seguimentos e materializalos, na medida do posible, facendo un seguimento continuo. Ese foi o esquema que seguimos para esa planificación estratéxica en materia de infraestruturas e en materia de mobilidade para facilitar a mobilidade: achegar a xente entre si, achegar á xente as infraestruturas de transporte e multiplicar as posibilidades de mobilidade; e temos conseguido moitos obxectivos.

Temos conseguido o obxectivo prioritario do Plan MOVE, incrementando considerablemente os quilómetros das vías de altas prestacións. A día de hoxe, o 83 % da poboación está a menos de quince minutos dunha vía de altas prestacións. Foi un dos obxectivos prioritarios dese Plan MOVE que comenta vostede. Por suposto que nos gustaría facer moitísimo máis —a min, dende logo, moitísimo máis—, pero tivemos e temos dificultades, moitas dificultades, atran-

cos continuos, e non foron poucos os problemas que nos atopamos derivados da crise económica, como comentaba. En momentos da maior crise económica, con dificultades importantísimas, fortes restricións orzamentarias que nos obrigaron a priorizar e a preservar fundamentalmente os servizos públicos esenciais, como dicía: sanidade, servizos sociais, benestar e educación. E só un ano despois —xa o dixemos publicamente— houbo que axustar e adaptar esas previsións para facer actuacións e unha planificación máis viable, máis realista.

Tamén tivemos coñecemento despois desas grandes facturas e hipotecas que nos deixaron vostedes, e importantes buratos. Permítame, díxeno moitas veces nesta Cámara e estaba vostede, non éramos conscientes nese momento desa quebra, porque deixaron quebradas as xestures. O Goberno bipartito deixou quebradas as xestures. Había unha débeda coas entidades financeiras de 180 millóns de euros, ademais da débeda aos provedores de máis de 100 millóns de euros e ademais deses compromisos por máis de 900 millóns de euros.

Débeda das xestures, tivemos que rescatar as xestures en quebra. Os 1.000 millóns de euros que deixaron vostedes en hipotecas, en concesións. Tendo o orzamento como di vostede que tiña, máis de 400 millóns de euros, aínda así, fan modelo concesional e deixan unha hipoteca de 1.000 millóns de euros para que o que veña despois arree e busque como resolvelo.

Todo isto por suposto que influíu nas contas da Xunta de Galicia, e os orzamentos caeron á metade. Xa nos gustaría, por suposto, que todos estes anos tiveramos en materia de estradas máis de 400 millóns de euros como tiñan vostedes, e aínda así recorreron ao modelo concesional e deixáronnos unha hipoteca de 1.000 millóns de euros

Houbo que repensar, reprogramar, priorizar, axustalos á realidade, optimizar os recursos, facer unha programación realista e viable, e coa metade do orzamento fixemos máis de 200 quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe dende o ano 2009. Ese dato teno que actualizar, eu doullo actualizado.

Aínda nos momentos máis duros, aínda en momentos de crise económica importantísima, a pesar deses buratos que nos deixaron, a pesar dos problemas das hipotecas que nos deixaron, a pesar de ter o orzamento á metade, fomos quen de sobrepoñernos, de facer máis con menos e de conseguir 208 quilómetros de vías de alta prestacións libres de peaxe dende o ano 2009. Pasamos de 313 quilómetros a 521 quilómetros de vías de altas prestacións a día de hoxe. Doulle o dato actualizado e, se non, explícollo e trasladámosllo. Polo tanto, un 67 % máis de vías de altas prestacións executadas a pesar da crise económica, a pesar dos buratos, e a pesar da hipotecas.

Así, oito de cada dez galegos están a menos de quince minutos dunha vía de alta prestación. E o certo é que non estamos a falar de planos ou de *power point*, estamos a falar de feitos, de realidades, de obras feitas. Feitos con impulso, con traballo, porque apostamos pola igualdade de oportunidades, e realidades e exemplos que lle podo trasladar e que vostede estou segura que coñece, como completar a autovía Ferrol-Vilalba coa posta en servizo no ano 2010 dese treito de autovía entre Cabreiros e Vilalba. Na vía da Costa Norte por suposto que realizamos actuacións, e —insisto— no peor momento da crise económica puxemos en servizo a variante de Ortigueira, puxemos en servizo a vía de altas prestacións Celeiro-San Ci-

brao, investimos 100 millóns de euros en momentos de importantísimas dificultades económicas e de fortes restricións orzamentarias. Fixemos posible viaxar entre Santiago e Noia, e achegar Santiago e Noia, grazas a esa vía de alta prestacións Brión-Noia e tamén á variante de Noia. Tamén fixemos avances importantes en comunicacións no sur de Ourense, puxemos en servizo a autovía de Celanova. Na área da Coruña, a terceira ronda, unha nova alternativa para entrar a Coruña libre de peaxe, e tamén construimos a vía Ártabra, entre a nacional VI e o enlace de Meirás. A VAP Tui-A Guarda, o treito 3; 60 millóns de euros en plena crise económica, 10 quilómetros entre Goián e A Guarda, unha actuación estratéxica para o Baixo Miño. E tamén na provincia de Lugo, 135 millóns de euros para a vía de altas prestacións Sarria-Monforte; 28 novos quilómetros de actuacións libres de peaxe entre Sarria e Monforte. E no verán do ano 2016 tamén puxemos en servizo 27 quilómetros de vía de altas prestacións da autovía da Costa da Morte libre de peaxe, a pesar dos atrancos e de intentar derrubar por terra, mar e aire o Goberno galego por parte dalgún partido político para que non fixéramos a autovía da Costa da Morte, e fixemos 27 quilómetros de autovía libre de peaxe. Outros, como vostedes, tres primeiras pedras. Pois nós non poñemos primeiras pedras, facemos quilómetros de autovía libre de peaxe, e o exemplo máis claro é a autovía da Costa da Morte, esa é a diferenza entre vostedes e nós. Recentemente puxemos en servizo 7 quilómetros da autovía do Morrazo, unha importante actuación que precisaba dunha actuación canto antes porque estamos a falar dunha vía que en época de maior tráfico pode acadar a cifra de 20.000 vehículos de tráfico; polo tanto, 7 quilómetros da autovía do Morrazo.

Deste xeito, son realidade 210 novos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe en anos duros, pese á herdanza recibida: débedas, buratos, atrancos. Fixemos actuacións, 210 quilómetros; incrementamos un 67 % as vías de altas prestacións; e seguiremos traballando, non só facendo obras novas, senón tamén conservando as que temos, porque eu sempre digo que tan importante é facer obras novas como conservar o que temos.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra, na rolda de réplica, o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas de novo, señor presidente.

Señora conselleira, non sabe ben vostede o que me alegro de que lle alegre que fagamos este tipo de preguntas concretas, porque é o que vai haber de agora en adiante. *(Aplausos.)* Imos preguntarlle por cada unha das infraestruturas que están pendentes de executar e que vostedes mesmos escribiron nese documento que aprobaron en novembro do ano 2010, cando xa vostedes —que son todos xente preparada tamén, evidentemente— coñecían a profundidade da perda de ingresos das administracións en canto a impostos, fundamentalmente como consecuencia da crise económica.

Polo tanto, insisto en que me parece moi ben que lle pareza ben, e por ese camiño ímonos entender sempre. Porque a crise económica... Díxeno antes na miña primeira intervención... *(A señora conselleira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, falei da profunda crise económica. A crise non afectou só a Galicia, non afectou só a España.

Eu podo entender que lles molestase profundamente que o señor Touriño fora presidente da Xunta de Galicia; podo entender que lles molestase profundamente que o señor Zapatero fora presidente do Goberno de España; o que xa me resulta difícil entender é que vostedes persistan dunha forma tan contumaz en responsabilizar o señor Touriño e o señor Zapatero da crise económica mundial. (*Aplausos.*) ¡Home, a súa relevancia tiñan, pero de aí a ser capaces de facer quebrar as economías de occidente, hai un mundo de diferenza! ¡Hai un mundo de diferenza! (*Aplausos.*)

As hipotecas sabemos todos o que son e o que significan, porque dixo vostede que priorizou sanidade, educación, servizos sociais etc., etc., etc. Se tal foi a priorización, non sei como é que hai 2.200 profesores menos en educación non universitaria nesta comunidade autónoma dende o ano 2009 ao ano 2018, pero bueno.

Fixo vostede unha afirmación que me chamou poderosamente a atención. Que conste que a cuestiono de entrada e tamén farei a miña comprobación a ver se é certo ou non. Dixo vostede que o 83 % da poboación de Galicia está situada a menos de 15 minutos dunha vía de alta capacidade, o cal quere dicir que hai un 17 % que está a máis. Supoño que ese 17 % inclúe, entre outros lugares, todo o norte da provincia de Lugo e todo o norte da provincia da Coruña ata Ferrol. E aínda debe de haber máis xente. Que me diga que a xente da Fonsagrada —que son poucos, desgraciadamente— e a xente de Navia de Suarna —que aínda son menos— están a máis de 15 minutos dunha vía de alta capacidade, xa o creo, pero que o resto cheguen ao 83 % nesta data, resulta curioso.

Falou vostede de que quen empregou o modelo concesional para facer infraestruturas fomos nós. Sabe vostede perfectamente cal é a maior hipoteca concesional desta comunidade autónoma, ¿non? Non é unha autovía, non é unha vía de alta capacidade, non é unha circunvalación, é o hospital que fixeron vostedes en Vigo por ese modelo. (*Aplausos.*) Esa é realmente a grande hipoteca desta comunidade autónoma.

Mire, dicía vostede antes que non facían planos presentados en *power point*. Bueno, o MOVE é certo que non é un *power point*, é un PDF. (*Aplausos.*) En todo caso, son vostedes auténticos especialistas en facer presentacións en *power point*. E dígollo porque supoño que tanto as deputadas e deputados de En Marea como do Bloque Nacionalista Galego teñen recibido como resposta á pregunta parlamentaria unha copia impresa dun *power point* que se pode descargar das distintas páxinas web do Goberno galego. Iso si que é un *power point* con moitísimos coloríns, ¡moitísimos coloríns!

Mire, como se me está rematando o tempo, teño que dicirlle que ten mérito falar durante dez minutos do que se fixo, pero é que eu non lle preguntei polo que se fixo, pregunteille polo que falta por facer, pregunteille se hai algunha posibilidade de que rematen nalgunha parte. Fíxese que lle fixei un horizonte do 50 %, un 20 % máis do 29 % que teñen neste momento executado, ou un 21 % para ser máis precisos. Pregunteille se hai algunha posibilidade de que vostedes o executen.

Pregunteille se teñen previsto realizar unha planificación en materia de estradas. Pode contestarme se o estima pertinente, xa que eu me vexo obrigado a repetir a pregunta. Se ten pra-

zos previstos para realizar ese trámites. Tamén me pode contestar porque non me contestou. Se van cumprir as disposicións legais vixentes ao efecto. E por último, se este Plan MOVE, PDF, *power point* ou calquera outro formato, tanto analóxico como dixital, mantén algún tipo de vixencia ou podemos rachar con el e dedicarnos todos a outra cousa: vostedes a elaborar un plan viable, e nós a facer o control parlamentario da execución dese plan, viable ou non.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra, para a réplica, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Bueno, acúsame vostede de rosario de incumprimentos, pero rosario de incumprimentos ao mellor é o Pacto do Obradoiro asinado polo ministro José Blanco. (*Aplausos.*) Non me vou poñer aquí a redactar os incumprimentos do ano 2012, 2014, 2015. Eu non dixen que fora responsable o señor Zapatero da crise económica, ao mellor é responsable de non recoñecela. Non dixen iso. Dixen que a autovía da Costa da Morte non está no *power point*, está feita. A autovía de Ferrol-Vilalba non está no *power point*, está feita. Entón estou falando de autovías feitas, de 210 quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe feitas na maior época de crise económica; foi o que dixen. Polo tanto, non son planos, non son PDF, senón que son autovías feitas.

En calquera caso, a min gústame que diga que lle gusta que falemos de competencias da Xunta de Galicia. Eu creo que que agora digan que van preguntar de agora en adiante por temas de competencia da miña consellería é unha bonita forma de recoñecer que non se atreven a falar do Estado. Polo tanto, si que é unha bonita forma de trasladar que agora non procede falar do Estado. Antes procedía moitísimo falar do Estado, agora non procede e vimos falar da Xunta de Galicia, Pero eu veño aquí encantada a falar das estradas, da planificación e das obras da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Eu non sei que está recriminando. En calquera caso, mantivemos o ritmo investidor similar e equivalente á época de vacas gordas. O modelo concesional foi utilizado por diferentes partidos políticos, o que pasa é que vostedes utilizaron o modelo concesional cando tiñan moitísimos cartos vía orzamentaria. ¡Oxalá tiveramos nós no ano 2011 —que xa dicía vostede que tiñamos douscentos e pico—, no 2012, 2013, 2014, catrocentos e pico millóns de euros como tiñan vostedes. Vostedes, con 400 millóns de euros, tiraron do modelo concesional, e iso, dende logo, para min non é boa xestión.

Cando hai máis de 400 millóns de euros, dende logo non é boa xestión tirar de hipotecas futuras e tamén tirar doutros mecanismos financeiros. Sabe vostede que a eses 1.000 millóns de euros hai que sumarlle 272 millóns de euros tamén por outros mecanismos financeiros para deixar a hipoteca, je o que veña despois que arree! Ese é o seu lema: «*yo invito y tu pagas*». Ese debe de ser o lema do Partido Socialista. O Partido Socialista invita e logo temos que vir nós pagar. (*Aplausos.*)



E outro exemplo, ¿é boa xestión asinar un convenio que obriga aos galegos a pagar 400 millóns de euros ata o final da concesión da AP-9, ese convenio ruinoso para Galicia e redondo para Audasa, que mesmo o propio Consello do Estado recoñeceu por escrito —e está aí— un enriquecemento inxusto de Audasa que asinou o Bipartito? Fomos nós os que rachamos ese convenio, ese enriquecemento inxusto para Audasa, e os galegos xa deixaron de pagar eses máis de 7 millóns de euros anuais —que eran 400 millóns de euros ata o final da concesión—, ese convenio ruinoso asinado polo Bipartito, redondo para Audasa e que rachamos nós. ¡Esa si que é xestión e velar polos intereses xerais! *(Aplausos.)*

Eu insisto, na peor crise económica, e non só con crise económica, tamén con buratos e hipotecas, incrementamos un 60 % as vías de altas prestacións libres de peaxe con menos cartos, e queremos sacarlle a máxima rendibilidade social e económica.

Fixemos un enorme sacrificio, aprendemos moito da xestión da crise económica, aprendemos moito de moitos problemas, moitos atrancos, moitos buratos e moitas hipotecas, e o que aprendemos é que as obras debemos facelas vía orzamentaria, por fases, e non con hipotecas, e facelas viables. Esa foi a premisa que nos levou tamén o ano 2015 —dixémolo sempre— a reformular, a reproxectar e a facer as infraestruturas viables, porque o certo é que o pagamos todos, págano todos os galegos. Esa estratexia formulámola xa na autovía do Morrazo, e na autovía do Morrazo, con esa estratexia, están xa 7 quilómetros en servizo, e o ano que vén poñeremos en servizo o terceiro treito.

Con esa mesma premisa estamos coa conversión en autovía da vía de altas prestacións Nardela-Sarria, da que mañá falaremos tamén polo miúdo. Ou tamén a conversión en autovía da de Brión-Noia, que estamos co proxecto; ou a continuación da autovía Santiago-A Estrada, na que hoxe mesmo demos un paso importante nas expropiacións.

En calquera caso, é un paradoxo, por exemplo, que queremos facer a vía Ártabra e non nos deixan conectar coa AP-9. Vostede vén aquí pedir máis investimentos e non nos deixan investir nunha obra de 35 millóns de euros.

En calquera caso, traballo, esforzo, infraestruturas feitas que están no territorio incrementando un 67 % as vías de altas prestacións libres de peaxe; máis de 200 quilómetros en servizo libres de peaxe.


Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e tres minutos da tarde.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25